


PRÓLOGO ANDRÉS TORRES QUEIRUGA
TRADUCCIÓN HELENA DE CARLOS



TOMÁS MORO
UTOPÍA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDAÇÃO BBVA

UTOPIÍA

CLÁSICOS DO
PENSAMENTO UNIVERSAL

NÚM. 17

Colección dirixida por

DARÍO VILLANUEVA

Comité Científico

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

Facultade de Filosofía

LUIS CONCHEIRO CARRO

Facultade de Medicina

RAMÓN MÁIZ SUÁREZ

Facultade de Ciencias Políticas

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

Facultade de Filoloxía

JOSÉ SORDO RODRÍGUEZ

Facultade de Farmacia

PRÓLOGO ANDRÉS TORRES QUEIRUGA
TRADUCCIÓN HELENA DE CARLOS

TOMÁS MORO
UTOPIÍA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDACION BBVA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>

This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© DA PRESENTE EDICIÓN
Universidade de Santiago de Compostela, 2011
Fundación BBVA, 2011

DESEÑO DA COLECCIÓN
Barro, Salgado, Santana [Grupo Revisión Deseño]

MAQUETACIÓN
Imprenta Universitaria

EDICIÓN TÉCNICA
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
www.usc.es/publicacions

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/pu.2022.19>

ÍNDICE

- 9 PRÓLOGO
por Andrés Torres Queiruga
- 9 **Vida e circunstancia**
- 9 Tres retratos
- 15 *Vir omnium horarum*
- 20 A figura de Moro no «conflito das interpretacións»
- 25 O humor de Tomás Moro
- 31 **A Utopía**
- 32 *A Utopía* no seu contexto orixinario
- 32 O gozo do utópico
- 38 A punta da crítica
- 41 A chamada da ilusión
- 44 *Utopía* e realidade
- 50 *A Utopía* na historia
- 52 **Cronografía**
- 54 **Bibliografía**
- 57 UTOPIÁ
Tradución de Helena de Carlos
- 59 **Nota da tradutora**
- 63 ERASMO DE ROTTERDAM SAÚDA AO SEU
QUERIDÍSIMO COMPADRE XOÁN FROBEN

- 64 GUILLERMO BUDÉ SAÚDA A TOMÁS LUPSET
DE INGLATERRA
- 71 PEDRO GILES DE ANVERES SAÚDA
AO ILUSTRÍSIMO SEÑOR XEROME DE
BUSLEYDEN, PREBOSTE DE AIRE, E
CONSELLEIRO DO CATÓLICO REI CARLOS
- 74 TOMÁS MORO SAÚDA A PEDRO GILES
- 78 XEROME DE BUSLEYDEN SAÚDA A TOMÁS
MORO
- 82 TOMÁS MORO SAÚDA CORDIALMENTE AO
SEU AMIGO PEDRO GILES
- 85 PRIMEIRO LIBRO
- 125 LIBRO SEGUNDO
- 128 SOBRE AS CIDADES, E NOMEADAMENTE
SOBRE AMAUROT
- 131 SOBRE OS MAXISTRADOS
- 132 SOBRE AS ARTES
- 137 SOBRE O TRATO ENTRE ELES
- 143 SOBRE AS VIAXES DOS UTOPENSES
- 165 SOBRE OS ESCRAVOS
- 174 SOBRE OS ASUNTOS MILITARES
- 184 DAS RELIXIÓNS DOS UTOPENSES

PRÓLOGO

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

Se Tomás Moro non morrese decapitado na Torre de Londres, non pasaría á historia dos feitos. Se non escribise ese libro extraño chamado *Utopía*, non pasaría á historia das letras. Vida e obra están nel indisolublemente unidas, e a *Utopía* constitúe un elo moi íntimo na unión. Contextualizala na vida resulta indispensable para a súa comprensión. De aí a división deste prólogo introdutorio. O contexto vital formará a primeira parte. Achegar á comprensión do significado da obra será obxecto da segunda. Convirá ter en conta que, máis que nas informacións de detalle, o tratamento concentrarase no esforzo por esclarecer o sentido fondo da persoa e da obra. Para quen, lectora ou lector, se interese polos detalles, a cronografía e a sucinta bibliografía postas no remate ofrecen unha orientación fundamental.

Vida e circunstancia

Para o coñecemento de Tomás Moro (*Thomas More*, *Thomas Morus*) contamos con tres retratos verdadeiramente históricos, temos unha definición que o caracteriza e foi publicitada por un filme que a fixo popular, e, finalmente, dispomos dunha ampla serie de interpretacións, non sempre unánimes.

Tres retratos

Dos retratos o máis coñecido é o famoso cadro pintado por Hans Holbein, o *Mozo*. Fora protexido por Moro, que o hospedou na súa casa. Fixo cadros e debuxos del e da numerosa familia. O máis coñecido é o que se conserva nesa pequena alfaia museística que é a Frick Collection de New York. Moro aparece adornado coa impresionante cadea de Lord Chancellor, pero non é ela a que preocupa ao retratado nin a que prende a

vista do espectador. É o rostro, ollando cara adiante, decidido, con atención intensa e preocupada. Un rostro honesto e sincero, cheo de interioridade ao tempo que volto sobre a realidade: olla para dentro ou para o futuro.

O segundo retrato é literario, non tan coñecido polo público xeral, pero non menos valioso. Vén de Erasmo de Rotterdam, nunha longa carta a Ulrich von Hutten (23 de xullo de 1519)¹, un humanista alemán, algo atrabiliario, que, entusiasmado pola lectura das obras, pídelle que lle «pinte un retrato de Moro de corpo enteiro». O grande humanista faino longamente, con ollada aguda e corazón xeneroso. Á parte de certos tópicos tipicamente humanistas, o resultado é dunha veracidade indiscutible. Erasmo describe con miúda precisión en letra o que o pintor mostrara co pincel.

Acerca de Moro, que «non é nin alto nin tampouco notoriamente baixo», aprendemos, entre outras cousas, a palidez da pel, que —nota da posible timidez, trazo abondo típico nos humanistas— en ocasións «se pon colorado de maneira delicada por todas partes»; e non oculta —advertindo a tempo que «non hai ningunha outra imperfección»— un certo desequilibrio no ombro dereito, máis alto có esquerdo. Mesmo, falando da saúde, fai unha observación que, vista desde atrás, non deixa de ter algo de trágico: «a expectativa é dunha vida longa, porque o seu pai vive aínda en idade moi avanzada, pero asombrosamente activo e cheo de vigor para os seus anos».

Pero no que insiste é, claro está, na etopea moral. Alegre e afable, ao tempo que humorista e burlón. De paso aprendemos que foi Moro quen o convenceu para escribir o *Eloxio da loucura* (aproveita para subliñar as súas dotes de convicción:

¹ Pode lerse en *Un hombre para todas las horas. La correspondencia de Tomás Moro (1499-1534)*. Selección, tradución, introdución e notas de Álvaro de Silva, Madrid 1998, 141-153; desta excelente edición (como farei coas outras do autor) tomo as referencias concretas: para non recargar o texto, non sempre sinalarei as páxinas. Erasmo reproduce dalgún modo o retrato nunha carta a G. Budé (*Ibid.*, 204-211).



Moro por Holbein (Frick Collection, New York)

«si, pode facer bailar incluso un camelo»). Frugal na comida e sinxelo no vestir, nin se deixa dominar pola opinión pública nin seducir pola riqueza e a fama. Insubornable: «Ninguén xulgou máis casos e ninguén se portou con máis integridade». De feito, o propio Moro en carta ao xenro William Roper chega a dicirlle: «Se as partes me piden xustiza e nun lado estivese o meu pai e no outro o demoño e se a causa deste fose boa, entón faríalle xustiza ao demoño»².

De profundo espírito relixioso, tanto a súa vida como a súa obra resultan incomprendibles sen o ter en conta. Moro pensou seriamente en se facer cartuxo, e con eles viviu nos tempos de estudante en Londres. Erasmo —sacerdote célibe el e con seguridade por confianza de Moro— conta con limpa claridade que se non entrou na orde foi porque «non se podía desfacer do desexo de casar; e en consecuencia preferiu ser un marido temeroso de Deus antes ca un sacerdote lascivo». Visto desde as derivas na historia da espiritualidade cristiá foi unha decisión de fondo significado: Moro fixo así moi patente unha dimensión do humanismo, que tende a ficar escurecida por certas inercias da conciencia cultural, e sobre todo, porque a afogaron no berce as resistencias do papado, os excesos da controversia e a intransixencia dos inquisidores.

Sen negar os límites, entón dificilmente evitables, el foi de corpo enteiro un cristián humanista, un laico fonda e consequentemente relixioso tanto na vida familiar como na actividade pública, un home de acción que cultivou a oración e a ascese, un crente que estudou teoloxía de xeito que a súa fe estaba ao nivel da súa cultura e puido tomar con autoridade parte nas controversias teolóxicas do seu tempo. Erasmo non deixa de o percibir: «E hai quen pensa que só se encontran cristiáns nos

² William Roper, *The Life of Sir Thomas More*; tradución castelá: *La vida de Sir Tomás Moro*, edición de Álvaro de Silva, Pamplona 2001. O texto inglés, que usarei, pode verse en Modern History Sourcebook: <http://www.fordham.edu/halsall/mod/16Croper-more.html>.

Motix encomium Erasmi Roterojami
declamatio.
εὐρ ταῖς μουσαῖς

καὶ τῶν τέχνην.



εὐρ ἀρνύει καὶ Χείρα κίβη

τῶν τέχνην εὐρταῖς

Moro convenceu a Erasmo para que escribise o seu *Eloxio da loucura* (publicado nesta mesma colección). Portada da edición *princeps* (París, Gilles de Gourmont, 1511)

mosteiros!». Aquí radica o significado máis auténtico da súa proclamación como santo da Igrexa católica en 1935.

Todo isto complétase co que cabe considerar o terceiro retrato: a biografía escrita polo seu xenro William Roper. Casado, non sen certo desgusto inicial do sogro, con Margarita, era un rapaz apaixonado e directo: aberto ás novas ideas, convértese ao luteranismo, pondo a proba a paciencia de Moro, que durante tempo non o logra convencer malia a súa aguda e formidable dialéctica. E non deixa de sorprenden a exemplar reacción do sogro neste punto para el supremamente sensible, por o afectar na fe e no máis íntimo da familia: «Discutín longo tempo co teu esposo —dille a Margarita—; razoei e discutín con el sobre eses puntos da relixión e mesmo lle dei o meu pobre consello de pai, pero comprendo que nada disto o pode traer ao rego e, polo tanto, non discutirei nin disputarei con el, senón que o pasarei por alto e pedireille a Deus vida para rezar por el»³.

Convén recordar esta cita á hora de facer unha hermenéutica xusta do punto máis discutido, e discutible, da vida de Moro: a súa conduta na persecución da herexía. Roper, volto ao catolicismo, pagou con medras o cariño e a paciencia do sogro, escribindo a biografía: nela non oculta nin o afecto nin a admiración, pero a peripecia biográfica constitúe unha garantía da veracidade nas noticias e da honestidade nas apreciacións. Cousa importante, porque a el remontan moitos dos ditos e gran parte das anécdotas que de xeito máis vivo e impresionante marcan a vida de Moro no imaxinario cultural.

Para quen queira entrar na súa intimidade, o libro —aínda que o estilo literario non sexa o seu forte— merece, e case esixe, ser lido con aberta e xenerosa atención. Sobre todo, para percibir a intensidade da vida familiar, que descobre unha humanidade riquísima, onde o cariño do marido e do pai, cheo de xovialidade e de humor, se une co novo espírito humanista,

³ Cit. por A. Kenny, *Tomás Moro*, México 1987, 73.

aberto a todas as manifestacións da cultura e moi consciente da importancia da educación. Nesta inclúe a muller e as fillas, cunha intensidade que, malia inevitables restos de patriarcalismo, converte a Moro nun claro adiantado do dereito da muller á cultura: de feito, a súa filla, cuxa formación precoz e madurez encheron de admiración a Erasmo, acabou sendo a máis íntima e constante confidente dos seus momentos derradeiros.

Vir omnium horarum

«Home de todas as horas», ou «para todo momento» ou «para toda circunstancia»... Falar aquí de definición só se pode tomar, claro está, *cum mica salis*. Pero a expresión apunta certaíra ao cerne desta figura, poliédrica en si mesma e intensamente entretexida nos avatares sociais, políticos e culturais do seu tempo.

A situación insular, só interrompida por breves saídas, non impediu que Moro se convertese en figura universal. Non só dialoga con case todos os grandes humanistas do seu tempo, Luis Vives incluído⁴, aos que sabe admirar e polos que é admirado sen reservas, senón que inflúe de maneira decisiva na movida e complicada política do seu país; e, desde ela, entra —sempre como un verdadeiro *defensor pacis*— nos asuntos internacionais. Chegou incluso, no curso dalgunha negociación, a coincidir con Carlos V e mesmo pronunciou en Londres (1522) un «elocuente discurso de recepción»⁵. Por certo, cando polo embaixador soubo da execución de Moro, o emperador exclamou que preferiría perder «a mellor cidade dos nosos dominios ca un conselleiro tan valioso».

A «definición» fíxose famosa sobre todo porque a puxo na carta dedicatoria do *Eloxio da loucura*: «es tan afable e amable

⁴ Cf., por ex., a carta a Erasmo, 26 maio, 152, en: *Un hombre para todas las horas*, cit. 192-196, coa excelente nota do editor, 192.

⁵ Cf. P. Ackroyd, *Tomás Moro*, Barcelona 2003, 312-313 e 324.

que podes desempeñar con todos, e encántache facelo, o papel dun home para todas as horas»⁶. O grande holandés non se refire só á presenza pública —algo evidente—, senón tamén á densa e cálida rede das relacións persoais que Moro foi tecendo cunha «increíble» (é adxectivo seu) simpatía, afabilidade e xenerosidade no trato.

Non faltou, así e todo, quen, pensando nas sutís ambigüidades nas que era mestre, pensase que Erasmo podía insinuar tamén un significado negativo: de persoa acomodaticia que pregase por comenencia as súas velas ao vento das circunstancias. Algo que resulta de todo inverosímil non só polo mesmo ton entrañable na dedicatoria como pola nunca desmentida amizade. Aceptar esa torta apreciación equivalería a confundir a sabedoría realista do político hábil e do xurista intelixente pero incorruptible co aproveitamento egoísta da propia posición. Sería, polo demais, radicalmente inxusta cunha persoa cuxa rectitude foi unanimemente recoñecida e só posta en dúbida polas baixas calumnias —sobradamente refutadas— coas que o intentaron acusar durante o non menos baixo xuízo final. Dar creto a esa interpretación sería dalgún modo sumarse á terrible inxustiza do veredicto, que marca un dos puntos máis baixos dun período turbio, atormentado e violento.

En todo caso, e creo que por fortuna, a visión positiva foi transmitida ao gran público por un filme dirixido en 1966 por Fred Zinnemann: *A Man for All Seasons*, traducido en España: *Un hombre para la eternidad*⁷. O filme apoiábase na obra que en 1960 e co mesmo título publicara Robert Bolt, quen colabora persoalmente na produción. Bolt proclama a Moro como campión da fidelidade á propia identidade e á propia conciencia. Exprésao de xeito magnífico nun diálogo de Moro coa filla:

⁶ Pode verse en *Un hombre para todas las horas*, cit., 53. Úsaa tamén na citada carta a U. von Hutten e noutra a G. Budé (*Ibid.*, 208).

⁷ En Hispanoamérica: *Un hombre de dos reinos*. Cf. Th. Mac Govern, *Tomás Moro, un hombre para la eternidad*, Madrid 1984.



Moro estivo en contacto con case todos os grandes humanistas do seu tempo,
Luis Vives (1492-1540) incluído

«Cando un home presta xuramento, Meg, está mantendo o seu eu [*self*] nas súas propias mans. E se abre os seus dedos, entón xa non pode esperar volver encontrarse de novo a si mesmo».

Anthony Kenny critica como unilateral esta visión. Non nega a honestidade nin a rectitude nin que Moro sexa «home cun xuízo diamantino da súa propia persoa». Pero pensa que o filme acentúa, modernizándoa demasiado, a súa concepción da conciencia como «lexisladora autónoma», cando en realidade sería máis obxectivista, en canto a fundaría «na lei dada por Deus»⁸.


Creo que ningún dos dous carece enteiramente de razón e que, de certo, apuntan a un problema de fondo, de nada fácil solución. Creo tamén —e iso é o que aquí importa— que ter conta da situación histórica ofrece a mediación que permite unha comprensión máis apegada á realidade. Sería inxusto non ver, tal como propón Bolt, un trazo «moderno» na diamantina fidelidade de Moro, que, reconece Kenny, é a que lle confire fascinación permanente. E carecería de sentido histórico non percibir, con este, o nesgo clásico e medieval que supón a insistencia na remisión obxectiva da conciencia ao consenso universal da doutrina da Igrexa.

Por algo Moro, como todos os grandes humanistas, está «entre os tempos»: o Medievo aínda non pasou e a Modernidade aínda non se instalou. Insiste repetidamente na formación obxectiva: «para a instrución da miña conciencia sobre este asunto non ollei con lixeireza, senón que durante moitos anos o estudei e consultei»⁹. Pero na punta última da decisión, nin sequera conta a autoridade, para el sagrada, do gran bispo e amigo John Fisher, xunto con el encarcerado e decapitado. «A verdade é, miña filla, que non penso prender cun alfinete a miña alma ás

⁸ A. Kenny, *Tomás Moro*, México 1987, 124.

⁹ *Un hombre solo*, cit. 47; cf. 95 (véxase a bibliografía deste prólogo baixo Obras traducidas).

FROM THE CELEBRATED PRIZE-WINNING PLAY



COLUMBIA PICTURES' Presents FRED ZINNEMANN'S FILM OF
"A MAN FOR ALL SEASONS"

From the play by ROBERT BOLT

CO-STARRING WENDY HILLER · LEO MCKERN · ROBERT SHAW
ORSON WELLES · SUSANNAH YORK

and PAUL SCOFIELD as Thomas More

with NIGEL DAVENPORT · JOHN HURT and CORIN REDGRAVE

Made by GEORGES DELERUE · Executive Producer WILLIAM N. GRAF · Screenplay by ROBERT BOLT · Produced and Directed by FRED ZINNEMANN · TECHNICOLOR®

En 1966 Fred Zinnemann levou ao cine a vida de Moro

costas doutro home, nin sequera do mellor home que coñezo hoxe en vida, porque non sei a onde a podería levar»¹⁰.

Pero o que máis directamente interesa aquí é a luz que pode botar sobre a cuestión máis espiñenta: a da xusta interpretación da figura de Moro, sobre todo fronte ao gran problema da súa actuación na loita contra a herexía.

A figura de Moro no «conflito das interpretacións»

Se a Moro non lle tocasse ser chanceler cando a entrada do protestantismo en Inglaterra, a súa figura brillaría impoluta coma un facho de admiración unánime. Pero tocoulle e actuou. Parece xa seguro que foron seis os «herexes» queimados baixo o seu mandato. O home bo e xusto, amigo dos pobres e mesmo campión teórico da tolerancia, entraba así no mar bravo das controversias relixiosas. Para uns, un heroe; para outros, un tirano.

Hoxe as paixóns da loita confesional perderon a primitiva rudeza. Pero a figura do chanceler segue aínda entregada ao que Paul Ricoeur chamou o inevitable «conflito das interpretacións». Por fortuna, dispomos xa dunha perspectiva histórica que nos permite unha visión máis serena e equilibrada. A «elaboración do horizonte» onde se moveu Moro e unha intelixente atención ao filtro que representa a «distancia histórica» —para usar as categorías hermenéuticas de Gadamer— permiten unha realista «fusión de horizontes»: resulta posible unha interpretación xusta do que *entón* era comprensible, aínda que *hoxe* nos resulte duramente estraño e inadmisibile.

En poucas ocasións se fai tan precisa unha interpretación con sentido histórico, para fuxir tanto dunha «hermenéutica haxiográfica» que pretenda negar ou edulcorar o en si inxusto e inaceptable, como doutra que por veces teño a tentación de chamar «cacohermenéutica». Refírome así á que, sen ningún

¹⁰ *Un hombre solo*, cit. 53; cf. 52. Mágoa que, por medo á censura, se perdesen as cartas entre Moro e Fisher.

tipo de mediación, non só xulga o pasado con criterios actuais, senón que se comprace no negativo, nun afán destrutivo por manchar ou negar toda excelencia. Kant dixo cun realismo case brutal que hai no fondo da nosa alma algo que se alegra co dano do mellor amigo. Non me atrevo a pensar que sexa certo; pero si que cómpre precaverse contra certos instintos que ante o desafío do exemplo heroico se compracen en destruílo, sen a mínima empatía e poñendo implacablemente de relevo os defectos¹¹.

Desde logo, cómpre empezar advertindo que *comprender* non equivale a *xustificar*. E despois, non ocultar a repugnancia e o arrepió que produce pensar que, en nome dunha fe que mandaba incluso amar os inimigos, se puidesen condenar persoas á pavorosa morte da fogueira. Moro fíxoo. O problema está en medir o significado, visto desde a súa función e naquel tempo. Paul Ricoeur fala nalgũa ocasión de que non todo resulta sempre pensable, pois cada época conta soamente cun preciso «croyable disponible», é dicir, que dispón dun repertorio de capacidades de crer ou pensar que mesmo a grandes xenios lles impide ver cousas que máis tarde nos resultan evidentes ou xustificar outras que parecen impensables: abonde lembrar o que Platón ou Aristóteles pensaron e defenderon acerca da escravitude.

Moro foi campión non só do dereito á propia *conciencia* senón do respecto á conciencia dos demais. Insiste ata o final: «n[on] me entremeto na conciencia de ningún outro home que pense ou di que pensa de modo contrario ao meu»¹². Máis aínda, repetiu que non se pode forzar a fe. A cuestión grave para el eran os *herexes*. Por dous motivos principais. O primeiro: por estraño que —hoxe— nos pareza, a tradición, incluído o sereno e equilibrado Tomás de Aquino, vía clara a liberdade para os non cristiáns (pagáns, xudeus ou musulmáns), pero non así para os herexes. Apoiábanse en que estes no só rompían o compromiso da súa

¹¹ Como mostra abondo estremada, pode citarse o traballo de James Woods, «Sir Thomas More: A Man for One Season», en: *Id.*, *The Broken Estate: Essays on Literature and Belief*, New York 1999, 3-15.

¹² *Un hombre solo*, cit., 61-62; cf. 83. 85.

fe, senón que corrompían desde dentro a dos demais: «porque é moito máis grave corromper a fe, pola que vive a alma, ca falsificar a moeda, pola que se remedia a vida temporal. De onde segue que se os falsificadores de moeda, ou outros malfeitores, son entregados inmediatamente á morte polos príncipes seculares, con moita máis razón os herexes, en canto son convencidos de herexía, poidan non só ser excomungados senón tamén ser xustamente executados»¹³.

Horrible, pero así o vían e así o recibiu Moro, quen —segundo motivo— tiña a responsabilidade de preservar o reino dos que consideraba terribles males da herexía¹⁴. Vía eses males como unha ameaza con caracteres verdadeiramente apocalípticos, ata lle escribir a Erasmo que «o propio futuro do mundo estaba en perigo»¹⁵. Sábese que o seu interese era a conversión mediante o diálogo e —recórdese a actitude co seu xenro— mesmo cabe pensar que esa sería a súa opinión persoal e o seu desexo privado: «Desexaría que todo o mundo se puxese de acordo para erradicar a violencia e a compulsión de todas partes, cristiás e pagás, e que ningún home fose obrigado a crer senón aquilo que lle inspirasen a graza, a sabedoría e as boas accións, e que quen desexase ir con Deus, seguise adiante no nome de Deus e que quen vaia co diabo, que o diabo mesmo o acompañe»¹⁶. De feito, contra os usos normais do tempo, refutou expresamente as acusacións de tortura, xurando ante Deus —*as helpe me God*— que nunca a usara como método de interrogatorio¹⁷.

¹³ *Summa Theologica* II-II, q. 11, a. 3, in c.

¹⁴ Ver sobre este asunto a síntese que fai A. Kenny, *O. c.*, cap. IV, 70-84. No seu *Diálogo sobre as herexías*, impreso en 1529 e revisado en 1531, aparece: «[Os príncipes] están profundamente obrigados a non deixar que a súa xente sexa seducida e corrompida por herexes, xa que o perigo se volverá igualmente grande nun curto prazo para as almas dos homes afastados de Deus, e os seus bens e os seus corpos perdidos, destruídos pola sedición común, a insurrección e a guerra aberta nas entrañas da súa propia terra» (*Ibid.* 83).

¹⁵ Cf. P. Ackroyd, *O. c.*, 427; cf. 411-444.

¹⁶ Cit. por Kenny, *Ibid.*, 81.

¹⁷ Tomo o dato de P. Ackroyd, *O. c.*, 427, que comenta: «Non era un home que invocase a divindade en falso, e pódese crer que os herexes que el detivera e interrogara non sufriron nunca [...] nada alén dun puliño na fronte».



O actor británico Jeremy Northam na magnífica interpretación de Tomás Moro para a exitosa serie televisiva *The Tudors* (2007), creada por Michael Hirst

E pur... E, con todo, non cabe negar unha dolorosa espiña paulina na carne do santo ou, se queremos, unha dura calcificación do pasado que fai renxer as articulacións do humanista creador, en tantos puntos adiantado ao seu tempo. Toda interpretación de Moro, por cordial que sexa —e a miña non nega que o quere ser— deberá contar con esta anomalía e manter viva a pregunta acerca de se a conduta de Moro neste gravísimo tema non puido ter sido diferente. Explicable polo tempo non estivo demasiado sometida ao tempo? Por outro lado, recoñecido isto, sería inxusto non manter un equilibrio fundamental. Esa anomalía, hoxe obxectivamente inasimilable, non totaliza a súa vida, chea de xustiza, de busca da paz e de amor ao próximo: «un dos seus máis temperáns biógrafos, Thomas Stapleton, describiu como Moro finalmente estableceu unha casa separada para os pobres, os enfermos e os vellos, que na súa ausencia supervisaba a súa filla Margaret»¹⁸.

E, sobre todo, atendendo á súa vivencia subxectiva, resulta honestamente imposible non ver que para el se tratou do que a tradición chama un *error invincibilis*, unha equivocación que lle resultou insuperable. A fidelidade á conciencia —xa queda dito— marca ata o final a súa traxectoria. Segue a ser famosa, por emblemática, a súa afirmación de que nin sequera a fidelidade ao rei o podía apartar dela, a pesar de que sabía ben que lle ía custar a vida: «Morro como un bo servidor do rei, pero primeiro de Deus»¹⁹.

Por outro lado, o enteiro curso da súa vida, e dun xeito irrefutable o tramo final, mostra e demostra un home integrado, plenamente reconciliado consigo e cos demais, que morre sen odio a ninguén, incluídos inimigos retortos e encarnizados.

¹⁸ P. Ackroyd, *O. c.*, 370.

¹⁹ «I die the king's good servant and God's first». A frase terá un coñecido paralelo, no plano estritamente relixioso, noutro gran campión da conciencia, o cardeal Newman, na famosa *Carta ao duque de Norfolk*: «Se me vise obrigado a traer un asunto de relixión a un brindé despois de cear, cousa que non parece ser o mellor, brindaría polo papa, se vostede o desexa, pero primeiro brindaría pola conciencia e despois polo papa» (cit. por I. Kerr, *John Henry Newman. Una biografía*, Madrid 2010, 694; cf. 692-694).

Dende logo, asombra e conmove ollar a increíble serenidade coa que logra vivir o seu tráxico final (e foi, por certo, pena que Shakespeare non chegara a escribir a traxedia na que segundo algunhas noticias parece que pensou). Como con acerto sinala André Prévost, que fai un dos estudos mellor contextualizados e máis profundamente comprensivos de Moro, «abonda con ler as cartas e as obras escritas na prisión, para comprender que é imposible encontrar o menor trazo de parecido» coas «caricaturas e retratos» que del fixeron algúns²⁰. E concretará aínda, con sensible acerto: «Lendo as derradeiras páxinas escritas por Moro, un séntese máis home»²¹.

Moro sería moito máis tarde (1935) canonizado polo papa de Roma, pero non foi un santo de cartón pedra, senón un cristián de carne e óso, con virtudes heroicas, pero tamén cos grandes defectos dun carácter xeniuado e imperioso, por veces altivo, con atrevementos lingüísticos, que nas bromas podía chegar ao procaz e escatolóxico, e que na furia das refutacións polémicas non quedaba sempre por detrás de Lutero na descualificación brutal e nos exabruptos non facilmente reproducibles. Pero iso é xustamente o que o fai máis real e verdadeiro, o que lle dá credibilidade e fai exemplar a súa vida.

A iso pertencen tamén as tan coñecidas anécdotas que envolveron a súa morte. Aludilas, aínda que non deixe de resultar paradoxal dada a súa tráxica seriedade —*lucus a non lucendo!*—, permite agora abordar o tema do humor en Moro. Tema decisivo para completar a súa comprensión, e, desde logo, indispensable para unha introdución no fascinante mundo da *Utopía*.

O humor de Tomás Moro

Para moitas persoas o humor é acaso o trazo máis coñecido do carácter de Moro, sobre todo, polas anécdotas finais, pois ninguén deixa de quedar profundamente impresionado de que o

²⁰ O. c., 396.

²¹ *Ibid.*, 401; paga a pena ler todo o capítulo final, 389-409.

conservase incluso nos terribles momentos derradeiros. Por fortuna, este feito apunta por si mesmo a que estamos ante algo de moi profunda seriedade e, polo mesmo, debe alertar fronte ao perigo de interpretar ese humor como pura ou superficial comicidade.

É magoa que Celestino Fernández de la Vega non dedicase a Moro un capítulo no seu magnífico *O segredo do humor*²². Porque un dos principais propósitos do libro consiste xustamente en mostrar a fonda «seriedade» do humor, situándoo nunha sutil e difícil equidistancia tanto da comedia, coa que demasiadas veces se confunde, como da traxedia, coa que poucos pensan en relacionalo. Comedia e traxedia, di o autor, remiten a situacións humanas que rompen de tal xeito a lóxica ou as expectativas, que impiden toda saída sensata. Por iso provocan a risa ou o pranto, que xustamente «aparecen alí onde non sabemos que facer nin que dicir».

O humor, en cambio, é máis complexo, pois obriga a unha distancia capaz de relativizar a situación para non se sentir perdido ante ela. Permite encontrar a saída, sen se entregar nin á risa nin ao pranto, porque aló no fondo descobre sempre o lado cómico do trágico e o lado trágico do cómico: «Para non sucumbir á dor non hai nada mellor que rirse dela, que buscarlle un nesgo risíbel; para non enlamarase na risa non hai cousa mellor que buscarlle o lado triste, que suscita a compaixón e a piedade; ao responder a unha situación conflitiva, antes de nos entregarmos á desesperación trágica ou á despreocupación cómica, debémonos esforzar por manter a serenidade»²³.

Curiosamente, insiste en que por iso ante as situacións sen saída o humor consiste na capacidade de «non perder a cabeza». Digo curiosamente porque esta idea evoca de modo literal —aínda que *ao contrario*— unha das afirmacións máis entrañablemente xeniais de Moro: «Un home pode perder a súa

²² A 1ª edición foi publicada en Galaxia, Vigo 1963.

²³ O. c., 82 (normativizo a cita).



Moro e a súa familia. Retrato de Rowland Lockey (1592),
copia dun de Holbein (Priorado de Nostell, Inglaterra)

cabeza sen sufrir ningún dano»²⁴. Coñecendo as circunstancias, a alusión é terrible e, con todo, resulta estrañamente serena: humor na máis alta manifestación.

Todo indica que C. F. de la Vega non coñecía a frase, porque dificilmente podería encontrar outra que illustre de xeito tan decisivo a súa teoría, ao tempo que esta nos axuda a comprender mellor o significado auténtico daquela. O autor galego insiste en que o humor é un fenómeno estritamente moderno, que, en rigor, empezaría con Cervantes. Seguramente é verdade, se o tomamos como concepto depurado nunha rigorosa historia das ideas. Pero, igual ca noutros temas, ese desequilibrio cronolóxico desvela a peculiar situación do chanceler inglés, que —igual que fixo coa *Utopía*—, sen romper de todo os límites do propio tempo, abre con forza novas e importantes perspectivas sobre o que estaba chegando.

Na vida de Moro abundan os trazos que non superan a comicidade: eran célebres as súas bromas, as súas ironías... e por veces os seus sarcasmos. El mesmo, cando xa o tempo non estaba para bromas, escribe na Torre: «Como sabes, sobriño, eu mesmo por temperamento son dado en exceso á festa e á diversión [*gigglot*], e oxalá puidese emendar a miña falta coa mesma facilidade coa que a coñezo; mais apenas a podo refrear, vello tolo [*fool*] que son»²⁵.

²⁴ Aparece na citada carta de Margaret a Alice Alington (*Un hombre solo*, cit., 73). Reaparece aínda, nun texto conmovedor, en carta a Margaret do mesmo ano 1534: «E ao lles dar voltas na miña cabeza a todos eses asuntos, filla miña querida, atopeime a min mesmo (que Deus se apiade de min) moi sensual e á miña carne fuxindo covarde da dor e da morte moito máis do que me parecía propio nun fiel home cristián, nun caso como o que a miña conciencia me puña: que para salvar o corpo debería sufrir a perda da alma. Con todo, canto teño que agradecer a Deus que nese conflito o Espírito ao final se fixo amo, e a razón con axuda da fe chegou finalmente e concluíu que ser inxustamente matado por obrar ben (como estou moi seguro que fago ao rexeitar xurar contra a miña propia conciencia, sendo tal que non estou obrigado a cambiar baixo perigo da miña alma, veña a morte sen lei ou so a cor dunha lei) é un caso no que un home pode perder a súa cabeza e aínda así non sufrir dano algún, e en lugar de dano un ben inestimable de man de Deus» (*O. c.*, 77).

²⁵ *Dialogue of Comfort Against Tribulation* I, 1: uso a trad. castelá: *Diálogo de la Fortaleza contra la Tribulación*, Madrid 1988, 119-120. Remite tamén a este texto, citándoo en inglés, A. Prévost, *O. c.*, 381, nota 38.

Pero sería malentender todo pensar que se tratou dun humor fácil, ignorando a presenza do outro lado: o abismo escuro do medo e da angustia, que por veces parece ter chegado ao delirio. As confidencias e os escritos da prisión permiten albiscar o abisal que tivo que ser para el aquela longa «noite escura», nunha prisión con muros de «dous ou tres metros» de grosor e, por diante, a imaxe dunha morte posiblemente espantosa (ser arrastrado, colgado e descuartizado vivo era o normal para os condenados por traizón).

Moro non era un inconsciente nin se sentía forte. Está claro nas cartas á filla, como a que acabo de citar en nota. E diralle aínda: «de verdade, Meg, non podes ter un corazón máis desmaiadizo có que ten o teu fráxil pai»; recoñece que é «dun natural tan inimigo da dor que case me asusta unha picada»; e acaba falando das «agonías que tiven, as cales antes de vir aquí (como xa che dixen antes) non foron poucas nin pequenas, co corazón apesado e cheo de medo, prevendo toda clase de perigos e de mortes espantosas, que por calquera tipo de posibilidade puidesen caer sobre min; e en tal pensamento pasei botando longo tempo, inquieto e en vela, mentres a miña muller cría que eu estaba durmido»²⁶. Neste sentido, Peter Ackroyd, a través dunha aguda análise do *Diálogo da Fortaleza contra a Tribulación*, o seu penúltimo escrito, chega a detectar un mundo alucinado e febril, cheo das evocacións dun inconsciente angustiado²⁷.

Para superar isto, acadando en tales circunstancias esa difícilísima realización humana que é o humor auténtico, era

²⁶ *Un hombre solo*, cit., 81-82.

²⁷ «Moro escribía tamén para disipar o seu propio medo desesperado ante a dor ou a tortura; encerrado nesa austera habitación, era consciente de todas as tentacións e falsas ilusións dunha mente inquieta» (O. c., 526). «Este traballo final está cheo de repentinas e talvez involuntarias alusións á propia situación restrinxida de Moro, con imaxes de 'unha pequena habitación estreita', 'unha chave fría', 'homes que saen do cárcere' e 'este val de bágoas'. É, á súa vez, un mundo febril, de 'enfermidades' e 'médicos', que inclúe o recordo dos seus propios 'ataques' na súa vida anterior, de sufrir vertixe sobre 'unha alta ponte' e 'dor de moas' e 'medicamentos' e 'boticarios'. Que é esta vida senón unha vasta cámara de mortais enfermos a quen vivía 'o gran médico Deus?'» (*Ibid.*, 527; cf. 524-528).

preciso un fundamento que, sen perder o sentido da realidade, escapando á evasión cómica ou á desesperación trágica, lle permitise relativizar a situación, integrándoa nun sentido superior. Moro non oculta ese fundamento: a súa fe e confianza en Deus. Móstrano as numerosas alusións, pero, sobre todo, hai unha frase conmovedora, que brilla de repente como unha estrela guieira no medio das escuras e dolorosas confidencias: «Nunca desconfiarei del, Meg»²⁸. En realidade, o escrito sobre *A agonía de Cristo*, como aparece no título máis completo —«Acerca da tristeza, o tedio, o pavor e a oración de Cristo antes da súa prisión»²⁹—, constitúe un impresionante reflexo do debate íntimo que alimentou a súa fidelidade inquebrantable.

Aínda así, e talvez por iso, non deixa de asombrar que xustamente nesta obra que nin sequera puido rematar é onde Moro fai a defensa máis clara, expresa e extensa do humor tamén no ámbito relixioso; faino nada menos que comentando a agonía de Cristo no Horto das Oliveiras³⁰. Creo que poucas veces na historia se logrou descubrir dun xeito tan radical as posibilidades dun humanismo cristián.

Humanismo porque o terrible dramatismo non anula o carácter lúdico do humor, como o revelan as coñecidas anécdotas. Subindo ao patíbulo, consérvao para lle dicir ao alguacil: «procure que chegue salvo arriba, que para baixar xa me arranxarei eu só». Ao verdugo, despois de o consolar e bicar tranquilizándoo, avísalle: «teño o pescozo curto; teña coidado, por tanto, de non cortar nesgado, non sexa que se manche o voso honor». Finalmente está a «non necesariamente apócrifa» petición de que non lle cortase a barba, porque lle crecera no cárcere e por tanto ela non desobedecera ao rei³¹.

²⁸ O texto merecería ser citado en toda a extensión; cf. *Un hombre solo*, cit., 64-65.

²⁹ *La agonía de Cristo*, Madrid 1999, ed. por A. de Silva, cunha excelente introdución.

³⁰ Faino comentando a frase —«contraditoria» para os que carecen de «humor»— de Xesús aos apóstolos: «Durmide xa e descansade. Basta. Levantádevos.» (O. c., 102-112).

³¹ Coa alusión «non necesariamente apócrifa», aludo á apreciación de P. Ackroyd, O. c. 572; cf. 563-573. Esta última non a conta o xenro William Roper.

Pero humanismo *cristián*, porque deixa ben ao descuberto que era na fe onde estaba a raíz última da súa firmeza. Cando o duque de Norfolk trata de o convencer de non se opor ao rei, pois iso implicaría a morte —*indignatio principis mors est*—, a resposta chega rápida: «É iso todo, Mylord? Hai de verdade máis diferenza entre min e a súa Graza cá de que eu morrerei hoxe e vostede mañá». Paralela, aínda que máis íntima, resulta a contestación á súa segunda muller, que lle chamaba «tolo» permanecendo alí, cando podía volver á súa preciosa casa: «Rógoche, boa Mrs. Alice, dime, dime una cousa. [...] Acaso non está esta casa tan cerca do ceo como a miña propia?»³². Talvez máis significativo, por conmovedoramente íntimo, vindo de quen vén, sexa o que lle confesa á súa filla nunha visita á prisión: «Deus converteume nun neno mimado, e sentoume no seu regazo e arroloume»³³.

Contar con esta nota tan orixinal e tan definitiva do seu carácter podería parecer apoloxético nun ambiente xa non unanimemente cristián. Pero resulta indispensable para nos achegarmos á comprensión da *Utopía*, a obra que a un tempo máis o caracteriza e que mellor reflicte as posibilidades do fondo e orixinal humor deste humanista pola súa cultura e mártir pola súa fe.

A *Utopía*

A *Utopía*, díxose moitas veces, é dalgún modo o propio Moro. E como o autor, o libro está tamén entregado ao conflito das interpretacións. Hainas de todo tipo. Desde anunciadora da

³² Conta as dúas W. Roper. O ton desenfadado de Moro (que nas cartas a Margaret fala da enorme pena que sente polos problemas da familia) intenta claramente tranquilizar no posible a súa muller; pero compréndese que esta acabe exclamando aludindo ao carácter bromista do marido: «Bone Deus, bone Deus, man, will this gear never be left?»; algo así como «Meu Deus, meu Deus, pero ¿este home nunca cambiará?».

³³ Cóntao W. Roper: «God maketh me a wanton, and setteth me on His lap and dandleth me».

revolución marxista, segundo Kautsky³⁴, ata reprodución ideal do cristianismo primitivo; exaltada por uns como crítica magnífica dos abusos sociais, hai quen a considerou «talvez un dos libros máis malvados que se teñan escrito nunca»³⁵. É claro que se precisa cautela e serenidade, sempre dispostos a recoñecer que seguirá sendo unha «obra aberta», cuxa maior grandeza non está en lograr unanimidades senón en «dar que pensar»... e buscar.

A Utopía no seu contexto orixinario

Os libros non teñen só o seu destino, senón tamén o seu camiño. E aquí os comezos son decisivos, por iso cómpre tomar nota de que *Utopía* foi escrita na primeira grande etapa de Moro, antes da polémica cos protestantes e antes do drama final, cando o humor tiña aínda moito de xogo xenial, capaz de se mover áxil entre as ilusionantes posibilidades dun humanismo en plena efervescencia e as duras realidades que se opuñan á renovación, cultural, política e relixiosa.

O gozo do utópico

A obra tivo un nacemento rápido, pero unha xestación longa. Aparece en 1515, aínda que seguirá con revisións e correccións ata a versión definitiva, en 1518. Todo indica que a idea nacera antes, en 1509, nun intercambio de ideas e ideais con Erasmo: este escribe rapidamente na casa do amigo o *Eloxio da loucura* (*Moriae encomium*). Na dedicatoria fai constar a súa débeda: «a idea inspirouma o teu apelido, tan parecido á palabra *moria* («loucura» en grego)». En pago, incita a Moro para que tamén el, máis metido nos avatares políticos, avive a imaxinación, fale dos novos ideais e poña en solfa os abusos.

³⁴ *Thomas More und seine Utopie*, Stuttgart 1888: non se pode ler a Moro sen o amar, di na Introducción (p. iii).

³⁵ John Ruskin, citado por P. Ackroyd, *O. c.*, 256-57.



The first Booke of
the communication of *Raphael*,
Hytbladay, concerning the best
state of a common-wealth.



He most victorious and triumphant King of England, Henry the eight of that name, in all royall vertues, a Prince most peerlesse, had of late in controuersie with Charles, the right high and mightie King of Castile, weightie matters, and of great importance. For the debatement and final determination wherof, the Kings Maiestie sent me Ambassadour into Flanders, ioyned in commission with Cuthbert Tunstall, a man doubtlesse out of comparison, and whom the Kings Maiestie of late, to the great reioysing of all men, did preferre to the office of Master of the Rolles.

Cuthbert
Tunstall's

But of this mans prayles I will say nothing, not because I do feare that small credence shalbe given to the testimonie that cometh out of a friends mouth: but because his vertue and learning be greater, and of more excellencie, then that I am able to praise them: and also in all places so famous and so perfectly wel known, that they neede not, nor sought not of me to bee praysed, unless I would seme to shewe and set forth the brightnesse of the sunne with a candle, as the Poouer be sayeth. There met vs at Bruges (for thus it was before agreed) they whom their Prince had for that matter appointed Commissioners: excellent men all. The chiefe and the head of them was

C

André Prévoſt³⁶ insiste na importancia deste proceso: nel aparece a primeira clave que non debe faltar en ningunha interpretación posterior. A *Utopía* é ante todo o fecundo xogo dun humor responsable, que se inspira nas amplas lecturas do pasado para poder criticar as graves eivas do presente, sorrindo e sen perder a compostura, dicindo sen dicir e afirmando mediante negacións (as famosas *lýtotes*). De aí o xenial invento do título, creando unha palabra que fará historia: *u-topía*, do grego *ou*, «non» e *topos*, «lugar»; é dicir, o lugar que non é lugar. Xogou con expresalo tamén en latín: *nusquam*, de *nusquam*, «en ningures». O título completo é: *De optimo reipublicae statu de que nova insula Utopia, libellus vere aureus nec minus salutaris quam festivus* («Acerca da mellor forma de goberno e a nova illa Utopía, libríño tan saudable como festivo»). Unha edición posterior acrecentará aínda: «...do distinguido e elocuente autor Tomás Moro, cidadán e shériff da moi nobre cidade de Londres».

E despois, toda unha festa de nomes que non son nomes: *Utopos*, rei de ningures; *Amaurato*, cidade da néboa, que se ve e non se ve, que é Londres, pois ten moitos parecidos, pero non é Londres, pois é imposible facelas coincidir; *Anydro*, río sen auga; *morósofos*, sabios parvos; *nefeloguetes*, nacidos das nubes; *macarenses*, os felices... Hoxe, nunha cultura que esqueceu o grego e o latín, poden por veces resultar escuros³⁷; pero para aqueles humanistas tiña que ser un gozo impagable. Guillermo Budé, o grande amigo francés, mesmo inventa un precioso e complementario nome da propia colleita: *Udepotía*, o país de «nunca xamais» (*udepote*, en grego). J. Churton Collins, un dos primeiros editores modernos, ten razón cando remata o seu prólogo indicando que estas cartas, tan conscientes do xogo irónico, «poden ser vistas case como unha parte da maquinaria da ficción»³⁸.

³⁶ O. c., 84-88.

³⁷ Por fortuna, con bo acordo, a tradutora vai indicando as etimoloxías correspondentes.

³⁸ *Sir Thomas More's Utopia*, Oxford 1904 (uso reimpresión de 1964), lii.

Para a xente do común a filloxía non era tan clara, pero abon-
daba a narración, chea dunha fantasía que enganchaba co novo
ambiente dos descubrimentos xeográficos e coas claras alusións
ás circunstancias e abusos do presente. Todo o fai asimilable e
con graza Rafael Hithlodeo, o narrador portugués, descubridor
de *Utopía*, compañeiro de Americo Vespucci, coñecedor do
grego e filósofo por libre (tamén o seu, outro nome que non é:
Rafael, «o anxo que cura»; pero *Hithlodeo*, que «fala moito sen
dicir nada»)³⁹. A trama non ofrece dificultades: o camiño, o en-
contro, a descrición son directamente comprensibles.

Igual có de Erasmo, tamén este libro nace fóra. Moro, de 37
anos, está nunha misión comercial en Flandes. Ten uns días
libres en Amberes, e alí, nun ambiente cosmopolita, con nave-
gantes que falaban dos novos paraísos das Américas, na casa do
humanista Pedro Giles (*Pieter Gillis, Petrus Aegidius*), escribe a
primeira redacción da que é a segunda parte do libro actual. De
volta en Londres, escribirá en 1516 o que hoxe é o primeiro libro,
cuxo manuscrito manda a Erasmo. As divisións secundarias da
obra son provisórias, irregulares e nada exactas; son anotacións
de Pedro Giles. Igual que sucedera con Erasmo, é moi probable
que o propósito de Moro fose revolver o ambiente, provocar o riso
ou o sorriso, deixando que o ridículo e a rexouba fixesen o seu
camiño, minando prexuizos e propiciando reformas.

Un primeiro nivel de interpretación debe buscarse aquí. A
mellor proba, ao tempo que a mellor clave, está xustamente
nas reaccións primeiras, no círculo dos amigos e eruditos. Por
iso fixo moi ben a tradutora en seguir a tradición de ofrecer
xunto co texto do libro as cartas comentarios (téñase en conta
que optou por non incluír a de Budé a Thomas Lupser). Nelas

³⁹ Aínda que, acaso non sen o seu punto de razón, Eugenio Imaz, *Utopías del Renacimiento. Moro-Campanella-Bacon*, México 1941, uso a ed. 1973, traduce: «hábil narra-
dor»... sempre a ambigüidade. Colin Starnes, *The New Republic. A Commentary on Book I of More's Utopia Showing its Relation to Plato's Republic*, Waterloo, Ontario 1990, 24,
insiste no seu paralelo co retrato de Sócrates e alude igualmente ao sutil xogo coa cultura
humanista (p. viii e 3).

brillan con toda frescura a chispa da alusión, o xogo de espellos entre o real e a fantasía, o realismo burlesco lamentando as preguntas que se esqueceron de lle facer a Hithlodeo: longura da ponte, situación da illa, dificultades non resoltas... Non faltaron os que, menos eruditos ou máis ignorantes, tomasen todo á letra. E seguro que Moro, desde a súa gloria, seguirá a observar con ollos algo burlóns algunhas das actuais preocupacións eruditas, sen excluír talvez as relativas á mesma existencia do narrador, acaso tan fantástico como moitas das noticias de Américo Vespucci, de quen se dicía compañeiro...

Quevedo déixao ver no agudo prólogo que lle escribiu, aínda que a maior distancia acentúa xa a nota crítica. Traduce pola súa conta o título: «No hay tal lugar»; e detecta o xogo do humor: «quien dice que se ha de hacer lo que nadie hace, a todos los reprehende»; e conclúe: «escribió poco, y dixo mucho»⁴⁰.

Aquí, nesta ampla indeterminación do primeiro e máis espontáneo propósito, nace a permanente fascinación do libro. Hoxe fáltannos certamente as ilusións e fantasías espertadas polos descubrimentos. Pero cando a obra se le coa «segunda inxenuidade» da verdadeira madurez crítica, seguen a resoar en todos nós as ilusións dos grandes «soños diúrnos» que nos habitan, onde o diñeiro non manda e todos somos iguais, onde os vellos e os enfermos están atendidos, onde as guerras apenas existen... e as que hai son fáciles de vencer, onde nos podemos rir dos vestidos, alfaias e ouropeis dos nobres e dos clérigos, onde o traballo non afoga e as familias son ordenadas e harmónicas (esquezamos o excesivo patriarcalismo), onde os gobernantes serven e non explotan... Xusto, a «utopía» agochada no máis fondo de todos nós, raíz das críticas máis xustas e das ilusións inacabables.

⁴⁰ O texto íntegro pode verse en: http://www.laeditorialvirtual.com.ar/Pages/Moro_Tomas/TomasMoro_Utopia.htm. Sobre a ocupación de Quevedo con Moro, cf. F. López Estrada, *Tomás Moro en España*, cit., 84-92.



Utopía. Gravado de autor desconhecido da primeira edição (Lovaina, 1516)

Moro era moi consciente da eficacia deste recurso. En carta a Pedro Giles exprésao con elegante exactitude nun auténtico *modus tollendo ponens*, digno do seu humor máis fino: «E non vou negar que se chego a decidir escribir verbo da república, e me viñera á mente un conto semellante, quizais non me afastaría moito desa ficción coa que a verdade, como bañada en mel, vai entrando suavemente nos espíritos».

Por esta razón e por algunha que aínda direi, mesmo me atrevería a aconsellar a quen se achegue por primeira vez a esta obra xerminial que siga a cronoloxía real da súa redacción, empezando a lectura polo libro segundo. Así poderá entregarse, sen demasiadas reservas, ao engado da narración directa e espontánea.

A punta da crítica

Pero Tomás Moro era realista, coñecía demasiado ben as complicacións dos funcionamentos político-sociais e estaba moi persoalmente preocupado por unha sociedade máis xusta no interior e máis pacífica no exterior, como para que o seu humor ficase en simple xogo intranscendente. Había nel unha lúcida ollada crítica e unha clara intención de reforma posible. Como se non quedase satisfeito coa aventura utópica ou temese que o irreal medrase ata afogar a referencia ao real, decidiu escribir un longo e moi meditado prólogo. Tan longo e tan meditado, que se converteu no que para nós chegou como o libro primeiro. De novo o humor: un prólogo que é un libro e un libro que son dous libros.

O resultado foi un espléndido *tour de force*, non só como recurso literario senón, e sobre todo, como complemento do discurso, que de modo indirecto pero eficaz pon en relevo inesquecible a intención crítica. De seu, o recurso engancha cunha experiencia moi común a todo autor que remata unha obra que intenta abrir camiños: por un lado, xorde case sempre a sensación de ter dito máis do que se pensara e, por outro, a seguridade de que quedou algo importante por dicir. O prólogo

pode entón resultar máis lúcido e maduro có propio texto. É ben coñecido o caso de Hegel na *Fenomenoloxía do Espírito*. Non sei se algunha vez se fixo esta aproximación, pero creo que como recurso o de Tomás Moro non é menos xenial; en calquera caso, constitúe un impagable pórtico hermenéutico para comprender a obra.

Literariamente, logra o case imposible: leva a Inglaterra un discurso que se fai en Flandes e permite participar en presente nun diálogo que tivo lugar no pasado. Hithlodeo fala agora, pero conta que xa estivera en Inglaterra, co cardeal John Morton, arcebispo de Canterbury, precisamente no pazo onde, protexido e educado, vivira Moro dos 12 aos 14 anos (1490-1492): «pareceume non só que regresaba á patria, senón tamén que tornaba á infancia dalgún xeito coa simpática lembranza daquel cardeal en cuxa aula fun instruído de neno». Expón os argumentos de entón, pero dá pé a ser interrogado e interpelado agora. Fantasía sobre Utopía, pero fai unha análise desapiadadamente realista de Inglaterra.

O primeiro libro, que é segundo, convértese así en clave fundamental para interpretar o segundo, que era primeiro. Porque agora, tamén para este, aparece en toda evidencia a durísima gravidade da situación e, en definitiva, a intención última da obra, que consiste no interese por lle buscar remedio. Cousa que comporta dúas graves cuestións⁴¹. Por un lado, ten arranxo a situación, é posible a sociedade xusta e pacífica, a sociedade perfecta? Por outro, o problema máis concreto: qué pode facer o filósofo, qué pode facer o humanista... qué pode facer Moro?

Esta segunda pregunta vén xa de Platón. El intentouno en Siracusa, tratando de axudar cos seus consellos de filósofo a realizar a sociedade ideal que pinta na *República*. O fracaso non invalidou sen máis a importancia da cuestión nin paralizou a

⁴¹ Para o que segue axudáronme moito as lúcidas reflexións de D. Herz, *Thomas Morus zur Einführung*, Hamburg 1999, 41-111.

súa reflexión, que continuou no *Político* e nas *Leis*⁴². Aquí ponse de novo, e Moro reparte as opinións entre os tres participantes no diálogo.

Rafael Hithlodeo opta decidido pola negativa: entrar nese rol complicaríalle a vida; os reis pensan na guerra e non escoitan os consellos do filósofo; os seus conselleiros son parasitas que só adulan para o propio proveito; ademais, os reis para escoitaren deberían ser verdadeiros filósofos, pero «non hai entre os príncipes lugar para a filosofía».

Pedro Giles vai pola afirmativa: coa túa sabedoría e experiencia «non só poderías guiar os demais tanto en privado como en público, senón tamén tornar máis feliz a túa mesma condición».

Moro é máis cauto, interroga, argúe, suxire: ser xeneroso é propio dun filósofo, e coa túa experiencia e o teu asesoramento poderías axudar moito a mellorar a sociedade, porque «do príncipe mana un torrente de todos os bens e de todos os males cara a todo o pobo, como dunha fonte que non cesa». E á obxección de que non hai lugar para a filosofía, contesta que non o hai para a escolástica (típico rexeite e mesmo burla dos humanistas), «pero existe outra filosofía máis humana [*civilior*] [...]. Esta é a que tes que usar».

De todos modos, o que confire dramatismo e transcendencia á discusión teórica é a durísima crítica da terrible situación social, legal e política nos primeiros tempos da monarquía dos Tudor. A ficción literaria permite falar sen tapadeiras. En puntos moi importantes, a análise resulta dunha modernidade sorprendente. Dous séculos antes de Beccaria critica a crueldade e desproporción do sistema de castigos, defendendo o carácter educador e insistindo na necesidade de eliminar o crime non o criminal. Co mesmo roubo hai que ser comprensivo: ao fin os ladróns son produto da cobiza dos ricos. Sobre todo vai á raíz buscando as cau-

⁴² Da íntima dialéctica que aquí se insinúa, di cousas interesantes E. Imaz, *O. c.*, 25-27. Para Platón, cf. a síntese de G. Sabine, *Historia de la teoría política*, México-Buenos Aires-Madrid 1945, 38-74.

sas na desigualdade social, nos sanguentos abusos dos nobres que poñen as terras ao servizo dos seus luxos, converténdooas en pasto para o gando lanar, levando a miseria e a morte para os labregos. Coa síntese xenial: as ovellas acaban comendo os homes⁴³. E sobre todo, vai á raíz última do mal, que sitúa na propiedade privada: «onde hai posesións particulares, onde todos o miden todo a partir dos cartos, alí dificilmente pode nunca acontecer que se actúe co estado dun xeito xusto ou próspero». Compréndese que esta visión suscitase o entusiasmo de Kautsky e lle gañase á *Utopía* o respecto da crítica marxista.

Pero non hai inxenuidade. Moro, o interlocutor, pon o contrapunto. Parécelle que «non se pode vivir axeitadamente alí onde todo é común», porque se perdería o estímulo do traballo e ademais desaparecería o respecto á autoridade. Na resposta de Hithlodeo salta clara a articulación fonda do libro: a solución está en Utopía: «Non me estraña que penses así, porque nin se che puxo diante ningunha imaxe desa cousa, ou a que se che puxo é falsa. Pero se chegas a estar en Utopía comigo e chegaras a ver cos teus mesmos ollos os seus costumes e institucións...». E Moro entra no xogo, abrindo a porta á ilusión: «Pois logo, querido Rafael, pídocho e suplicócho: descríbenos a illa. E non sexas breve, senón que podes estenderte nos agros, ríos, cidades, homes, costumes, institucións, leis e, en suma, en todo o que consideres que queiramos coñecer. Podes considerar, ademais, que queremos todo aquilo que aínda descoñecemos».

A chamada da ilusión

Os abusos e o desarranxo son evidentes. *Utopía* é a resposta... que non existe en ningunha parte, pero que é real na súa chamada e carga de enerxía as nosas saudades máis fondas. A

⁴³ «As vosas ovellas, que adoitan ser tan suaves e comeren tan pouco, agora (segundo contan) comezaron a ser tan voraces e indómitas que devoran os mesmos homes: devastan e asolan agros, casas, vilas.»

Utopía é a *eutopía* (en inglés soan igual: outra nota de humor?) que recolle en si a máis radical protesta contra a *distopía* real.

Creo que aquí reside a clave máis auténtica para interpretar o libro. Se non se ten en conta, xúlganse polo mesmo patrón as dúas partes, pasando por alto que a primeira está empedrada de argumentos duros e transparentes coma seixos, mentres que a segunda opera coa fluída materia dos soños e a fráxil consistencia dos desexos, apuntando direccións e tenteando camiños acaso posibles. Cómpre lembrar ademais que o libro está escrito antes da crise, é dicir, antes da dura polémica protestante vista por Moro como radical ameaza de anarquía, e antes tamén do crudelísimo choque final. Entón, como queda xa indicado, aínda era posible a inocencia do discurso simbólico: o xogo libre da utopía que debe ser xulgado conforme ás propias leis.

Tense, por exemplo, insistido a faltar nas contradicións de certas propostas da *Utopía* coas conviccións relixiosas de Moro. Tales, a admisión —aínda que coidadosamente delimitada— do divorcio e da eutanasia, e mesmo o tomar un claro hedonismo como principio ético. André Prévost trata de suavizar o contraste, mostrando con xenerosa sabedoría socio-histórica que, contra as aparencias, «Moro permanece fiel a sí mesmo»⁴⁴. Sen negar tal recurso, resulta máis sinxelo e esclarecedor ver nesas propostas a dinámica humanista dunha época que, descubriendo novas posibilidades humanas, exerce o gozo iniciático de as explorar. Teñen algo de «variacións imaxinativas» á busca husserliana da verdadeira «esencia» do social. En concreto, non resulta difícil percibir que nelas se anuncia a apertura a unha ética máis autónoma, apoiada nunha nova e nacente racionalidade, con propostas que, de feito, se impuxeron amplamente na cultura secular e que aínda hoxe dan que pensar para unha teoloxía que admite a autonomía da ética.

⁴⁴ O. c., 93-94; cf. 95-117.

De xeito parecido, convén examinar nesta dirección as propostas do goberno práctico. O que nelas aparece é a nova conciencia da autonomía do político. Polo mesmo tempo, aínda que non se coñecen, Maquiavelo móstrao no *Príncipe* (1513), pero faino mediante a disociación radical entre ética e política. Moro non chega a disociación, pero exerce xa a distinción: el está «construíndo» racionalmente unha sociedade posible, con principios xenerosos, aínda que, como deixou claro ao final do primeiro libro, sexa moi consciente de que como tales non sosteñen o desafío literal dunha tradución práctica. Pero marcan direccións e insinúan camiños.

Neste sentido, George Sabine desde o estrito rigor da teoría política ve ben o aspecto de «sátira», e está no seu dereito cando acentúa o lado caduco das propostas concretas, que para el acaban sendo «a futilidade dunha aspiración moral que non pode reconciliarse coa brutalidade dos feitos»⁴⁵. Con todo, creo máis fecunda a orientación de Joaquim Machado de Araújo, cando insiste no carácter de «maiéutica utópica»⁴⁶. A maiéutica apunta ben a ese proceso suxestivo da obra utópica, que, como tan longamente analizou Ernst Bloch, axuda a dar a luz latencias, posibilidades e potencias non aínda definidas, pero que por iso mesmo abren portas de futuro. Moro dío agudamente nunha carta a Giles: podo dicir algunha mentira (obxectiva, literaria: *potius mendacium dicam...*), pero non pretendo enganar (no terreo moral: ... *quam mentiar*).

A ficción é un recurso que non ignora os seus límites e deixa amplamente aberto o final da obra. Sabe que non pode aceptar todo: «Cando Rafael rematou de contar estas cousas, ocorrían-seme non poucas que nos costumes dese pobo e nas súas leis me parecían absurdamente instituídas». Pero o recoñecemento da imposibilidade real non anula o significado creativo do

⁴⁵ O. c., 322-323.

⁴⁶ *Tomás More e a Utopía*, Porto 2006, 57. 82. 85. 179.

desexo: «confeso que hai moitísimas cousas na república dos utopenses que desexaría, máis ca agardaría [*optarim verius quam sperarim*], que houbese nas nosas cidades».

Inmediatamente antes dera fin ao diálogo dos amigos, deixándoo aberto e en suspenso, entregado ao traballo da interpretación inacabable: «colléndoo da man lévoa a cear, non sen antes lle dicir que habería para nós outro tempo para pensar máis fondamente arredor destas mesmas cousas e para charlar con el máis de vagar. E oxalá que isto aconteza algunha vez». Non aconteceu nunca, pero está a acontecer sempre: cada vez que alguén se achega con ánimo inquedo e preocupación humana a esta obra xerminal.

Utopía e realidade

E aquí aparece a pregunta que quedou en suspenso: en qué medida é posible o cambio e ata onde cabe pensar a posibilidade dunha sociedade perfecta?

Como toda obra xenial, a *Utopía* non naceu no baleiro nin pretendeu empezar todo *da capo*. Se atendemos ao fondo último, o que fixo foi dar figura concreta e dirección eficaz a un universal humano: á tendencia dese animal utópico que somos, que, por nunca estar satisfeito co presente, está sempre a buscar o cambio para o novo e mellor. De aí a fascinación, que non cesa. Atendendo á historia expresa, contribuíron importantes motivos concretos, pois detrás había xa unha longa tradición, polo demais ben estudada⁴⁷.

A *República* de Platón aparece expresamente evocada en repetidas ocasións e dalgún modo ofrece a estrutura fundamental: en realidade toda «idea» platónica é unha utopía que as realidades concretas aspiran a imitar. Santo Agostiño coa *Cidade de*

⁴⁷ Remito ás excelentes sínteses que na entrada *Utopie* ofrecen a *Encyclopedia Universalis*, por Henri Desroche, Joseph Gabel, Antoine Picon e *Historisches Wörterbuch der Philosophie* 11, 510-530, por U. Dierse. (A primeira, máis sistemática; a segunda, cunha enorme información máis analítica.)

Deus é outra referencia, non tan expresa pero con seguridade moi eficaz, pois, como sabemos, Moro, sendo aínda estudante, explicouna en público en varias leccións das que por desgraza non se conservou o texto.

Envolvéndoo todo hai dous feitos de carácter máis atmosférico. O primeiro é sen dúbida o ideal cristián, coa chamada á xustiza e á fraternidade, tal como, de maneira idealizada pola lembranza, aparecía na comunidade primitiva: «Todos os cren-tes vivían unidos e tiñan todo en común: vendían os seus bens e propiedades, e repartíanos entre eles, conforme ás necesidades de cada un»⁴⁸. Visión que cobraba maior viveza para un Tomás Moro que vivira cos cartuxos, entón unha illa de verdadeiro cristianismo, dos que se dixo que «nunca foron reformados porque nunca foran corrompidos»⁴⁹. O segundo feito era o ambiente provocado polo descubrimento de América, o *Mundus novus*, que daquela exaltaba a fantasía xeral e que aínda na Ilustración seguiría alimentando a fantasía do «bo salvaxe».

De todos modos resulta evidente que Moro non conta coa posibilidade de realizar na terra unha sociedade perfecta. Nin sequera en Platón había esa pretensión, tanto polo fracaso en Siracusa como pola imposibilidade estrutural dos obxectos concretos poderen xamais superar o *chorismós* para alcanzar a perfección da idea. O cristianismo, fóra de pequenos grupos *quiliastas* (que esperaban un «reino» perfecto de mil anos sobre a terra) e dalgúns representantes do movemento *xoaquinista*⁵⁰, foi sempre dun realismo austero: na mesma idealización da comunidade primitiva, o Novo Testamento non ocultou nunca nin os problemas nin as divisións nin os conflitos. A *Cidade de Deus* de santo Agostiño era só unha promesa escatolóxica, alén

⁴⁸ Feitos dos Apóstolos 2, 44-45.

⁴⁹ P. Ackroyd, *O. c.*, 144. E recórdese aínda a admiración de Moro cando na Torre ve saír un grupo deles para o martirio (*Un hombre solo*, cit., 79, coa excelente información de A. de Silva, p. 161-162 nota 79).

⁵⁰ H. de Lubac, *La posterioridad espiritual de Joaquín de Fiore*, 2 tomos, Madrid 1989, o alude de pasada Moro sen o incluír.

da historia, aínda que traballando internamente a «Cidade do demo» para facer que se achegue algo máis a ser unha verdadeira cidade dos homes. En canto ás fantasías americanas, xa queda aludida a reserva de Moro no diálogo, seguramente convencido de que o bo salvaxe non era tan salvaxe pero tampouco tan bo: humano con problemas humanos.

Pero, repito, a renuncia ao todo non equivale á negación do posible. E, con toda evidencia, Tomás Moro cando escribe o libro quere lograr algo: non a perfección pero si o melloramento. Home de humor, non o podía ser de extremismos: o *sola fides* e a «predestinación» de Lutero asustábano; sobre todo, porque —segundo pensaba— fomentarían a inacción irresponsable e mesmo o caos social. André Prévost, analizando as diferenzas entre a Utopía e a Reforma, indica: «a *Utopía* era unha especie de proxección sobre o futuro do que sería un mundo dirixido polas concepcións morais e sociais dun humanista auténtico. Ofrecía o mito e o tipo do que sería este mundo, se estivese na man do home desenvolver correctamente as súas virtualidades»⁵¹. Por iso Moro resulta gradual e matizado.

O que ten máis claro, como o demostra xa a desapiadada crítica de Hithlodeo, é o *que non quere*. Cousa moi importante, pois, contra o que podería parecer, a negación é sempre o recurso de máis inmediata eficacia. Sabémolo ben polas análises da «dialéctica negativa» feitas pola Escola de Frankfurt: non se necesita unha figura perfecta do que se busca, para saber con seguridade o que «non debe ser». Pero Moro avanza máis: como vira xa Quevedo —quen critica o que se fai, reprende do que non se fai—, a través do negativo busca ante todo mover e promover o positivo. Por iso xustamente recorre ao xénero utópico: nel, máis cá figura debuxada e mesmo cás receitas concretas, o que conta son os principios e as direccións.

⁵¹ O. c., 117; cf. 116-117. 213-214. O autor non deixa de advertir que «coñecementos históricos máis precisos» —naqueles inicios certamente imposibles— teríanlle permitido a Moro «matizar e distinguir» mellor as doutrinas de Lutero.

A meta primeira e xeral consiste, sen dúbida, na busca da felicidade para todos. Para o seu logro, esquematizando moito, cabe afirmar que se apoia en dous principios fundamentais, que recollen tanto o pouso da tradición cristiá como a enerxía do humanismo: o respecto á lei divina inscrita na creación, tal como aparece xa dentro da mesma crítica de Hithlodeo, por un lado; e, por outro, o esforzo da nova racionalidade como medio para reorganizar a convivencia, as institucións e a política.

Desde aí adquire forza, en primeiro lugar, a crítica do absolutismo —tan ben retratado no *Ricardo III*— que estaba poñendo en perigo os avances conseguidos coa superación do feudalismo⁵². Moro non supera aínda a teoría da orixe divina do poder real, pero sométea á lei máis alta da regulación divina: o rei, si; pero primeiro, Deus. En segundo lugar, explica a importancia que Moro confire á capacidade racional dos utopenses: antes da predicación, coa simple razón lograron avances envexables: aínda non aparecera o Deísmo, pero os utopenses anticipano case á letra: «que a alma é inmortal e nacida, pola bondade de Deus, para a felicidade», conciencia rigorosamente moral, inmortalidade, retribución ultraterrea...; e «despois de que recibiron de nós o nome de Cristo, [...] non poderías crer con que afectos tan favorables tamén eles se converteron»⁵³.

Hai aínda outra insistencia sorprendente, que responde ben á inquedaanza renovadora daquel humanismo cristián: a chamada a organizar «desde abaixo» todos os cargos sociais, facéndolos electivos, por un prazo e sometidos a control. Seguramente influíu nisto o seu coñecemento das prácticas monásticas; pero non era tan normal ir alén da aplicación á práctica civil, para a facer tamén —algo que aínda hoxe non deu feito o catolicis-

⁵² Na *racionalidade*, en positivo, e en *Ricardo III*, como contrapunto, insiste con vigor e acerto Th. Herz, *O. c.*, 111-140.

⁵³ Tamén este tema é tratado amplamente por Th. Herz, *O. c.*, 94-105.

mo— á institución sacerdotal: entre os utopenses os sacerdotes «son elixidos polo pobo [...] con voto secreto»; e, xunto á supresión do celibato, admiten tamén o sacerdocio das mulleres, «xa que non se exclúe aquel sexo»⁵⁴.

Baixando ao tema —*de seu* máis secundario— dos posibles modelos para a configuración concreta de *Utopía*, hai que contar ante todo cos elementos dispersos que Moro recibiu da súa ampla cultura humanista. Entre eles a *República* de Platón resulta innegable, aínda que sexa ao seu modo e en bastantes aspectos, como contrafigura. Como innegable parece, con forma máis inmediata e perfil máis nítido, o exemplo da vida monástica: igualitarismo nos bens e no vestido, regulación do día, comida en común, combinación de traballo manual e formación espiritual...

Este dato resulta ademais importante como explicación do influxo que a obra tivo no Novo Mundo, onde o bispo Vasco de Quiroga, facendo da *Utopía* un modelo real, fundou entre os indios de Michoacán institucións exemplares, de influxo duradeiro⁵⁵. De modo non tan directo parece igualmente innegable o seu efecto inspirador nas famosas «Reducciones» dos xesuítas entre os guaraníes de Uruguai e Paraguai.

Pero a especulación sobre o detalle dos influxos concretos, sempre interesante para a curiosidade e acaso importante para a investigación histórica, non debe apartar do fundamental: a forza indefinible pero eficaz e permanente do impulso utópico. Nada o expresa mellor cás derradeiras palabras do libro: «de xeito que facilmente confeso que hai moitísimas cousas na

⁵⁴ O parágrafo é coitadoso, pero claro: «As mulleres dos sacerdotes (a non ser que estes sexan mulleres: xa que non se exclúe aquel sexo, pero é máis raro e non se escolle se non é viúva ou xa maior) son as máis selectas do pobo».

⁵⁵ Chamou con vigor a atención sobre isto Silvio Zabala, *La Utopía de Tomás Moro en la Nueva España y otros estudios*, México 1937; cf. tamén E. Imaz, *Utopías del Renacimiento*, cit., 15-20; F. López Estrada, *Tomás Moro y España*, cit., 53-60. Resulta ilustrativo e accesible Daniel Gómez Escoto, *La Utopía Vasco de Quiroga* en: <http://serbal.pntic.mec.es/~cmunoz11/utopia1.html>.

república dos utopenses que desexaría, máis ca agardaría, que houbera nas nosas cidades [*quæ in nostris ciuitatibus optarim uerius, quam sperarim*].».

A Utopía na historia

A palabra *utopía* naceu con bo pé. Inventada case como un divertimento humanístico entre dous xenios do humor, impúxose con tal forza e rapidez, que pronto se converteu nun verdadeiro patrimonio da humanidade cultural. Tiña, segundo queda dito, un fondo nutricio que pertence ao radicalmente *humanum*, á tendencia innata dese animal excéntrico, varón e muller, en perenne emerxencia sobre si mesmo, insatisfeito co que é e á procura do que desexaría que sexa. O convulso pero fecundo tempo do Humanismo foi humus que fixo dela semente a inzar imparabile, suscitando imitacións e iniciativas.

O acerto de Moro, a grandeza da súa invención, foi o humor, que, preservando o equilibrio entre o realismo e a suxestión, lle permitiu manter viva a tensión utópica. Vese ben en contraste cos intentos inmediatos e máis coñecidos. A *Cidade do Sol* (1623) de Tommaso Campanella resultou demasiado relixiosa; a *Nova Atlantis* (1627) de Francis Bacon, demasiado científica; o *Pantagruel* (1532) de François Rabelais, demasiado cómico...⁵⁶. Moro co seu equilibrio logrou que dalgún xeito a súa obra se convertese na divisoria de augas que divide o estudo das «utopías» en antigas e modernas.

O certo é que a partir del o tema fíxose explícito e quedou entregado ao proceso vivo da historia. O «espírito da utopía», para aludir ao coñecido libro de Ernst Bloch, constitúe manancial inesgotable, que no seu percorrido aparece exposto ás alternativas da sociedade e da cultura. Resulta fecundo, cando mantén o equilibrio entre o desexo e a realidade; perigoso,

⁵⁶ Cf. a introdución de E. Imaz a *Utopías del Renacimiento*, cit. (que non trae o *Pantagruel*).

cando cae en exaltacións entusiastas ou en denigracións implacables, consonte a tensión se rompa cara a un utopismo ilusorio ou a un realismo imposible que pode levar á traxedia. Non é este lugar para entrar nese detalle.

Abonde con indicar que a dimensión social se acentuou con forza a partir da Revolución Francesa, de xeito que é nese aspecto onde a discusión se concentrou a maior viveza á hora de xulgar o carácter positivo ou negativo do influxo utópico. Móstrano as discusións entre marxismo e antimarxismo ou mesmo entre os diversos marxismos, así como o sutil tema da relación entre ideoloxía e utopía no plano filosófico e entre utopía e escatoloxía no teolóxico.

A terrible experiencia da primeira guerra mundial fixo xurdir as *anti-utopías*, como aviso ante o pesadelo dun posible mundo administrado, ben representadas por *Un mundo feliz* (1932) de Aldous Huxley. E aínda que este tipo de obra se prolonga no tempo (*1984* de George Orwell en 1949, e *Fahrenheit 451* de Ray Bradbury en 1953), acaso como reacción compensatoria, despois da segunda guerra nótase un rexurdimento máis positivo ou polo menos máis diferenciado no uso e na discusión do concepto. Henri Desroche fala incluso dun renacemento indirecto na «ciencia ficción», con sentido máis ou menos rigoroso segundo acentúe o fantástico, o científico, o aventureiro ou o remodelamento da historia.

O futuro segue aberto. Entre a traxedia e a utopía, ninguén é dono das seguridades. Ao menos podemos estar seguros de que a obra de Moro, grazas ao seu fondo humanismo, iluminado de transcendencia, seguirá sempre como fonte de ilusión e facho de esperanza realista. Esperanza con humor suficiente para que, pase o que pase — e pode pasar todo —, a humanidade non perda a cabeza.

Cronografía

- 1477/8 Tomás Moro nace o 7 de febreiro, en Londres, segundo fillo de John More e Agnes (Graunger), a poucos metros de onde nacera san Tomás Becket.
- 1490 Despois da escola primaria, entra de paxe co arcebispo John Morton, en Canterbury.
- 1492-99 Estudos en Oxford, Londres; estuda dereito e vive onda os cartuxos. Primeiro encontro con Erasmo.
- 1501-03 Ensina en Londres, segue baixo influxo dos cartuxos; leccións sobre a *Cidade de Deus* de santo Agostiño.
- 1504 Membro do Parlamento; escribe a *Vida de Pico della Mirandola*.
- 1505 Matrimonio con Jane Colt; traduce os *Diálogos de Luciano* en colaboración con Erasmo.
- 1509 Su-Alcalde de Londres; Erasmo dedícalle o *Eloxio da loucura*.
- 1510 Morre Jane, a primeira muller, e casa con Alice Middleton.
- 1511 Lecciona sobre Dereito en Lincoln's Inn.
- 1513 Comeza a *Vida de Ricardo III*.
- 1515 Viaxe a Flandes. En Amberes escribe o libro II da *Utopía*.
- 1516 Volta a Londres; escribe o libro I da *Utopía*; en decembro aparece a primeira edición en Lovaina.
- 1517 Segunda edición da *Utopía*, en París. Lutero expón as *95 Teses* en Wittenberg.
- 1518 Terceira e cuarta, definitiva, edición da *Utopía*, en Basilea; publicación dos *Epigramas*.
- 1522 Escribe *As catro cousas derradeiras*.
- 1523 Escribe a *Resposta a Lutero*.
- 1524 Instálase en Chelsea; gran casa acollidora.
- 1528 *Diálogo con Tyndale* acerca da Escritura. Henrique VIII empeza co problema do divorcio.

- 1529 Nomeado Lord Chanceler.
- 1530 Morre o pai de Moro.
- 1531 Enrique VIII, recoñecido «Cabeza suprema da igrexa en Inglaterra».
- 1532 Moro renuncia á Chancelería.
- 1534, 13 de abril Moro négase a xurar a Acta de Supremacía relixiosa do rei. 17 de abril, Moro, enviado á Torre de Londres. Escribe as Cartas desde a prisión, *Diálogo do conforto contra a Tribulación, Meditacións, Oracións, Tratado sobre a Paixón*.
- 1535, 6 de xullo Martirio.

Bibliografía

Obras de e sobre Tomás Moro*

The Complete Works of St. Thomas More, Yale University Press, New Haven e Londres, 15 vol., 1964-1990. [A *Utopía* aparece no tomo 4, 1965].

Moreana: Bulletin Thomas More, Organe de l'Association Amici Thomae Mori, Angers. [Revista trimestral, a partir de 1963].

Obras traducidas**

La agonía de Cristo, Madrid, 1978.

Diálogo de la fortaleza contra la tribulación, Madrid, 1989.

Un hombre para todas las horas. La correspondencia de Tomás Moro (1499-1534), Madrid, 1998.

Un hombre solo: Cartas desde la Torre (1534-1535), Madrid, 1988.

Sobre *Utopía****

Utopías del Renacimiento: Moro, Campanella y Bacon. Introducción de Eugenio Imaz; traducción de *Utopía* de Agustín Millares Carlo, México, 1975.

Utopía, 2. Edición e traducción de Luís Andrade, São Paulo, 1979.

Utopía. Traducción do latín, introducción e notas de Emilio G. Estébanez, Madrid, 1980.

Utopía. Traducción e introducción de Llatzer Bria i Perau, Barcelona, 1983.

Utopía. Introducción e notas de Pedro Rodríguez Santidrián, Madrid, 1984.

* A bibliografía sobre Moro en xeral e sobre a *Utopía* é inmensa. Para unha visión global poden consultarse as que referencio.

** Traducidas, introducidas e anotadas, nun excelente labor, por Álvaro de Silva.

*** Tomo datos de Joaquim Machado de Araújo. No ISBN pode verse unha impresionante lista de edicións en castelán.

- Utopía*, 2. Edición, traducción e prefacio de Maria Isabel Gonçalves Tomás, Mem Martins (Sintra), 1989.
- Utopía*. Edición, traducción e notas de Andrés Vázquez de Prada, Madrid, 1989.
- Utopía*. 6ª edición. Prólogo de Manuel Alcalá, México, 1990.
- Utopía*. Edición didáctica e traducción de Llatzer Bria i Perau, Madrid, 1992.
- Utopía*. Edición preparada por George M. Logan e Robert M. Adams, traducción de Jefferson Luiz Camargo e Marcelo Brandão Cipola, São Paulo, 1993.
- Utopía*. Edición de Emilio García Estébanez, Madrid, 1997.
- Utopía*. Traducción de Regina Pereira, Porto, 2002.
- A Utopía*. 13ª edición. Traducción de José Marinho. Notas e posfacio de Pinharanda Gomes, Lisboa, 2003.
- Utopía*. Traducción e notas de António Simões do Paço, Queluz, 2004.

Bibliografía xeral

- ACKROYD, P.: *Tomás Moro*, Barcelona, 2003.
- BATALLION, M.: *Erasmo y España*, México e Madrid, 1950.
- BERGLAR, P.: *La hora de Tomás Moro: solo frente al poder*, Madrid, 2006.
- BOUYER, L.: *Tomás Moro, humanista y mártir*, Madrid, 1986.
- Castillo Martínez, M. P.: *Tomás Moro: retorno a Utopía*, Madrid, 2006.
- CHURTON COLLINS, J.: *Sir Thomas More's Utopia*, Oxford, 1904. [Reimpresión, 1964]
- DESROCHE, H.- GABEL, J.- PICON, A.: *Voz Utopie en Encyclopedia Universalis*.
- DIERSE, D.: *Voz Utopie en Historisches Wörterbuch der Philosophie* 11 vol., 510-530.
- HERRERA, F.: *Tomás Moro*, Sevilla, 2001.
- HERZ, D.: *Thomas Morus zur Einführung*, unter Mitarbeit von Veronika Weinberger, Hamburg, 1999.
- KAUTSKY, K.: *Thomas More und seine Utopie*, Stuttgart, 1888.
- KENNY, A.: *Tomás Moro*, México, 1987.

- KERR, I.: *John Henry Newman. Una biografía*, Madrid, 2010.
- LÓPEZ ESTRADA, F.: *Tomás Moro en España*, Madrid, 1980.
- LUBAC, H.: *La posterioridad espiritual de Joaquín de Fiore*, 2 tomos, Madrid, 1989.
- MAC GOVERN, Th.: *Tomás Moro, un hombre para la eternidad*, Madrid, 1984.
- MACHADO DE ARAÚJO, J.: *Tomás More e a Utopía*, Porto, 2006.
- NIGG, W.: *Thomas Morus*. Imaxes de Helmuth Nils Loose, Freiburg, Basel e Wien, 1978.
- PÉREZ ESCOTO, D.: *La Utopía Vasco De Quiroga*, <http://serbal.pntic.mec.es/~cmunoz11/utopia1.html> [9 de maio de 2011].
- REYNOLDS, E. E.: *Santo Tomás Moro*, Madrid, 1959.
- RODRÍGUEZ SANTIDRIÁN, P.: *Vida de Santo Tomás Moro*, Madrid, 1997.
- ROPER, W.: *La vida de Sir Tomás Moro*, edición de Álvaro de Silva, Pamplona, 2001.
- SABINE, G.: *Historia de la teoría política*, México, Buenos Aires e Madrid, 1945.
- SARDARO, A.: *La correspondencia de Tomás Moro: análisis y comentario crítico histórico*, Pamplona, 2007.
- SILVA, Á.: *Tomás Moro*, Madrid, 2007.
- STARNEs, C.: *The New Republic. A Commentary on Book I of More's Utopia Showing its Relation to Plato's Republic*, Ontario, 1990.
- TREVOR-ROPER, H.: «The Image of Thomas More in England», en: *La fortuna dell'Utopia di Thomas More nel dibattito politico europeo del '500: II Giornata Luigi Firpo: 2 marzo 1995*, Firenze, 1996, 5-23.
- TROYA MÁRQUEZ, F.: *Canciller de Inglaterra: Sir Tomás Moro*, Barcelona, 2006.
- WEGEMER, G. B.: *Tomás Moro*, Barcelona, 2003.
- WOODS, J.: «Sir Thomas More: A Man for One Season», en: *Id., The Broken Estate: Essays on Literature and Belief*, New York, 1999, 3-15.
- ZABALA, S.: *La Utopía de Tomás Moro en la Nueva España y otros estudios*, México, 1937.

UTOPIÍA

NOTA DA TRADUTORA

A *Utopía* de Tomás Moro viu a luz por vez primeira en Lovaina en 1516. A esta edición seguen a de París de 1517 e as de Basilea, da imprenta de Xoán Froben, de marzo e novembro de 1518. A tradución que aquí se ofrece parte da edición de marzo de 1518, e faino amparada na magnífica edición bilingüe, en latín e inglés, que publica a Cambridge University Press, *Thomas More, Utopia. Latin Text and English Translation*, edited by George M. Logan, Robert M. Adams and Clarence H. Miller, Cambridge 1995. Como no seu lugar comento, os libros 1 e 2 da *Utopía* van acompañados dalgúns dos textos das que nas diferentes edicións se foron rodeando, basicamente cartas introdutorias ou celebratorias que expandiron a ficción de Moro ao plano da vida real, entre outras cousas dándolle veracidade ao personaxe de Rafael Hithlodeo, o mariñeiro que viviu na illa de *Utopía* e que contou as súas experiencias a Moro.

A tradución do texto de Tomás Moro presenta problemas comúns a calquera dos intérpretes que o verteron e o verten aínda a linguas diferentes, que derivan da lonxitude desmesurada e da conseguinte complexidade dos períodos sintácticos propios do seu estilo. Forzosamente é preciso atallar estes e introducir pausas que permitan seguir o decurso do pensamento e dos razoamentos que o autor desenvolve. Con isto semella que o tradutor violenta o xeito de escribir do autor e que non dá conta ao lector do que realmente Moro escribiu, pero de non ser por estas abreviacións do decurso argumental, as ideas serían moi complicadas de entender, e mesmo a expresión veríase moi dificultada. Permítasenos logo esta licenza.


As notas ao texto, como axiña se verá, son mínimas. Optei por deixar o lector menos atado pola súa presenza constante na medida en que mo permitira o texto, e entro a aclarar tan só cuestións relativas a nomes de persoas, ás etimoloxías das

institucións e dos lugares de Utopía, e a algún asunto relativo á literatura clásica. Non condiciono, xa que logo, a interpretación que do texto poida facer o lector, por moito que este sexa un texto moi tentador para o comentarista. O feito de se basear en xéneros literarios queridos e explotados no mundo antigo, o da república ideal, mesturado co das viaxes exóticas e inzado de elementos satíricos, e as grandes cargas irónicas das palabras de Moro, fan que o tradutor poida caer na tentación do comentario perpetuo. Escapo del pola vía do mínimo achegamento propio.

Quero agradecer a Ana Boullón Agrelo ter sido a primeira en ler esta versión do texto de Moro e os achegamentos que derivaron diso. A súa amizade non só a agradezo, senón que a valoro como un gran ben.

Canda esta tradución vivín os primeiros meses de vida da miña filla Rosa, a quen agradezo tanto a canseira cotiá como os folgos que me deu para viaxar con Moro, ou máis ben con Rafael, á illa de Utopía.

Santiago de Compostela, primavera de 2011.



Portada dunha das dúas edicións de 1518 impresas en Basilea

Erasmus de Rotterdam saúda ao seu queridísimo compadre Xoán Froben¹

Aínda que ata agora sempre me gustou por demais todo o do meu querido Moro, con todo eu mesmo desconfiaba do meu propio xuízo por mor da estreitísimas amizade que existe entre nós. Pero cando vexo que todos os doutos se adhiren cunha soa voz á miña opinión e que admiran incluso con máis entusiasmo o divino enxeño deste home, non porque o amen máis, senón porque ven máis, aplaudo de veras o meu criterio e non temerei en adiante dicir abertamente o que sinto. Sobre que non destacaría esa admirable exuberancia da natureza se este enxeño tivera xurdido en Italia? Se todo el vagara nos santuarios das musas, se chegara a madurar ata a sazón do seu froito e o seu xeito de outono? Hai pouco, aínda adolescente, xogou con epigramas, a meirande parte feitos cando era un neno. Nunca saíu da súa querida Bretaña, agás unha vez e logo outra, desenvolvendo unha embaixada no nome do seu príncipe onde os flamencos. Alén do seu matrimonio, alén dos coidados domésticos, alén do desenvolvemento do servizo público e das bagas de causas xudiciais, está distraído por tantos e tan grandes asuntos do reino que te admiras de que teña tempo libre mesmo para pensar en libros.

Por iso enviámosche os seus *Exercicios* e a *Utopía* para que, se che parece, despois de compostos na túa tipografía queden encomendados ao mundo e á posteridade. Xa que tal é a autoridade do teu obradoiro, que un libro, incluso deste título, guste aos eruditos se se sabe que saíu da casa de Froben. Estame ben, ti e o teu excelente sogro, a túa docísima esposa e os deliciosos fillos. Coida de que Erasmo, o filliño que temos en común, nado entre letras, sexa educado entre as mellores.

Lovaina, 25 de agosto de 1517.

¹ Varios son os textos que acompañan as diferentes edicións da obra de Moro, tanto en calidade de introducións, como colocados ao final do libro II. Optei por escoller os que me pareceron máis significativos. Esta epístola primeira non figuraba na edición de 1516, e só aparece en 1518, coa terceira edición, pero o feito de proceder de Erasmo e estar dirixida ao impresor Froben (1460-1527), quen publicou en Basilea esa terceira edición de marzo mais a de novembro dese mesmo ano de 1518, pareceume motivo importante para dar a súa tradución.

Guillermo Budé saúda a Tomás Lupset de Inglaterra²

Gañácheste o noso favor en grande medida, Lupset, o máis sabio dos mozos, cando, ao facerme chegar a *Utopía* de Tomás Moro, chamaches a miña atención sobre unha lectura divertidísima ao tempo que de grande utilidade no futuro. O certo é que hai pouco pugnaches con rogos para que fixera iso que eu mesmo desexaba facer con toda a miña vontade, a saber, ler os seis libros de Tomás Linacre, médico destacadísimo nunha e outra lingua, sobre a protección da saúde. El tomounos de entre as testemuñas de Galeno e hai pouco deulles o agasallo da latinidade, ou máis ben, conferiulles a latinidade, ata o punto de que se todas as obras dese autor (que eu considero que equivalen a toda a medicina) estivesen finalmente en latín, parecería que non sería tan necesario o coñecemento da lingua grega por parte da academia dos médicos. Percorrín ese libro tomado dos andeis de Linacre cunha lectura tan precipitada (o seu uso durante tanto tempo, que ti me proporcionaches, considéroo un inmenso favor) que estimo que obtiven moito proveito dela, pero prométome que me aproveitarei aínda máis da edición do libro que agora andas a preparar nuns talleres desta cidade. Por moito que cría que por este motivo estaba abondo en débeda contigo, velaquí que me regalaches como apéndice ou mellora do primeiro favor esa *Utopía* de Moro, home agudo entre os que máis, de talante divertido e experto no xuízo dos asuntos humanos.

Este libro tíñao eu nas miñas mans no agro mentres andaba a correr de aquí para alá, sempre ocupado, supervisando labores (en parte sábelo ti mesmo, en parte oíches que eu estiven moi empeñado nos asuntos da miña granxa xa o ano pasado e este), ata que quedei tan tocado pola súa lectura ao coñecer e reflexio-

² Guillaume Budé (1468-1540) é o famoso humanista francés do que, entre outras cousas, toma o seu nome a máis prestixiosa colección de textos clásicos de Francia. Lupset (1498-1530) foi, como di a carta, editor das traducións de Galeno, pero tamén supervisou a segunda edición de *Utopía*.

nar acerca dos costumes e institucións dos utopenses, que case esquecín o coidado dos asuntos familiares e incluso lles dei de lado, xa que me parecía que eran parvadas toda a técnica e toda a actividade doméstica, e toda a preocupación por ampliar as propiedades.

Pero non hai ninguén que non vexa nin entenda que toda a raza dos mortais está perturbada por esa mesma preocupación, como por un cínife interno e conxénito, ata o punto de que case diría que é preciso confesar que tal é o propósito das artes e disciplinas legais e civís: que cada quen, provisto dunha malicia tan fonda como calculada, estea sempre con respecto a outro co que comparte un dereito de cidadanía, e ás veces de familia, a coller, afastar, roer, negar baixo xuramento, chuchar, botar para fóra, machacar, retorcer, sacudir, bater, agochar, sisar, burlar, roubar, e, en parte coa complicidade das leis, en parte baixo a súa autoridade, levar abertamente e enganar.

Isto acontece especialmente entre eses pobos nos que os códigos que se chaman civís e canónicos teñen unha especial forza nun e noutro ámbito. Ninguén deixa de ver que grazas aos seus costumes e institucións ten cobrado forza a opinión de que os homes coñecedores das garantías, ou máis ben, das trampas legais, e os intérpretes dos cidadáns sen formación, e os artistas das formulacións, é dicir, dos enganos, e os máis hábiles no dereito dos pactos, e os arranxadores de litixios e retorcedores do dereito, os perversos, retorcidos, e expertos, son considerados os sacerdotes da xustiza e da igualdade, e os únicos dignos de ditaminar sobre o xusto e o bo, e incluso (o que é moito máis importante) de decidir con autoridade e potestade qué debe ter cada quen, qué non ter, ata cando e durante canto tempo poida telo, e isto baixo a opinión dun sentido común alucinado, xa que como a meirande parte dos homes, por mor das grosas lagañas da súa ignorancia, andan como cegos, coidamos que cada quen ten a causa máis xusta que o dereito esixe ou que está amparado pola lei.

Se quixésemos extrapolar as leis á norma da verdade e á prescrición da simplicidade evanxélica, ninguén sería tan parvo que non entenda, ninguén tan descerebrado que non confese, se o forzas, que o dereito e a xustiza, hoxe e xa hai tempo, nos decretos papais, e o dereito e a equidade nas leis civís e os decretos dos gobernantes están tan afastados como as institucións de Cristo, fundador dos asuntos humanos, e os ritos dos seus discípulos con respecto aos decretos e decisións deses que coidan que a finalidade de todo ben e o colmo da felicidade son os tesouros de Cresos e Midas. É máis: se agora quixeses definir a xustiza como gustaban de facelo as primitivas autoridades: «aquela que atribúe a cada quen o que lle é debido»³, ou non a atoparás en ningures na esfera pública, ou (se se me permite dicilo) é preciso que recoñezamos que é unha criada na cociña, xa sexa que analices os costumes dos que agora mandan, xa as relacións dos cidadáns e dos paisanos entre eles.

Poida que algúns argumenten que ese dereito procede dunha xustiza que naceu canda o mundo e é igual a el (que chaman dereito natural), segundo o cal, canto máis poida un, tanto máis vai ter, e canto máis teña, tanto máis debe destacar entre os cidadáns. Co que acontece que vemos que xa foi acollido polo dereito dos pobos que quen non poden axudar aos seus cidadáns ou paisanos cunha arte ou cunha actividade destacable, en tanto poidan manter os lazos dos pactos e as ataduras dos contratos cos que quedan atados os patrimonios dos homes (cousas que o vulgo ignorante e os homes entregados ás letras humanísticas e que viven xa que logo afastados do foro por mor do seu espírito ou porque andan a procurar a verdade consideran que son en parte nós gordianos, en parte trapalladas non moi dignas de seren admiradas), eses homes deberían ter os ingresos de mil cidadáns e a miúdo os dunha cidade e incluso máis. E estes daquela serán chamados con todas as honras ricos, homes de

³ Cita tomada de Cicerón, *De finibus* 5,23,65.

proveito, magníficos empresarios, porque nesas épocas, nesas institucións, nesos costumes, nesos pobos estableceron que ese era o dereito, a saber, que cada quen teña a máxima fiabilidade e autoridade na medida na que teña construído os seus penates coas meirandes riquezas, el mesmo e mais os seus herdeiros. E isto tanto máis e máis en canto os seus descendentes e os descendentes destes porfíen por amorear por riba dos patrimonios creados polos devanceiros incrementos succulentos, é dicir, canto máis ampla e extensamente teñan afastado deles relacións, parentescos, lazos de matrimonio ou de sangue.

Pero Cristo, fundador das propiedades e o seu moderador, confirmou a comunidade pitagórica e o amor que deixou entre os seus seguidores cun clarísimo exemplo cando Ananías foi condenado á morte por violar a lei da comunidade. Con este acto paréceme que Cristo invalidou os sesudos volumes dese dereito civil e incluso do máis recente canónico, cando menos entre os seus. Ese mesmo dereito que hoxe vemos que ocupa a fortaleza da sabedoría e que goberna os nosos destinos.

Pero a illa de Utopía, que tamén oio que chaman Udepotía⁴, contan que bebeu, por unha marabillosa fortuna, dos ritos cristiáns e da sabedoría verdadeira, tanto no público como no privado, e que se conservou inviolada ata o día de hoxe, ata o punto de que mantén as tres institucións divinas —é dicir, a igualdade de cousas boas e malas entre os cidadáns (ou, se prefires, unha cidadanía completa para todos os seus membros) e o amor constante e perseverante á paz e á tranquilidade, e o desprezo do ouro e da prata— coas mans enlazadas (como adoitan dicir), tres (por así dicir) nasas para todos os enganos, imposturas, trucos, falsidades e mentiras. Que os deuses fagan co seu poder que estas tres cabezas da lei utopiana se craven nos sentidos de todos os mortais cos cravos fixadores dunha persuasión firme e estable! Verías en adiante caer e languidecer a soberbia, o

⁴ Do grego «oudepote», nunca.

desexo, a competitividade desmedida e outras armas, case todas ferintes, do inimigo infernal, e aquel enorme peso dos volumes que ocupaban tantos ilustres e sólidos enxeños ata mesmo a morte, ser transformado en cousa baleira e inane polas couzas ou dedicarse a envoltorios nas tendas.

Polos deuses inmortais, que beizón dos utopiáns puido, coa axuda divina, ser merecente desa felicidade: ser a única illa na que non puideran durante tantos séculos irromper nin colarse a avaricia e a cobiza, nin que por iso a xustiza e a honestidade escapasen e se precipitasen fóra por mor da súa malicia e desvergoña? E se Deus, o mellor e o meirande, tivera actuado con tanta bondade con esas provincias que posúen e abranguen o seu sobrenome por mor do Seu sagradísimo nome? Seguramente a avaricia, que afunde e degrada tantas mentes que doutro xeito terían sido sobranceiras e teimudas, liscaría de aquí e retornaría a idade de ouro de Saturno. Neste punto, con todo, alguén podería dicir que o perigo é que quizais Arato e os poetas antigos trabucáronse cando puxeron a Xustiza, que baixaba das terras, no círculo do zodíaco. O caso é que seguramente ela quedou en Utopía, se cremos a Hithlodeo, e non chegou aínda ao ceo⁵.

Pero eu descubrín, a base de investigar, que Utopía está situada alén dos confíns do mundo coñecido, illa sen dúbida afortunada, quizais achegada aos Campos Elíseos (xa que Hithlodeo aínda non contou en que lugares precisos está situada), dividida en moitas cidades que, porén, se reúnen e concordan nunha única cidade, de nome Hagnópolis⁶. Esta está contenta cos seus ritos e posesións, ditosa pola súa inocencia, leva unha vida en boa medida celestial, aínda que baixo o ceo, mais por riba do aluvión deste mundo coñecido, que no medio de todos os afáns

⁵ Segundo Arato, poeta grego do século III a. C., e que continúa unha tradición da literatura grega, tamén perceptible na latina, Astrea, a deusa da Xustiza, abandonou a terra ante a maldade que nela había.

⁶ É dicir, Cidade Santa, ou Cidade dos Santos.

dos mortais, tan amargos e urxentes como estériles e insignificantes, precipítase ao abismo entre turbias cataratas.

O coñecemento desa illa, xa que logo, debémosllo a Tomás Moro, que divulgou na nosa época o exemplo de vida feliz e a regra de vida atopado por Hithlodeo (segundo el mesmo conta) a quen atribúe todo o que recibiu. Así como este construiu a cidade dos utopiáns e lles fundou rituais e institucións, é dicir, compartiu con nós e tróuxonos de alí o relato dunha vida feliz, Moro certamente adornou co seu estilo e o seu discurso a illa e as súas sacras institucións, e puliu a mesma cidade dos hagnopolitanos ata unha norma e unha regra e engadiulles todas esas cousas coas que se lle proporciona ornamento e beleza, así como autoridade, a unha obra magnífica, aínda que para levar adiante esa obra el reivindicou para sí só a parte do construtor. Evidentemente tivo escrúpulos de asumir para si nesa obra os papeis meirandes para que Hithlodeo non puidera queixarse con razón de que lle quedara unha gloria xa antes recollida e desflorada por Moro, se é que algunha vez chegase a decidir encomendar el mesmo ás letras os seus traballos. *Temendo el mesmo que o propio Hithlodeo, que daquela vivía ao seu libre albedrío na illa de Udepotía, aparece un día e se irritase e desgustase por esta desconsideración de terlle deixado a el só a gloria prematuramente murcha deste descubrimento. Que teña esta convicción é propio dun home bo e sabio*⁷.

Aínda sendo Moro un home en si mesmo serio e fornecido dunha grande autoridade, que tivera pleno crédito conseguiu-no a testemuña de Pedro Giles de Anveres, home que nunca coñecín persoalmente (deixo de lado agora as encomendas do seu saber e dos seus costumes) pero que amo porque é amigo intimísimo de Erasmo, home máis que ilustre e de tan grande servizo ás letras sacras, profanas e de todo tipo. Con el xa hai

⁷ A parte da carta que poñemos en itálica está escrita en grego no orixinal.

tempo que estreitei unha alianza de amizade mediante cartas que nos enviamos o un ao outro.

Adeus, meu queridísimo Lupset, e saúda da miña parte a Linacre, piar da fama británica (cando menos no que atinxe ás boas letras), e non máis voso xa ca noso (así o espero), xa sexa en persoa ou por medio dunha carta, e isto canto antes. Pois este é un entre os poucos polos que me gustaría ser aprobado, se puidera. Xa que cando el mesmo estivo aquí en persoa recibiu a miña máxima aprobación e a de Xohán Ruel⁸, meu amigo e compañeiro de afáns, e a súa excelente formación e precisa eficacia admirareina entre as que máis e loitarei por imitalas.

Querería tamén que ou envíes (como dixen) ou deas a Moro reiterados saúdos da miña parte. A este home que hai tempo que, ao meu modo de ver, e segundo escribín, foi parar ás listas máis sagradas de Minerva, por mor da illa do novo mundo, Utopía, amo e respecto por riba de todo. Pois a súa historia vana posuír a nosa época e as idades vindeiras como unha sementeira de institucións elegantes e útiles de onde cada quen poida importar e axeitar á súa propia cidade os costumes transmitidos.

En París, a 31 de xullo [de 1517].

⁸ Ruel foi físico e tradutor, ao igual que Linacre.

Pedro Giles de Anveres⁹ saúda ao ilustrísimo señor Xerome de Busleyden, preboste de Aire, e conselleiro do católico rei Carlos¹⁰

Estes días atrás, excelentísimo Busleyden, envioume o famoso Tomás Moro, notable honra desta nosa época da que tamén ti es testemuña, porque che resulta ben coñecido, a *Illa de Utopía*, coñecida aínda por moi poucos mortais, pero digna entre as primeiras de que todos a queiran coñecer máis cá de Platón, sobre todo porque foi de tal xeito escrita, debuxada e posta ante os ollos por un home tan elocuente, que cada vez que a leo, máis me semella que a vexo ca cando oín ao mesmo Rafael Hithlodeo pronunciar as súas palabras (xa que eu, do mesmo xeito ca Moro, participei desa charla). Aínda que aquel home, dotado dunha elocuencia nada vulgar, expuxo o asunto dun xeito tal que facilmente se mostraba que non contaba cousas que aprendeu dos relatos de outros, senón as que el bebeu cos seus ollos e coas que conviviu non pouco tempo, un home ao meu xuízo, polo seu coñecemento dos lugares, dos homes e das cousas, incluso superior ao mesmo Ulises, e tal que crería que nos últimos oitocentos anos non naceu en ningures un igual, comparado co cal poderíase crer que Vespucci non viu nada. Ademais de que narramos con máis eficacia as cousas que vimos cás que oímos, posuía o home unha peculiar destreza para explicar as cousas. Pero cantas veces contemplo estas mesmas cousas pintadas polo pincel de Moro, síntome tocado de xeito que me parece que algunha vez estiven na mesma Utopía. E, por Hércules, que podería crer que o propio Rafael viu menos nesa illa durante

⁹ Esta carta está en todas as primeiras edicións da obra. Pedro Giles aparecerá como interlocutor e xa que logo personaxe no mesmo texto da Utopía: o seu nome, en realidade, é Pieter Gillis, viviu entre 1488 e 1533 e foi un humanista e impresor que exerceu a súa actividade en Anveres.

¹⁰ Busleyden (1470-1517) foi un humanista e tamén un home de estado, home de confianza de Carlos V cando este era príncipe de Castela (herdou o título de católico do seu avó Fernando II de Aragón, quen morreu en 1516), e preboste da Catedral de San Pedro en Aire-sur-la-Lys, cerca de Arras.

todo o quinquenio que pasou alí, có que se pode ver a partir da descrición de Moro. Tan grandes marabillas aparecen aquí por todas partes, que dubido qué admiro antes ou máis, a lealdade dunha memoria poderosísima, que case podería reproducir ao pé da letra tantas cousas con tal de telas oído, ou a sabedoría coa que coñece as fontes máis ignoradas pola xente, das que ou nace todo o que é malo para a república, ou podería nacer o bo; ou a forza e a capacidade do seu discurso, coa que con tan grande pureza da lingua latina, tanta enerxía na expresión, abrangueu tantas cousas, especialmente sendo alguén ocupado en tantos asuntos públicos ao tempo que domésticos. Aínda que todo isto valo admirar menos ti, eruditísimo Busleyden, xa que polo teu trato familiar con el tes coñecido o talante dun home máis grande có dun home e case divino.

No demais, xa que logo, non hai nada que poida engadir ao escrito por el. Só procurei axuntar un tetrástico escrito na lingua propia dos utopenses que, despois de marchar Moro, me mostrara casualmente Hithlodeo, tras de poñer diante o alfabeto dese pobo despois de lle engadir algunhas pequenas anotacións á marxe¹¹.

Pois polo que respecta a que Moro dubida verbo da situación da illa, nin sequera isto o calou totalmente Rafael, aínda que o tocou con poucas palabras e como de paso, como reservándoo para outro lugar. E, non sei como, un mal azar furtóunolo a ámbolos dous. Xa que cando Rafael andaba a falar diso, achegárase a Moro un dos criados que lle foi dicir non sei que ao oído; e a min que escoitaba con tanta máis atención, un dos acompañantes ao tusir moi alto, segundo coido, por mor do frío que collera na navegación, interrompeume algo as voces dos que falaban. Pero non descansarei ata que tamén chegue a coñecer

¹¹ Estes materiais, é dicir, o poema coa súa transcrición ao alfabeto e á lingua utopense, figuran en moitas das edicións da obra de Moro (na nosa de referencia, nas páxinas 22 e 23). O alfabeto reproduce riscos do grego e a lingua colle elementos do grego e do latín, para axeitarse á descrición que no texto da *Utopía* se fai dela.

esta parte por completo, ata o punto de que che devolverei polo miúdo non só a situación da illa, senón tamén a súa latitude, con tal de que estea san e salvo o noso Hithlodeo.

Xa que chegan diversos rumores verbo deste home: uns aseguran que morreu no camiño, outros que volveu á patria, pero que en parte por non soportar os costumes dos seus, en parte aguilloado pola saudade de Utopía, regresou alí.

Pois polo que se refire ao feito de que en ningures se atopou entre os cosmógrafos o nome desta illa, o propio Hithlodeo resolveuno dun xeito fermoso. «Certamente puido suceder», dixo, «que o nome que usaron os antigos cambiara despois, ou incluso que a eles se lles escapara esta illa, xa que mesmo hoxe nacen moitas terras nunca tocadas por aqueles xeógrafos». Aínda que, ata que punto hai que fornecer de argumentos a veracidade disto, cando é o famoso Moro a autoridade?

Polo demais, no que se refire a que el dubida da publicación, por igual loo e recoñezo a modestia deste home. Pero a min pareceume que é unha obra de todos os xeitos indigna de ser contida por máis tempo, e digna entre as que máis de saír ás mans dos homes, e que grazas ao teu poderosísimo nome quedará encomendada ao mundo, ou porque as dotes de Moro foron especialmente recoñecidas por ti, ou porque ningún é máis axeitado para axudar cos seus correctos consellos á república na que xa hai moitos anos que vives coa máis grande loa tanto da túa sabedoría como da túa integridade. Quédame ben, Mecenas do estudo e honra deste século.

Anveres, 1 de novembro de 1516.

Tomás Moro saúda a Pedro Giles

Pouco menos que me dá vergoña, queridísimo Pedro Giles, enviarche este libriño encol da república utopiana despois de case un ano, xa que ti agardábalo, non o dubido, en menos de seis semanas. Xa que sabías que nesta obra se me quitara o traballo de atopar materiais, nin tiña que pensar nada relativo á disposición, xa que só tiña que repetir o que canda ti oíra contar a Rafael. Xa que nin había no que traballar no estilo, dado que nin o seu discurso puido ser elegante, pois era en primeiro lugar repentino e extemporáneo, en segundo lugar propio dun home, como sabes, non tan formado en latín como en grego, e o meu discurso, en canto se achegase máis á súa desleixada simplicidade, tanto máis achegado estaría á verdade, única preocupación que neste asunto debo ter e teño.

Confeso, querido Pedro, que despois de preparar estas cousas, se me quitou moito traballo, ata o punto de que case non me quedou nada. Doutro xeito, a planificación ou a disposición deste asunto podería ter esixido dun talento nin escaso nin en absoluto indocumentado non pouco tempo nin afán. E se chega a demandar que se escribise dun asunto elocuentemente e non só con veracidade, isto non o podería ter feito eu con ningún tempo e con ningún afán. Pero agora que, disipadas estas preocupacións nas que derramei tanto suor, quedou só isto, que se escribisen simplemente as cousas oídas, non había problema. Pero para levar adiante esta nula ocupación, as outras ocupacións miñas deixáronme case menos tempo ca nada. Mentres acotío defendo causas xudiciais, escoito outras, delimito outras como árbitro, dirimo outras como xuíz, mentres visito a este por mor do meu deber, a aquel por negocios, mentres reparto case todo o día con uns no foro, o resto cos meus, deixo para min, é dicir, para as letras, nada.

Porque cando volvo á casa, teño que falar coa muller, charlar cos fillos, tratar cos serventes. Cousas todas que conto entre as ocupacións, xa que é necesario que se fagan (é preciso, por certo, se non queres ser estranxeiro na túa propia casa) e hai

que poñer todo o esforzo en que aqueles aos que ou a natureza previu, ou o azar fixo, ou ti mesmo escolliches como compañeiros da túa vida, con estes te portes do xeito máis agradable, con tal de que non os botes a perder coa túa cortesía, ou coa túa indulxencia convertas os serventes en señores. Entre estas cousas que veño de contar pasa o día, o mes, o ano.

Así que, cando escribimos? E aínda non falei do sono, nin sequera da comida, que a moitos non lles quita menos tempo có mesmo sono, que se leva case a metade da vida. Pero só engado para min este tempo que vou furtando ao sono e á comida, que, xa que é escaso, lentamente, pero como algo é, finalmente rematei e che enviei, querido Pedro, a *Utopía* para que a leses e que nos advertises se se nos escapou algo. Aínda que non desconfío de min totalmente nesta parte (oxalá destacase do mesmo xeito polo meu talento e formación, como non estou para nada privado de memoria), con todo non confío ata o punto de que crea que nada se me puido escapar.

Xa que Xoán Clemente, meu pupilo, quen como sabes estaba canda nós, pois non permito que se ausente dunha charla na que poida haber algún proveito, porque agardo algún día un froito destacado desta herba que comeza a verdear nas letras latinas e gregas, meteume nunha grande dúbida. Xa que cando, polo que eu recordo, Hithlodeo contou que aquela ponte de Amaurot que pasa sobre o río Anydro tiña cincocentos pasos de lonxitude, o meu Xoán di que cómpre quitar douscentos, que a anchura do río alí non é alén de trescentos. Pídoche que volvas traer isto á memoria. Xa que se ti estás de acordo con el, tamén eu asentirei e crerei que fallei, pero se non o reconsideras, escribirei como fixen o que me parece recordar, xa que me coidarei moitísimo de que non haxa no libro nada falso, aínda que se algo houber dubidoso, direi antes algo falso ca mentirei, porque preferiría antes ser bo ca sabio.

Aínda que sería sinxelo medicarse contra esta enfermidade se soubeses algo de Rafael, ou en persoa ou por carta, cousa que é preciso que fagas tamén por causa doutro escrúpulo que

nos veu, non sei se máis pola miña culpa ou pola túa, ou mesmo pola de Rafael. Xa que nin a nós nos veu en mente preguntar, nin a el dicir, en que parte daquel novo mundo está situada Utopía. Gustaríame rescatalo con non poucos cartos de meu para que non se perdesa así, ou porque me dá vergoña ignorar en que mar está unha illa da que contei tantas cousas, ou porque hai entre nós algún que outro, pero un sobre todo, home piadoso e teólogo de profesión, que arde nun abraiante desexo de ir a Utopía, non por un pracer inútil e curioso de ver cousas novas, senón para promover e aumentar a nosa relixión, que xa prendera felizmente alí. Para facer isto segundo as normas, decidiu antes procurar ser enviado por un pontífice e incluso que se cree un bispo para os utopenses, sen que o bote para atrás o escrúpulo de pedir para si este posto con pregarias. Porque considera que é un espazo sagrado que non o crea a razón da honra ou do gaño, senón o respecto da piedade.

Polo que che pido, querido Pedro, que se podes cara a cara, ou en ausencia por carta, obrignes a Hithlodeo e fagas que non haxa nada nesta obra miña falso, ou que falte algo verdadeiro. E non sei se estaría ben mostrarlle o libro. Xa que nin outro é quen na mesma medida de corrixir se algo hai errado, nin ese mesmo pode servir de axuda doutro xeito ca se le enteiraamente as cousas que foron escritas por min. Ademais, sucederá que deste xeito entenderás se recibe de boa gana ou leva mal que eu escriba esta obra. Xa que se decidiu el mesmo encomendar ás letras os seus avatares, quizais non quereda que eu o fixera, nin eu por certo quereda, ao divulgar eu a república dos utopenses, roubarlle a el a flor e a graza da novidade da súa historia.

Aínda que, a dicir verdade, nin sequera teño aínda de todo decidido se a vou publicar finalmente. E é que os padais dos homes son tan variados, tan severos os enxeños de algúns, tan ingratos os seus espíritos, tan absurdos os seus xuízos, que semella que se vive moito máis felizmente con estes que, alegres e gozosos, seguen o seu talante, cós que se machacan con preocupacións para publicar algo que poida servir de proveito ou

de lecer a outros que, ou o van acoller de malos modos, ou con ingratidade. A meirande parte ignoran as letras; moitos desprezanas. O bárbaro rexeita por duro o que non é de todo bárbaro, os listiños desprezan por trivial o que non reborda de palabras obsoletas. A algúns só lles gustan as cousas vellas, á meirande parte só as súas. Este é tan serio que non admite bromas, este tan insulso que non soporta o sal. Algúns son tan chatos que temen calquera nariz como a auga quen foi mordido polo can rabioso¹². Ata tal punto son mudables outros, que aproban algo cando están sentados e outra cousa cando están de pé.

Estes andan nos bares e entre vaso e vaso xulgan os talentos dos escritores, e con grande autoridade condenan, segundo o que lles peta, a cada quen polos seus escritos, como se lles estivesen tirando dos pelos, mentres eles mesmos están seguros e, como adoita dicirse, «fóra de tiro». Porque son tan lixeiros e van tan rasurados por todas partes que nin sequera teñen un pelo estes bos homes polo que poidan ser collidos.

Hai uns ademais tan ingratos que, aínda que o pasen de marabilla cunha obra, para nada aprecian máis o autor. Non se diferencian dos invitados maleducados que despois de que se encheron abondo cun banquete opíparo, regresan finalmente á casa fartos, sen lle ter dado as grazas a aquel que os convidou. Vai logo, prepara do teu peto un banquete para homes de padal tan delicado, de gusto tan variado, e ademais de espírito tan memorioso e agradecido!

Pero, meu querido Pedro, trata aquilo do que che falei con Hithlodeo. Despois, con todo, haberá liberdade para que medite verbo deste asunto outra vez. Aínda que se isto se fai de acordo cos seus desexos —xa que despois de rematar co traballo de escribir, agora son un sabio serodio— con respecto ao que queda, a publicación, seguirei os consellos dos amigos, e sobre todo os teus. Adeus, docísimo Pedro Giles e a túa excelente muller: quéreme como adoitas quererme, xa que eu te quero incluso máis do que adoito.

¹² A referencia ao nariz ten que ver co xénero da sátira.

Xerome de Busleyden saúda a Tomás Moro¹³

Non foi abondo, excelentísimo Moro, que outrora aplicaras o teu coidado, o teu esforzo, o teu afán ao interese e ao beneficio dos particulares, se non adicas iso (tal é a túa piedade e a túa xenerosidade) a todo o mundo, porque consideras que este bo facer teu, calquera que este sexa, pode acadar un favor meirande, conquistar a graza, alcanzar a gloria canto máis expandido e distribuído entre moitos, a máis aproveite. E aínda que sempre teñas loitado por ofrecer isto noutras ocasións, é hai pouco que o conseguiches con admirable felicidade, é dicir, con aquela charla de despois de comer que ti trasladaches ás letras que deches á luz encol da república correcta e ben establecida (desexable por todos) dos utopenses.

Na marabillosa descrición desta feliz constitución non hai nada no que se poida botar de menos ou a inmensa erudición ou o completo coñecemento dos asuntos humanos. Xa que ámbalas dúas cualidades concorren nel con tan grande igualdade e con tal parella unión que sen que ningunha delas quede vencida pola outra, ámbalas dúas compiten pola gloria con semellante ardor guerreiro. E é que destacas en tantas disciplinas, e ademais é tan variado e seguro ese coñecemento das cousas, que todo o que escribes podes afirmalo por telo experimentado e escribes con todo coñecemento o que decidiches dar a coñecer. Cualidade que certamente é admirable e escasa, e claramente aínda máis escasa porque ocultándose á meirande parte, non se mostra agás a moi poucos, sobre todo a eses que polo seu candor queiran, pola súa sabedoría saiban, pola súa lealdade poidan, pola súa autoridade sexan quen, de velar pía, correcta e previsora polo ben común como xa fas con toda honestidade ti, que porque consideras que naciches non só para ti, senón para

¹³ Este texto e mais o seguinte figuran como material posposto ao libro II da *Utopía*.

todo o mundo, cres que paga a pena que todo ese mesmo mundo quede en débeda con este teu fermosísimo agasallo.

Non poderías ter brindado isto doutro xeito nin con máis corrección nin mellor ca debuxando ante os mesmos homes que destacan polo seu raciocinio esa idea dunha república, esa formulación e perfecta ficción dos costumes tal, cal nunca se viu xamais en todo o mundo, e tanto máis saudablemente instituída e máis perfecta ou que pareza máis apetecible, como que supera con moito e deixa ás súas costas, con grande diferenza, tantas repúblicas celebradísimas e con tanto entusiasmo loadas dos lacedemonios, atenienses e romanos. E se estas chegan a ser fundadas cos mesmos auspicios e moderadas coas mesmas institucións, leis, decretos, costumes coas que esta república túa, está claro que esas non terían aínda abalado e igualado ao chan e xacerían, ai dolor, extinguidas alén de toda esperanza de restauración. Senón que, pola contra, vivirían aínda incólumes, felices, prósperas, cheas de fortuna, convertidas entre tanto en donas das cousas tras repartiren o seu imperio amplamente por terra e por mar.

Por te compadeceres da triste sorte destas repúblicas quixeches velar para que ningunhas outras (que hoxe, dominadoras das cousas, téñeno todo) soportasen un destino semellante, e fixéchelo con esta perfectísima república túa que se esforzou grandemente non tanto en facer leis canto en formar os maxistrados máis honestos. E isto non sen fundamento, xa que doutro xeito, sen aqueles, todas as leis (incluso as mellores), se temos que crer a Platón, consideraríanse mortas. Especialmente porque toda a existencia e o correcto carácter de calquera república perfecta debe ser configurado de acordo coa imaxe deses maxistrados, modelo de honestidade, exemplo de costumes, imaxe da xustiza. Nisto deben concorrer, sobre todo, a sabedoría nos gobernantes, o valor nos soldados, a temperanza nos individuos e a xustiza en todos.

Como a túa república, que con tanto afán celebras, está tan fermosamente composta destas cousas, segundo se pode apreciar, non é estraño que por isto veña ser non só temida por moitos, senón tamén reverenciada por todos os pobos, ao tempo que celebrada por todas as épocas. E isto tanto máis canto que ao quedar suprimida nela o litixio por toda propiedade, nada lle é a ninguén propio, todas as cousas son comúns a todos de cara ao propio ben común, ata o punto de que toda cousa, calquera acción, tanto pública como privada, mire non cara á cobiza de moitos, non ao desexo duns poucos, senón que se dirixa toda ela a manter unha única xustiza, igualdade, unión, por moi pequena que esta for. Guiada enteiramente por isto, forzosamente retíranse toda a madeira, a muxica, e o combustible da ambición, do luxo, da envexa e da inxustiza. Ás veces a posesión particular das cousas ou a ardente sede de posuír empurra os mortais cara estas cousas, para o seu grandísimo e por iso incomparable mal, xa que de aquí xorden de súpeto innumerables diferenzas de opinión, movementos das armas e guerras máis ca civís, coas que non só afunde de vez o florecente estado das máis ditosas repúblicas, senón que a gloria que outrora lles nacera, os triunfos acadados, os famosos trofeos, e tantos ricos despozos conseguidos de mans dos inimigos vencidos, se esquecen de raíz.

E se nestas cousas esta páxina nosa puido dar unha fe menor do que quixera, o certo é que acudirán na miña axuda testemuñas máis ricas ás que te podo confiar, a saber tantas e outrora tan grandes cidades devastadas, repúblicas prostradas, cidades incendiadas e asoladas, das que tal como hoxe dificilmente se ven restos ou pegadas de tan grande calamidade, así nin dos nomes delas abondo conta a historia, por máis que esta sexa antiga e alcance antigos tempos.

Das famosas matanzas, devastacións, ruínas e outras calamidades da guerra as nosas repúblicas, se é que algunhas hai, podían ter escapado facilmente con tal de que, cinguíndose estreitamente a unha soa norma da república dos utopenses, non

se desvíen dela nin sequera media uña, como se adoita dicir. Mostrándose abertamente así, finalmente polos propios feitos recoñecerán canto lles aproveitou este beneficio que ti lles ofreciches, sobre todo porque ao aparecer el, eles aprenderon a conservar a súa república a salvo, incólume, triunfante. Ela ha de deberche a ti, o seu servidor máis eficiente, tanto canto xustamente merece ese que non só pode salvar a un cidadán da república, senón mesmo a toda a república.

Entrementres, adeus, e continúa felizmente a pensar, facer, elaborar todo aquilo que, reunido para a república, lle engada a esta perpetuidade, e a ti inmortalidade. Adeus, tan sabio e ao tempo tan humano Moro, honra da túa Bretaña e de todo este mundo noso.

Desde a miña casa en Malinas, 1516.

Tomás Moro saúda cordialmente ao seu amigo Pedro Giles

Moitísimo, meu moi querido Pedro, deleitoume a crítica que coñeces dese home tan agudo que con respecto á miña *Utopía* serviuse deste dilema: se o asunto foi exposto como verídico, vexo alí algunhas cousas un tanto absurdas; se como ficción, daquela boto en falta nalgunhas cousas o famoso certoiro xuízo de Moro. A este home, querido Pedro, quen queira que el foi (sospeito que instruído, e vexo que amigo) doulle moitas grandes grazas. Certamente gratificoume tanto con esta súa crítica tan pura, canto non sei se algún outro desde a publicación do libriño. Pois, en primeiro lugar, seducido ou por curiosidade por min, ou pola mesma obra, semella que non se aburriu do esforzo ata que a leu toda de principio a fin, e isto non de xeito mecánico e ás presas, como adoitan facer os sacerdotes as pregarías das horas (e iso aqueles que as fan), senón con tal atención e coidado que mesmo ás veces sopesa con detalle cousas concretas. En segundo lugar, tras anotar algunhas cousas, e isto tamén con contención, declara que o resto o aprobou non á lixeira, senón xuizosamente. Finalmente, con estas mesmas verbas coas que bate en min, adxudícame tanta loa canto non o fan estes que me loaron a mantenta. E é que deixa ver facilmente que grandes sentimentos ten cara a min cando, se le algo que non é abondo preciso, daquela quéixase de que se viu frustrado na súa expectativa, mentres que para min está por riba das miñas expectativas se chego a poder dar á luz cando menos algunha cousa, de entre moitas, non de todo absurda.

Aínda que (para eu á miña vez non actuar con menos franqueza con respecto a el) non vexo por que deba creerse tan agudo e o que os gregos chaman «ollo de lince» por ter atopado algunhas cousas algo absurdas nas institucións dos utopenses, ou porque eu, ao crear unha república, pensei algunhas cousas non con abonda utilidade, como se noutros lugares non houbera

pobos absurdos, ou nunca ningún de entre todos os filósofos dispuxera unha república, un príncipe ou mesmo unha casa particular de xeito tal que non instituíse nada que non sexa mellor cambiar. Neste asunto (se non fose venerado por min o recordo dos homes máis sobranceiros, consagrado pola antigüidade), podería de seguido tirar á luz algunhas cousas concretas nas que sen dúbida podería contar os votos unánimes favorables á súa condena.

Polo que respecta a que dubide de se o asunto é verídico ou inventado, aquí son eu o que bota en falta o seu xuízo preciso. E non vou negar que se chego a decidir escribir verbo da república, e me viñera á mente un conto semellante, quizais non me afastaría moito desa ficción coa que a verdade, como bañada en mel, vai entrando suavemente nos espíritos. Pero é tamén certo que a tería temperado de xeito que, se quixera abusar do descoñecemento da xente, cando menos para os máis letrados tería fixado unhas pegadas polas que facilmente poderían percorrer a nosa trama. E así, se non chego a poñer máis cós nomes cando menos do gobernador, do río, da cidade, da illa, de xeito que puideran advertir aos máis avisados de que a illa non está en ningures, a cidade é fantasmal, o río non ten auga, o gobernador non ten pobo, isto non sería difícil de facer e sería con moito máis gracioso có que eu fixen, quen, se non me chega a forzar a lealdade á historia, non son tan estúpido como para querer servirme daqueles nomes bárbaros e que non significan nada: Utopía, Anydro, Amaurot, Ademo.

Polo demais, querido Giles, vexo que hai outros tan precavidos que o que nós, homes sinxelos e crédulos, escribimos cando o contou Hithlodeo, dificilmente son levados a crelo homes serios e intelixentes. Para que a miña credibilidade non poida poñerse en perigo por parte deles canda a credibilidade da historia, alégrame que se me consinta dicir a prol do meu parto o que a Mysis de Terencio di do neno de Glicerium quen, para que non fose considerado bastardo, dixo: «dou grazas

aos deuses porque no momento do parto estiveron presentes algunhas mulleres libres»¹⁴. Certamente isto tamén me acontece a min con todo beneficio, que Rafael nos contou non só a min e a ti, senón ademais tamén a moitos homes honradísimos e moi serios, non sei se aínda máis cousas e máis grandes, pero de seguro non menos nin máis pequenas cá nós.

E se nin sequera eses incrédulos acreditan nelas, poden ir onde o mesmo Hithlodeo, xa que este aínda non morreu. Hai pouco souben por uns que viñan de chegar de Portugal que no derradeiro primeiro de marzo estaba o home tan enteiro e tan san como nunca. Que lle pregunten logo a el a verdade, ou que o cosan a preguntas se queren, con tal de que entendan que eu debo responder pola miña obra, non ademais pola credibilidade de outro. Adeus, meu queridísimo Pedro, e a túa encantadora muller e a filliña espelida, para quen a miña muller prega unha longa saúde.

¹⁴ Cita tomada da comedia de Terencio *Andria* (4,4,770-771).

PRIMEIRO LIBRO do discurso que pronunciou Rafael Hithlodeo, home sobranceiro, acerca do mellor xeito de estado, por mediación do ilustre Tomás Moro, cidadán e visconde da célebre cidade de Londres das Britanias.

Como o invictísimo rei de Inglaterra Henrique, oitavo dese nome, o máis engalanado con todas as artes dun príncipe ilustre, tivera hai pouco algúns asuntos controvertidos de non pouca importancia co serenísimo príncipe de Castela Carlos, para tratalos e resolvelos envioume de embaixador a Flandes, como compañeiro e colega de Cuthberto Tunstall, home sen par, a quen hai pouco, para congratulación de todos, puxo á fronte dos Sagrados Rolos¹. Na loa deste nada vou dicir, non porque tema que a amizade vaia ser considerada testemuña de lealdade pouco sincera, senón porque o seu valor e a súa formación é meirande do que eu podería proclamar, e máis coñecida en todas partes e famosa do que eu deba facelo, se non quixera parecer que, como se adoita dicir, ando a amosar o sol cunha candea.

Saírannos ao encontro en Bruxas, xa que así o acordáramos, estes a quen o rei encomendara o asunto, todos varóns ilustres. Entre eles era o principal e a cabeza o alcalde de Bruxas, excelente home; pero a boca e o peito era Xurxo de Themsecke, preboste de Cassel, elocuente non só por formación, senón de natureza, moi preparado nas leis, ademais, e destacado artesán para tratar do asunto tanto polo seu talante como polo seu frecuente manexo destas cousas. Cando, despois de reunírmonos unha vez e outra, non chegamos a acordos en certos aspectos, eles, tras nos despedirmos ata algúns días máis tarde, marcharon a Bruxelas para coñecer a opinión do príncipe.

¹ *Master of the Rolls* é un título equivalente ao de principal chanceler da corte. Tunstall viviu entre 1474 e 1559.

Eu entrementes, xa que así o esixía o asunto, diríxome a Anveres. Mentres parei alí, visitoume a miúdo entre outros, aínda que ningún me era máis grato, Pedro Giles, nacido en Anveres, de grande reputación e cun posto honorable entre os seus, digno dun máis honorable, porque non sei se era un mozo máis formado ou de mellor carácter. É, en efecto, excelente e ilustradísimo, pero ademais dun espírito puro de cara a todos, e con respecto aos amigos, dun peito tan aberto, dun amor, dunha lealdade, dun afecto tan sincero, que dificilmente atoparías en ningures un ou dous que sintas que pode ser comparado con el en todas as facetas da amizade. Rara a súa modestia, en ninguén queda máis lonxe o artificio, ninguén posúe unha sinxeleza máis prudente, e ademais tan enxeñoso na conversa, tan inocentemente gracioso, que a morriña da patria e do fogar, da muller e dos fillos, que me tiña demasiado ansioso de volverlos ver (porque xa daquela levaba máis de catro meses fóra da casa), en moi boa parte aliviáramos coa súa docísima compañía e coa súa gorentosísima complicidade.

Certo día, como queira que participei no oficio divino na igrexa de Santa María, que é fermosísima de construción e famosísima entre o pobo, e, rematados os oficios, preparábame para volver de alí á miña hospedaxe, casualmente véxoo falando cun descoñecido cuxa idade tendía á dos anciáns, de rostro moreno, barba longa, cunha capa que lle pendía con desleixo do ombreiro, que pola cara e pola vestimenta pareceume un mariño. Pero Pedro, así que me viu, achégase e saúda. Cando ía responder, apartoume un pouco e díxome: «Ves este?» (ao tempo sinalaba a ese co que o vira falar); «xusto ía», dixo, «levalo de aquí onda ti».

«Tería vido con moito gusto para min, se vén por ti», dixeran.

«Máis ben», dixo el, «por el mesmo, se o coñeceras. Pois non vive hoxe ninguén entre todos os mortais que che poida contar

unha historia semellante de homes e de terras descoñecidos. E sei que estás desexoso de oír estas cousas».

«Así que», dixeran, «non botei as contas tan mal. É que xa a primeira vista notei que o home era mariño».

«Pola contra», dixon, «trabucácheste moito: navegou, certamente, non como Palinuro, senón como Ulises; ou máis ben como Platón². O tal Rafael, xa que así se chama, de xentilicio Hithlodeo³, non descoñecedor da lingua latina e máis coñecedor da grega (foi desta máis estudoso ca da romana porque se adicara por enteiro á filosofía; e neste asunto sabía que non queda nada que sexa de certa importancia, agás algo de Séneca e de Cicerón, en latín), tras lles deixar aos irmáns o patrimonio que tiña na casa (pois é portugués), por afán de ver mundo uniuse a Américo Vespucci, e nas tres derradeiras daquelas catro navegacións que xa se len por todas partes, foi o seu constante compañeiro, salvo que da última non volveu con el. Pois procurou e incluso esixiu de Américo estar entre estes vinte e catro que quedaron na guarnición nos confíns da derradeira navegación. E foi deixado de xeito que obedecera ao seu espírito, máis curioso das viaxes ca do sepulcro. Como quen ten a miúdo na boca estas sentenzas: “Queda cuberto polo ceo quen non ten tumba”, e “os camiños cara os deuses miden o mesmo desde calquera punto”⁴. O seu xeito de pensar, se non lle chega a ser favorable Deus, teríalle custado demasiado. Pero, despois de que, tras partir Vespucci, percorrera moitas rexións con cinco compañeiros da guarnición, levado por unha admirable fortuna finalmente a Ceilán, de aí chegou a Calcuta, onde atopou opor-

² Palinuro é o piloto de Eneas no poema de Virxilio; Ulises, o famoso personaxe homérico, é coñecido proverbialmente como viaxeiro, pero tamén como fabulador. En canto a Platón, Dióxenes Laercio recolle a idea de que foi un grande viaxeiro.

³ O apelido de Rafael está composto sobre as palabras gregas «hithlos» (charlatanería, parvada) e «daiein» (repartir, distribuír), daquela significando «o que reparte parvadas».

⁴ A primeira frase procede de Lucano, *Farsalia* 7, 819; a segunda é unha adaptación de Cicerón, *Tusculanae Disputationes* 1,43,104, quen lla atribúe ao filósofo Anaxágoras.

tunamente os barcos dos portugueses e, por fin, alén de toda esperanza, é devolto á patria».

Cando Pedro contou estas cousas, despois de darlle as grazas por ter sido tan amable comigo que, como imaxinaba que me agradaría a conversa con semellante home, fixera tan grande presentación para que eu gozase da súa charla, diríxome a Rafael, e despois de saudármonos o un ao outro e dicirmos aquelas cousas comúns que adoitan dicirse na primeira reunión entre convidados, de aí marchamos cara a miña casa e alí, sentándonos na horta nun banco cuberto de herba, poñémonos a charlar.

Contounos, xa que logo, de que xeito despois da partida de Vespucci el e os seus colegas que quedaran na guarnición, a base de iren de visita e de agasallar, comezaran a introducirse paseniño entre as xentes desa terra, e axiña a andar entre elas non só con seguridade, senón incluso con familiaridade, e incluso a seren agradables e queridos a un seu príncipe (cuxa patria e cuxo nome borráronseme). Contaba que tanto a el como aos seus cinco compañeiros lles foran sufragados coa súa xenerosidade as provisións e o acompañamento para a viaxe, cun guía moi leal para a ruta (que percorrían en barcos pola auga, pola terra en carro) que os conducía a outros príncipes que procuraban, ben provistos de cartas de recomendación. Xa que despois de moitos días de camiño, dicía que atoparan fortificacións e cidades e estados de grande densidade de poboación gobernados non do peor xeito.

Efectivamente, baixo a liña do ecuador, e tanto de aquí como de alí, por un e outro lado, case canto espazo abrangue a órbita do sol, xacían vastos ermos tórridos por mor da continua calor. Por todas partes miseria e o aspecto triste das cousas, todas áridas e sen cultivar, habitadas polas feras e polos serpentes, ou finalmente por homes, nin menos feros cás bestas, nin menos perigosos. Pero así que te levan máis lonxe, paseniño todo foi amansando. O ceo era menos duro, o sol máis suave na súa

virulencia, as naturezas dos animais máis mainas, finalmente víanse pobos, cidades, fortificacións, e entre estes había frecuentes intercambios por terra e por mar, non só entre eles e os máis achegados, senón incluso con pobos situados lonxe. De aí naceu para eles a posibilidade de veren moitas terras desta banda e daquela, xa que non se aparellaba ningunha nave para ningunha ruta na que non fosen admitidos de moi boa gana el e os seus compañeiros.

Contaba que os barcos que viron nas primeiras rexións eran de quilla plana. As velas estendíanse a partir de papiros cosidos ou con vimbios, noutros lugares eran de coiro. Despois, con todo, atopan quillas con punta e velas de canal, todo, en suma, semellante ao noso. Os mariñeiros non eran descoñecedores do mar e do ceo. Pero contaba que se gañaran a súa admirada gratitude ao lles transmitir o uso do imán, do que antes eran enteiramente descoñecedores. Por iso se afixeran timidamente ao mar, e non se encomendaban a el con ousadía máis ca no verán. Pero agora, por mor da confianza nesa pedra, desprezan o inverno, máis seguros ca protexidos, ata o punto de que o perigo é que a cousa que crían que lles reportaría un grande ben, se converta, por mor da imprudencia, na causa de grandes males.

Contou qué foi o que viu e en que lugar, e sería prolixo relatalo e non é misión desta obra: e quizais o digamos noutro lugar, sobre todo o que sería de proveito non ignorar, entre o cal principalmente as cousas que percibiu nos pobos que convivían civilizadamente e que foron pensadas con rectitude e prudencia. Precisamente sobre estas cousas nós preguntábase con avidez e el charlaba de moi boa gana, deixada de lado a curiosidade polos monstros, xa que nada hai menos novo ca estes. Efectivamente, as Escilas e as rapaces Celenos, e os Lestrigóns comedores de pobos⁵, e os portentos enormes desta caste, case

⁵ Escila e os lestrigóns pertencen á *Odisea* de Homero: a primeira é un monstro mariño, mentres cós lestrigóns eran un pobo caníbal. Escila reaparece na *Eneida* de Virxilio, obra na que tamén figura Celeno, unha das harpías.

non deixarás de atopalos en ningures, pero cidadáns saudable e sabiamente educados, non os atoparás por todas partes. Polo demais, así como tomou nota de moitas cousas mal pensadas entre aqueles pobos novos, tamén recolleu non poucas das que se poderían tomar exemplos axeitados para corrixir as desviacións destas cidades, nacións, pobos e reinos: estas traereinas a colación, como dixen, noutro lugar. Agora só teño a intención de relatar as que contaba arredor dos costumes e institucións dos utopenses, non sen antes reflectir a conversa pola que, como por un camiño, se chegou á mención dese estado. Xa que, cando Rafael narrou con toda sensatez as cousas que estaban mal aquí e as que o estaban alí (nunha e outra parte abofé que moitas), e logo as que foron previstas con máis sabedoría entre nós e igualmente entre eles, xa que consideraba os costumes e institucións dun e doutro pobo como se parece que en cada lugar que estivera pasara toda a súa vida, levado pola admiración, dille Pedro: «Pregúntome, querido Rafael, por que non te achegas a un rei; eu ben sei que non hai ningún deles a quen ti non lle serías ben de agradecer, xa que por mor desta sabedoría e deste coñecemento de lugares e homes non só o deleitarías, senón que tamén o instruirías con exemplos e serías perfecto para axudar coa túa asesoría, á vez que deste xeito poderías velar magnificamente polos teus asuntos e ser de grande axuda para o beneficio de todos os teus».

«Polo que aos meus respecta», dixo el, «non me sinto moi tocado: sen dúbida coido que con eles cumprín medianamente a miña parte de deber. Efectivamente, polo que se refire ás posesións que outros non ceden se non cando son anciáns ou están enfermos, e incluso daquela as ceden a duras penas cando xa non as poden reter máis, esas propiedades eu non só san e robusto, senón tamén mozo, repartinas entre familiares e amigos, que coido deben estar contentos con esta miña bondade e non esixir ou agardar ademais que me entregue á servidume dos reis por causa deles».

«Ben falado», dixo Pedro, «o que me parecía era non que estas na servidume dos reis, senón que estas ao seu servizo».

«Isto é», dixo el, «unha sílaba menos ca servidume».

«Pero eu coído que, efectivamente», dixo Pedro, «calquera que sexa o nome que lle outorgues, ese mesmo é o camiño polo que non só poderías guiar os demais tanto en privado como en público, senón tamén tornar máis feliz a túa mesma condición».

«Que me faría máis feliz», dixo Rafael, «por ese camiño do que renega o meu espírito? Máis ben agora vivo tal como quero, o cal eu, por certo, sospeito que acontece a moi poucos dos purpurados. É máis, hai abondo deles que devecen polas amizades dos poderosos, de xeito que non penses que se produce unha grande perda se teñen que prescindir de min ou de un ou dous semellantes a min».

Entón eu dixen: «Daquela está clarísimo que ti, querido Rafael, non estás desexoso de riquezas nin de poder, e eu por iso respecto e admiro o home que é desta túa opinión non menos cá quen queira deses que teñen o meirande poder sobre as cousas. Pero parecerá que farás algo digno dese espírito teu tan xeneroso e propio dun filósofo, se te preparas para axeitares o teu talante e a túa laboriosidade, con algunha desvantaxe a título particular, aos asuntos públicos, cousa que nunca poderás facer con tanto aproveitamento, canto se foses conselleiro dalgún grande príncipe e (o que estou ben seguro que farás) o aconsellases recta e honestamente. Porque do príncipe mana un torrente de todos os ben e de todos os males cara a todo o pobo, como dunha fonte que non cesa. En ti hai unha formación tan completa, que incluso prescindindo dunha grande práctica nos asuntos, e unha tan grande experiencia, que mesmo sen ningunha formación, virías dar nun sobranceiro conselleiro para calquera rei».

«Dúas veces trabúcaste», dixo el, «meu querido Moro, primeiro con respecto a min, logo coa materia mesma. Xa que eu

non teño a facultade que me atribúes, e aínda que a tivera en grao sumo, se fixera do meu ocio un negocio, non contribuiría en nada aos asuntos públicos. Pois en primeiro lugar, os mesmos príncipes, a meirande parte deles, ocúpanse de mellor grao nos afáns militares (dos que eu nin teño experiencia nin desexo tela) ca nas boas artes da paz, e éelles motivo de moita máis preocupación de que xeitos, tanto lícitos como ilícitos, obteñan para si novos reinos, ca como administraren ben os obtidos. Ademais, aqueles que son conselleiros dos reis, non hai ningún que, ou porque sabe realmente tanto non o precise, ou porque lle parece que sabe tanto non lle guste aceptar o consello de outro, a non ser que asintan ante as palabras máis absurdas e vivan como parasitas deses a quen, como teñen o meirande favor do príncipe, se afanan por atraer coa súa aquiescencia. E certamente así está disposto por natureza que cada quen se conmová co que el creou. Así á pega sorrille o seu pitiño, e a mona gusta do seu cachorro.

»E se alguén, naquela corte de xentes que odian o alleo ou prefiren o seu, achega algo que, ou le que se fixo noutros tempos, ou ve que se fai noutros lugares, os que iso oen de súpeto actúan como se toda a sona da súa sabedoría estivera en perigo e despois fosen ser considerados estúpidos, agás que sexan quen de atopar algo entre as cousas inventadas polos outros que convertan en vicio. Se falla o resto, véñense refuxiar aquí: «Isto», din «era do agrado dos nosos maiores, e oxalá chegásemos a igualar a súa prudencia», e tras dicir isto séntanse, como quen xa dixo a última palabra, como se houbera un grande perigo en que alguén fose considerado nalgún asunto máis sabio cós seus devanceiros, dos cales, con todo, consentimos en despedirnos con toda tranquilidade así que decidimos algo excelente. Porén, se arredor dun asunto se puido decidir con máis sabedoría, teríamos de seguido da súa asa, despois de arrepañala avidamente a mordedelas. E certamente topei con estes xuízos soberbios,

absurdos e morosos a miúdo noutros lugares, así como tamén unha vez en Inglaterra».

«Como!», dixen, «estiveches onda nós!».

«Estiven», dixo, «e parei alí algúns meses, non moito despois desa matanza coa que se reprimiu a guerra civil dos anglos occidentais contra do rei, coa lamentable destrución deles⁶. Entrementres, moito debín ao reverendísimo pai Xoán Morton, arcebispo de Canterbury e cardeal, e tamén daquela chanceler de Inglaterra: un home, meu querido Pedro (xa que vou contar cousas coñecidas por Moro), non máis respectable pola súa autoridade ca pola súa sabedoría e a súa virtude⁷. A súa estatura era mediana e non se rendía á súa idade, aínda que esta era serodia. Un rostro que respectarías e non aborrecerías. No trato non difícil, aínda que serio e circunspecto. Gustáballe ás veces probar os que lle viñan suplicar dirixíndose a eles con certa dureza, pero sen crueldade, por ver que talante, que presenza de ánimo mostraba cada quen: deleitábase con esa virtude como se fose connatural a el, con tal de que carecese de desvergoña, e a abrazaba como a ideal para xestionar os asuntos. A súa charla era pulida e eficaz, grande a súa experiencia nas leis, talento incomparable, memoria sobresaínte ata o prodixio. En suma, mellorou a base de aprender e exercitar o que por natura era xa especial. Semellaba que o rei fiaba moito nos seus consellos e que o estado se apoiaba moito nel (mentres eu estiven alí). Porque, botado desde case a primeira mocidade da escola directamente no palacio, tras pasar case toda a súa vida nos asuntos meirandes e ser zarandeado a miúdo polas mareas variadas da fortuna, aprendera a sabedoría das cousas (que cando se recolle así non escapa facilmente) xunto con moitos e grandes perigos.

⁶ A marcha dos cónicos contra dos impostos establecidos por Henrique VII aconteceu en 1497.

⁷ Morton, moi admirado por Moro, viviu entre 1420 e 1500.

»Por pura casualidade, como queira que un día estaba á súa mesa, achegárase un lego experto nas vosas leis; este, despois de atopar non sei onde a oportunidade, comezou a loar con profusión aquela ríxida xustiza que daquela se exercía alí contra os ladróns, dos que dicía que penduraban por todas partes, ás veces uns vinte dunha mesma cruz, e que por iso dicía con máis vehemencia que se admiraba de que, se tan poucos escapaban ao suplicio, por que mal fado acontecía que houbera tantos roubando por todas partes».

Entón eu atrevínme a falar libremente diante do cardeal: «Non vos admiredes», dixeron, «xa que este castigo aos ladróns está tanto por riba do xusto como lonxe da utilidade pública. Efectivamente, é demasiado cruel para vingar roubos, e porén non basta para contelos. O certo é que nin o simple furto é un crime tan grande que deba ser pagado coa vida, nin existe tan grande castigo que inhiba do latrocinio a eses que non teñen ningún outro xeito de procurarse o sustento. Por iso neste asunto non só vós, senón boa parte deste mundo semella imitar os malos preceptores, que mallan nos alumnos máis que lles aprenden. Decídense para o que rouba castigos duros e horribles, cando sería moito mellor vixiar para que houbera outro xeito de gañarse a vida e que ninguén tivese unha necesidade tan terrible primeiro de roubar e logo de morrer».

«Abondo está isto previsto:», dixo el, «existen as artes mecánicas, existe a agricultura; sería posible gañarse a vida con estas se non preferisen ser malos por elección propia».

«Pero así non o evitarás», dixeron. «Pois, en primeiro lugar, deixemos de lado os que a miúdo regresan a casa tolleitos, procedentes de guerras exteriores ou civís, como hai pouco entre vós da guerra de Cornualles, non moito antes da francesa, que perden os seus membros ou polo Estado ou polo rei, a quen nin a minusvalía permite exercer os oficios anteriores nin a idade aprender algún novo. Deixémoslos de lado, digo, xa que as guerras acontecen de tempo en tempo. Atendamos esas cousas

que acontecen acotío. Xa que logo, é tan grande o número dos nobres que non só viven ociosos como abázcaros dos traballos dos demais, a quen, talvez como colonos dos seus predios, zugan o sangue para aumentar as súa rendas (xa que esa é a única frugalidade que coñeceron, homes polo demais pródigos ata a mendicidade). Incluso levan arredor unha inmensa turba de moreas ociosas que nunca aprenderon ningún oficio para procuraren o sustento. Estes, así que o herdeiro morre ou eles mesmos enferman, inmediatamente son expulsados. Xa que alimentan os ociosos de mellor gana cós enfermos, e a miúdo o herdeiro do que morre non é abondo para alimentar en adiante a familia paterna. E entrementes, eles morren de fame se non se aplican ao latrocinio. Pois que van facer? Se cando, a base de vagar, pouco a pouco foron desgastando a roupa e a saúde, fracos xa pola enfermidade e necesitados de vestidos, nin os xenerosos se dignan acollelos nin se atreven os labregos, non descoñecedores de que o que foi educado con molicie no ocio e nos praceres, e está afeito a estar cinguido por cimitarra e escudo e a ignorar todo o que lle está arredor con cara de soberbia e a desprezar a todos os que están diante del, de ningún modo é axeitado para servir fielmente a un pobre co legón e o angazo, por unha ruín recompensa e unha escasa comida.»

A isto dixo el: «Precisamente este tipo de homes debe estar entre os primeiros que debemos favorecer. Xa que nestes homes, na medida en que son de espírito máis elevado e xeneroso có dos obreiros ou labregos, descansan as forzas e o vigor do exército, se é que hai que loitar na guerra».

«Por conseguinte», dixeran eu, «polas mesmas podes dicir que os ladróns deben ser favorecidos por mor da guerra e sen dúbida nunca careceredes de ladróns mentres teñades a estes. É máis, nin os ladróns son soldados lacazáns, nin os soldados os máis incompetentes dos ladróns, ata tal punto hai acordo entre estes oficios. Pero este vicio, con ser frecuente entre vós, non vos é propio. É máis ben común a case todos os pobos. Pois

a Francia asólaa ademais outra peste máis pestífera. Toda a patria está chea e ateigada, mesmo en tempos de paz (se é que aquela é paz), de soldados mercenarios, atraídos pola mesma convicción coa que vós considerastes que había que alimentar aquí os servidores ociosos. Efectivamente, polo que lles parece aos *morósofos*⁸, a salvación pública está baseada en que sempre estea lista unha guarnición forte e firme, sobre todo dos veteranos. E non confían para nada nos que non se adestraron, ata o punto de que incluso se lles vai procurar unha guerra para non teren soldados inexpertos, e se esganan homes de balde para que (como di con elegancia Salustio) non comece a man ou o espírito a se entorpecer por mor do ocio⁹. Pero ata que punto é pernicioso alimentar a bestas desta caste, aprendeuno tanto Francia co seu propio mal como o manifestan os exemplos de romanos, cartaxineses e sirios, así como de moitos pobos, cuxos preparados exércitos arruinaron nunhas e outras ocasións non só os gobernos, senón tamén os agros e incluso as mesmas cidades. E que pouco necesario é, faise tamén evidente do feito de que nin sequera os soldados franceses, os máis adestrados nas armas desde a máis tenra infancia, comparados cos vosos veteranos, poden gabarse a miúdo de resultaren superiores, por non dicir máis nada, para que non vos pareza que estou a seducir os presentes. Pero nin aqueles obreiros urbanos vosos, nin os rudos e salvaxes labregos semellan temer abertamente os ociosos parasitas dos nobres, se deixamos aparte ou estes a quen o corpo axeita mal coa forza e o valor, ou aqueles cuxa forza de ánimo queda magoada pola pobreza do patrimonio familiar. Así que non hai perigo de que estes cuxos corpos fortes e robustos (xa que os nobres non se dignan corromper máis cós selectos) agora ou andan a languidecer co ocio ou amolecen con asuntos case femininos, se fosen adestrados nas boas

⁸ Literalmente, «sabios necios». O termo procede de Luciano, pero foi utilizado tamén por Erasmo no seu *Eloxio da loucura*.

⁹ A referencia remite a *Bellum Catilinae* 16,3.

artes para se gañaren a vida e exercitados en labores virís, se afeminen. O certo é que, tal e como están as cousas, paréceme que de ningún xeito conduce ao interese público que, de cara á guerra que nunca tedes agás cando queredes, alimentedes unha infinita turba desa caste, que luxa a paz, da que debería haber unha proporción meirande ca da guerra. E non é esta, con todo, a única necesidade que leva a roubar. Hai outra, polo que creo, máis peculiar vosa».

«Cal é esa?», di o cardeal.

Digo: «As vosas ovellas, que adoitan ser tan suaves e comeren tan pouco, agora (segundo contan) comezaron a ser tan voraces e indómitas que devoran os mesmos homes: devastan e asolan agros, casas, vilas. Efectivamente, naquelas partes do reino nas que se produce unha la máis fina e por iso máis valiosa, alí os nobres e os xentís, e incluso algúns abades, santos varóns, non están contentos con estas rendas e froitos anuais que adoitaban crecerlles dos predios aos seus devanceiros. E ao non teren abondo con vivir no ocio e no luxo e non facer nada de proveito para o público, teñen tamén que estorbar: non deixan nada a labranza, pechan todo para pastos, derruban as casas, arruínan as vilas mentres deixan a igrexa para estabular as ovellas. E como se na vosa terra botasen a perder pouco territorio os souts das feras e os seus coutos, aqueles bos varóns converten todos os lugares habitados e o que hai cultivado en algures, en soidade. Así que, en canto unha besta insaciable, tremenda peste para a patria, ao estender os seus agros rodee algúns miles de acres cunha única sebe, os colonos son expulsados. Algúns incluso son despoixados do seu, ou levados a engano, ou apremados pola forza; ou cansos de inxustizas son abocados á venda. E así de calquera xeito emigran os pobres, homes, mulleres, maridos, esposas, orfos, viúvas, pais con nenos pequenos e unha familia máis numerosa ca rica, xa que os asuntos agrarios necesitan de moitas mans, emigran, digo, dos fogares coñecidos e habituais, e non atopan onde se recoller. Todo o enxoval, que non é vendi-

ble por moito, incluso se puidese quedar un comprador, cando teñen que botarse fóra, véndeno polo mínimo. Cando no seu vagabundeo axiña gasten isto, que lles queda finalmente máis ca roubar e que os aforquen (ben é certo que xustamente), ou que vaguen e mendiguen? Aínda que daquela tamén os botan á cadea como vagabundos, porque andan por aí ociosos, e o seu traballo non hai quen o contrate cando eles o ofrecen de moi boa gana. E é que dos traballos do agro que eles adoitaban facer non hai nada que facer onde nada se sementa. Porque un único obreiro e vaqueiro abonda para esa terra que ha dar de comer ás ovellas, para cuxo cultivo, para que fose abondo de cara a facer unha colleita, precisábanse moitas mans.

»E por este motivo acontece que en moitos lugares o prezo do gran sexa moito máis caro. Ata tal punto creceu tamén o prezo das las, que os tecedeiros que adoitan confeccionar con elas panos na vosa terra, non poidan comprar máis, e por ese motivo moitos son relegados do traballo ao ocio. Xa que despois de aumentaren os pastos, unha praga apoderouse dunha enorme cantidade de ovellas, como se Deus vingase a súa avaricia mandándolles ás ovellas unha maldición, que tería sido máis xusto que caera enriba das cabezas deles. Porque aínda que creza ao máximo o número das ovellas, para nada decrece porén no prezo: porque o delas, se non pode ser chamado monopolio porque non é un só o que vende, certamente é un oligopolio. Xa que case foron parar a mans duns poucos, e os máis ricos, a quen non urxe ningunha necesidade de vender antes do que lles peta, nin lles peta antes de que poidan facelo polo prezo que queren.

»Xa tamén polo que se refire ás demais castes de gando, o motivo polo que son igualmente caras é o mesmo, e incluso máis, xa que ao se desfaceren as vilas e minguar o patrimonio rústico, non hai quen se preocupe das crías. Xa que, certamente, aqueles ricos non alimentan as crías do gando como as das ovellas; senón que tras compraren noutro lugar crías fracas

a baixo prezo, despois de que as engrosan cos seus pastos, véndenas por moito. E por iso, ao meu parecer, aínda non se percebe todo o mal deste asunto. Aínda agora pagan caro nestes lugares onde as venden. Pero cando algunha vez as saquen de alí con máis rapidez do que poidan nacer, daquela ao decrecer paseniño a cantidade tamén alí onde se compran, forzosamente aquí padecerase unha extraordinaria pobreza. Así, no asunto no que semellaba máis próspera esta vosa illa, xa a desvergoñada avaricia duns poucos lévaa ao desastre. Xa que a carestía do prezo do gran está entre as causas de por que cada quen bota fóra da familia aos máis que pode: Onde?, pregunto, se non é a mendigar, ou a roubar, cousa da que poderías persuadir con máis facilidade aos espíritos xenerosos.

»E qué se a esta triste pobreza e escaseza se engade o intempestivo luxo? Xa que nos servidores dos nobres, e nos obreiros, e ata nos mesmos labregos, e en suma en todas as clases, hai moita insolente ostentación nas vestimentas, excesivo luxo no xantar. Xa as casas de comidas, tugurios, prostíbulo e máis prostíbulo, tendas de viño e cervexerías, ademais diso todos os xogos inmorais, dados, cartas, gobeletes, pelota, bolos, disco, e estes cartos velozmente gastados, non envían de cabeza aos seus iniciados a roubar a outro lado? Estas pestes perniciosas botádeas fóra, establecedes que as granxas e as vilas dos labregos, ou as recompoñan quen as derrubaron, ou as cedan a quen as restablecerán e a quen queiran construílas. Refreade esas compras dos ricos e a súa liberdade de practicar esa sorte de monopolio. Que sexan os menos os que crezan no ocio, restáurese a agricultura, restablézase o obradoiro da la para que sexa unha ocupación honesta, para que se exercite con utilidade esa masa ociosa, ou a quen ata agora a pobreza volveu ladróns, ou quen agora son vagabundos ou servidores ociosos, tanto uns como outros, cousa lóxica, futuros ladróns.

»A verdade é que se non vos medicades contra estes males, en van gabarédesvos da xustiza exercida en vingar os roubos,

máis aparente ca xusta ou útil. Porque cando deixades que se eduquen do peor xeito e que os costumes se corrompan desde os tenros anos, para que os castiguen só daquela, cando finalmente, xa adultos, perpetren eses crimes cuxa inclinación constante mostraran desde a infancia, que outra cousa facedes se non ladróns? E vós mesmos castigádelos».

Mentres eu dicía estas cousas, o avogado aquel entre tanto preparárase para falar e decidira para si servirse daquel xeito solemne dos que disputan, que con máis rapidez repiten que responden, ata tal punto depositan na súa memoria boa parte da loa que agardan. «Ben falaches», dixo, «sobre todo cando es un estranxeiro que puidiches máis escoitar algunhas destas cousas ca coñecelas con exactitude, iso que eu deixarei ben claro en poucas palabras. Xa que primeiro recapitularei por orde o que dixeches, despois mostrarei en que asuntos te enganou o desconecemento das nosas cousas, por último desfarei e botarei por terra todos os teus argumentos. Así que, para comezar desde o principio que prometín, en catro puntos paréceme que...».

«Cala», dixo o cardeal, «xa que semella que non vas responder en poucas palabras cando comezas así. Así que agora ímoste aliviar desta molestia de responderes, conservando ao tempo íntegro ese regalo para a vosa vindeira reunión que (se nada volo impide a ti ou a este Rafael) quixera que a traia o día de mañá. Pero entrementes, querido Rafael, quixera oír de ti por que consideras que o furto non debe ser castigado co máximo castigo, ou que outro castigo establecerías que conduza máis ao ben público. Xa que nin sequera ti sentes que o haxa que tolerar. Pero se agora, incluso por medio da morte, con todo se incorre no furto, se quedase garantida a seguridade da vida, que forza, que temor podería arredar os malos? Estes, coa mitigación do castigo, interpretarían que foron convidados á maldade como cun premio».

«Ás claras me parece», dixeran, «bondadosísimo pai, que é inxusto que se lle arrebate a vida a un home por ter roubado car-

tos. Porque coido que nin sequera se poden poñer á par coa vida humana todas as posesións da fortuna. E poden dicir que son a xustiza ferida, as leis violadas, as que se poden reparar con este castigo, non os cartos: con razón aquel sumo dereito debería chamarse a suma inxustiza. Pois nin hai que aprobar os edictos tan manlianos¹⁰ que, así que se respectan pouco as leis nas cousas máis banais, ao punto cinguen a espada, nin os decretos tan estoicos que ata tal punto consideran semellantes todos os erros, que vulgan que non hai diferenza ningunha entre se alguén mata un home ou lle rouba diñeiro, cousas entre as que (se de algo serve a igualdade) non hai nada en absoluto semellante ou afín. Deus prohibiu que se matase a ninguén, e nós matamos con tanta facilidade por uns cartiños roubados? E se alguén interpretase que a potestade de matar foi prohibida por aquel mandato divino, agás cando a lei humana proclame que hai que matar, que impide que os homes decidan entre eles, dese mesmo xeito, cando hai que admitir o estupro, o adulterio, o perxurio? Xa que Deus non só suprimiu o dereito á morte allea, senón tamén á propia de cada quen, se o consenso dos homes entre si para asentir a determinadas leis sobre o asasinato mutuo debe ter tal forza que exima das ataduras dese precepto aos seus súbditos, os cales, sen que Deus lles dera exemplo, matarán aqueles que a sanción humana ordena que sexan asasinados: non terá deste xeito o precepto de Deus tanto dereito canto lle permitan as leis humanas? E sen dúbida sucederá que en todos os asuntos os homes decidirán, do mesmo xeito, ata que punto se deben obedecer os mandatos divinos. En suma, a lei de Moisés, aínda que inclemente e dura, porque se aplicaba a xentes escravas e teimudas, con todo multou o furto con cartos, non coa morte. Non consideremos que Deus na nova lei da clemencia, coa que o pai manda sobre os fillos, tivo unha meirande permisividade para que nós sexamos crueis uns cos outros.

¹⁰ «Edictos manlianos» é expresión proverbial para cualificar leis demasiado rixidas e duras. Provéen do xeneral romano Manlio, quen aplicou a pena de morte ao seu propio fillo por desobedecer unha das súas ordes. Cóntao Tito Livio, *Ab urbe condita* 8, 7, 1-22.

»Estes son os motivos polos que creo que isto non é lícito. Non hai, ao meu xeito de ver, ninguén que ignore que absurdo e que pernicioso é para o estado castigar por igual a un ladrón e a un homicida. Xa que cando o ladrón vexa que non lle vén menos perigo por unha condena de furto ca se ademais o acusasen de homicidio, segundo este só pensamento, vese empurrado ao asasinato dese a quen doutro xeito só ía espoliar. Porque, ademais de que non teña máis perigo cando o collan, hai tamén no asasinato máis seguridade e máis esperanza de agachalo ao ser suprimida a testemuña do crime. E así, mentres nos afanamos por aterrorizar con demasiada brutalidade aos ladróns, incitamos o dano contra os bos.

»E xa polo que respecta ao que se adoita preguntar, que castigo podería ser máis axeitado: segundo este xuízo meu, é moito máis fácil de atopar có que podería ser o peor. Por que, logo, dubidamos de que sexa útil para castigar os crimes ese camiño que sabemos que outrora gustou durante moito tempo aos romanos, os máis expertos na administración do estado? Xa que estes condenaban os convictos de grandes crimes, que habían ser custodiados en cadeas perpetuas, a picar pedra e labrar metais. Aínda que eu, polo que se refire a este asunto, non aprobo a institución de ningún pobo máis cá que, mentres andaba vagabundo, anotei que se observaba en Persia entre un pobo chamado vulgarmente *polileritas*¹¹, pobo nin pequeno nin gobernado de xeito imprudente, e a non ser porque paga ao rei de Persia un tributo todos os anos, en todo o resto libre e dotado das súas propias leis. Ademais, como estaban lonxe do mar e case rodeados por montes, e non estaban para nada insatisfeitos cos froitos da súa terra en ningunha cousa, nin se achegan a miúdo a outros, nin son visitados. Con todo, a causa dun vello costume do pobo, non se afanan por estender os seus territorios,

¹¹ Novo composto de Moro, neste caso a partir das palabras gregas «polus» (moito) e «leros» (parvadas, charla), é dicir, «os que din moitas parvadas».

e os que teñen protéxenos facilmente de toda agresión os montes e mais a pensión que pagan a quen se ocupa desas cousas. Carentes totalmente de accións militares, viven por todo iso non esplendidamente, pero si con comodidade e felices máis ca coñecidos ou famosos. Certamente creo que nin sequera polo nome son abondo coñecidos, agás só polos veciños.

»Así que entre estes, os que son culpados de furto devolven ao propietario o que colleron, e non, como adoita acontecer noutros lugares, ao príncipe: como se considerasen que este ten tanto dereito á cousa roubada como os propios ladróns. Se o obxecto roubado se perdera, despois de establecer o seu prezo a partir dos bens dos ladróns e pagalo, logo o restante vai enteiro ás súas mulleres e fillos, mentres que eles son condenados a traballos.

»Se o furto non foi cometido con violencia, nin son pechados na cadea nin levan grillóns, senón que ceibos e soltos ocúpanse dos traballos públicos. Os rebeldes ou os que o toman de xeito indolente non os atan tanto con cadeas, canto os espertan a latgazos. Os que levan adiante o seu traballo con afán, non reciben maltrato, só son metidos de noite nas súas celas despois de pasaren lista. Alén do constante traballo, non hai nada molesto na súa vida. Os que serven ao ben público son alimentados, e non con penalidades, do ben público, pero en cada lugar dun xeito distinto. Tal como nun lugar o que se gasta neles procede das esmolos, e non se pode atopar un xeito máis rico, por máis ca inseguro, ca ese, tal como é de misericordioso aquel pobo, noutro lugar destinan a iso os réditos públicos. Hai lugares nos que dedican un imposto persoal a eses usos. Incluso nalgúns lugares non fan ningún traballo público, senón que conforme un particular calquera ten necesidade de mercenarios, daquela aluga no mercado o traballo para ese día de calquera de aqueles, despois de establecer un prezo un pouco inferior a aquel polo que alugaría o traballo dun libre. Polo demais é lícito castigar con azoutes a lacazanearía do escravo. Así acontece que

nunca lles falta traballo, e acotío cada un deles aporta algo ao erario público alén da súa manutención.

»Todos eles, e só eles, vístense dunha única color, co cabelo non rapado, pero curto un pouco por riba das orellas, dunha das cales córtaselles un anaco. A comida pódella dar a cada quen os amigos, así como a bebida e un vestido da súa color: que se lles dean cartos é motivo de pena capital tanto para quen os dá como para quen os recibe. E non é menos perigoso tamén para un home libre ter recibido cartos, polo motivo que for, dun condenado, tanto como que os escravos (pois así chaman aos condenados) toquen as armas. Cada rexión distingue os seus cunha marca específica: desfacerse dela é merecente da pena capital, así como ser vistos alén dos seus propios territorios ou falando con algún escravo doutra rexión. Non é máis segura a trama dunha fuxida cá fuxida mesma; é máis, o coñecemento de ter concibido ese plan é motivo de morte para o escravo, para o home libre éo de escravitude. Pola contra, están establecidas recompensas para os acusadores: para o home libre, cartos, para o escravo a liberdade, pero uns e outros teñen perdón e impunidad por sabelo, de xeito que non sexa ás veces máis seguro procurar un mal plan ca arrepentirse del.

»Isto que veño de contar é a lei e o ordenamento deste asunto. E cánto ten de humano e de práctico, vese ás claras, xa que hai nela abondo de dureza como para erradicar os vicios, salvando os homes e tratándoos de tal xeito que á forza teñan que ser bos, e como para que resarzan o resto da súa vida o mal que cometeron antes. Ata tal punto non existe o medo de que en adiante volvan caer nos antigos costumes, que incluso os camiñantes que emprenden un camiño a outro lugar consideran que non hai outros guías máis seguros ca aqueles escravos, os que van cambiando así que chegan a cada rexión. E é que para cometer o latrocinio non teñen nada que non sexa desaxeitado: as mans sen armas; os cartos que só valen como proba do crime; a vinganza preparada para aquel a quen collan, e ningunha esperanza de saír fuxindo a algures. Pois, de que xeito podería

agachar e disimular unha fuga un home que non se parece ao resto da xente en ningún elemento da súa roupa, agás se escapase espido? E mesmo así, ao fuxitivo delataríao a súa orella. Pero existe tamén o perigo cando menos de que tramen un plan e se conxuren contra a república. Como se puidese chegar a tan grande esperanza un grupo de escravos veciños sen antes tentar e mover os servos de moitas rexións! Tan afastados están da posibilidade de conspirar que nin sequera poden reunirse, falar ou saudarse uns aos outros. Como se pode crer que os seus irán acreditar temerariamente no seu plan, cando saben que é perigoso para os que o calan, pero do meirande proveito para os que o traizoan? Porque, pola contra, ninguén está totalmente falto de esperanzas de que, a base de obedecer e cumprir, e mostrando pola súa parte unhas boas expectativas dunha vida máis recta no futuro, poida deste xeito acontecer que recupere algún día a liberdade. Porque non hai un ano no que non sexan perdoados algúns a cambio da súa submisión».

Despois de dicir isto e de engadir que non me parecía que houbera motivo ningún polo que este xeito de facer non puidera ser asumido mesmo en Inglaterra, cun proveito moito máis grande ca aquela xustiza que o experto en leis aquel loara con tanto afán, a isto o tal experto en leis dixo: «Que isto nunca poida ser establecido en Inglaterra, para que non conduza a república ao meirande perigo», e ao tempo que dicía estas cousas moveu a cabeza e torceu o bico e quedou así calado. E todos os presentes púñanse da súa parte.

Daquela o cardeal dixo: «Non é doado adiviñar se o asunto resultaría de proveito ou non, xa que non se experimentou nunca. Pero se cando se pronuncie unha condena á morte, o príncipe ordena apazar a execución e se experimenta este costume, sen consentir o privilexio de asilo¹², daquela se se comproba que a cousa é útil en canto ao seu resultado, sería

¹² Os criminais, case sen excepcións, podían acollerse ao dereito de quedar a salvo da lei acubillándose nunha igrexa.

correcto establecela. E se non, condenar entón ao suplicio a aqueles que foran sentenciados antes, non sería menos propio da república nin máis inxusto ca se o fixeran xa, nin pode xurdir entre tanto perigo ningún desa situación. De feito, paréceme que se podería tratar do mesmo xeito, e non do peor, por certo, aos vagabundos, contra os que ata agora, aínda que promulgamos tantas leis, non promovemos porén nada».

Cando isto dixo o cardeal, o que todos desprezaran cando eu o contaba, iso mesmo porfiaban por acompañalo de loas, especialmente aquilo dos vagabundos, xa que fora un engadido del.

Non sei se sería mellor calar o que veu a seguir, xa que era ridículo: pero contareino, con todo, xa que non era malo e algo tiña que ver con este asunto. Estaba presente, por casualidade, un parasita que quería parecer que imitaba a un tolo, pero finxíao de tal xeito que era máis real có de verdade, atraendo a burla coas parvadas que dicía ata o punto de que era máis el o obxecto do riso cás súas palabras. O home, con todo, soltaba ás veces algunhas non absurdas, como para dar fe do proverbio que di que *a base de tirar os dados, remata por saír o seis*. Así que el, ao dicir un dos asistentes que o meu discurso tiña boa conta dos ladróns, e que o cardeal se ocupara tamén dos vagabundos, así que agora quedaba que se tratase ademais publicamente destes a quen a enfermidade ou a ancianidade empurrara á pobreza e volvera inútiles para os traballos dos que se podía vivir, dixo:

«Deixádeme, xa que eu velarei para que tamén isto se trate axeitadamente. Desexo desesperadamente botar fóra da miña vista esta caste de xente, xa que a miúdo eles me molestaron cando suplicaban cartos con aquelas súas queixas mexeriqueiras, que, con todo, nunca puideron cantaruxar con tanto suceso que me arrincasen un só peso: porque sempre aparece un ao que ou non me apeteza darlle ou non poida porque non hai nada que dar. E agora comezaron a facerse sabios, pois para non botar a perder o seu esforzo, cando me ven pasar por diante déixanme ir calados: así non agardan máis nada de min, non, por Hércules,

máis ca se eu fose un cura. Pero eu ordeno que estes mendigos todos, tras promulgar unha lei, sexan distribuídos e repartidos entre mosteiros beneditinos e que se fagan, como se di, monxes laicos; e mando que as mulleres sexan monxas.»

Sorriu o cardeal e asinte ao chiste, os demais tómano en serio. Pero un frade teólogo ata tal punto se botou a rir co que dixo contra dos curas e dos monxes que el mesmo comezou a contar chistes, un home polo demais serio case ata a severidade. «Pero nin sequera así», dixo, «te librarás dos mendigos, agás que veles tamén por nós, os frades».

«Pero», dixo o parasita, «tamén isto está atendido. Xa que o cardeal velou sobradamente por vós cando estableceu que había que prender e someter a traballos os vagabundos, xa que vós sodes os meirandes vagabundos».

Cando dixo isto, como tras botaren os ollos ao cardeal viron que non o desaprobaba, comezaron todos a meterse no asunto non sen ganas, agás o frade. Pois este (e non é de estrañar), salpicado de semellante vinagre, indignouse e púxose rubio ata o punto de que nin os presentes o puideron calmar: chamou o home pailán, insultador, maledicente e fillo da perdición, proferindo entre tanto terribles ameazas tomadas das sagradas escrituras. Xa o bufón comezaba a bufonear en serio, e estaba claramente na súa salsa.

«Non te anoxes», dixo, «bo frade: está escrito, *Coa vosa perseveranza, salvaréde-las vosas vidas*¹³». E o frade, pola súa parte (vou citar as súas palabras): «Non me anoxo», dixo, «rufián, ou cando menos non peço. Pois o salmista di: *Tremede e non pequedes*¹⁴».

Advertido daquela o frade discretamente polo cardeal para que mantivese a raia os seus afectos, dixo: «Señor, eu non falo se non é levado polo bo celo, como debo, xa que os santos

¹³ Lucas 21,19 As traducións están tomadas de *A Biblia. Tradución ao galego das linguas orixinais*, As edicións do adro, Sociedade de Estudos, publicacións e traballos, 1992 (2ª).

¹⁴ Salmos 4,5.

varóns tiveron bo celo, de onde se di: *Consómeme o celo da túa casa*¹⁵, e cántase nas igrexas, *Os que se burlaron de Eliseo mentres ascende á casa de Deus, senten o celo do calvo*¹⁶, como quizais o sentirá ese burlador, bufón, carne de canón».

«Ti falo talvez», dixo o cardeal, «levado dun bo sentimento, pero a min pareceríame que o farás, non sei se con máis santidade, pero si con máis sabedoría, se te portas de xeito tal que non trabes un combate ridículo para ti cun home necio e ridículo».

«Non, señor», dixo, «non o podería facer con máis sabedoría. Xa que o propio sabio dos sabios, Salomón, di: *Respóndelle ao necio cando fala parvadas*¹⁷, como eu fago agora, e lle mostro a cova na que vai caer se non anda con ollo¹⁸. Xa que se os moitos burladores de Eliseo, que era un só calvo, sentiron o celo do calvo, canto máis o sentirá un único burlador de moitos frades, entre os que hai moitos calvos? E incluso temos unha bula papal pola que todos os que se burlan de nós son excomungados.

»O cardeal, cando viu que non se puña fin, fixo retirar o parasita cun aceno e reconduciu con tento a charla a outro asunto; pouco despois ergueuse da mesa e entregouse a escoitar os asuntos dos seus clientes, e a nós despediunos.

»Velaquí, Moro querido, con que discurso tan longo te carexei: facelo durante tanto tempo teríame dado vergoña, se non fose porque ti o suplicaras con tanta ansia e pareceras escoitalo así como se non quixeras que se che omitise nada do relato. Aínda que o tería alixeirado, porén teríacho relatado de cabo a rabo por mor do xuízo deses que desprezaban o que eu dicía pero que de inmediato aprobaron iso mesmo porque o cardeal

¹⁵ Salmos 69,10.

¹⁶ O frade refírese a un himno atribuído a Adán de San Victor e baseado en 2 Reis 2, 23-24, onde se conta que os nenos que se moquearan de Eliseo chamándolle calvo foron, tras seren maldicidos por el, devorados por uns osos.

¹⁷ Proverbios 26, 5.

¹⁸ Resposta inspirada en Salmos 7,16: *Cava unha cova e afóndaal e cae el mesmo na cova que fixo.*

non o desaprobaba: asentíndolle ata tal punto que se deixaban seducir incluso polas ocorrencias do parasita que o señor non desprezaba por tomalas a broma, e as tomaban case a serio, para que a partir de aquí poidas vulgar en canto nos ían valorar os cortesáns a min e as miñas ideas».

«Certamente, querido Rafael», dixen, «agasalláchesme cun enorme pracer do sabias e ao tempo graciosas que foron as cousas que contaches. Ademais, polo medio pareceume non só que regresaba á patria, senón tamén que tornaba á infancia dalgún xeito coa simpática lembranza daquel cardeal en cuxa aula fun instruído de neno. Polo feito de ti cultivares a memoria deste home con tanto afán non poderías crer, querido Rafael, canto máis querido te me fixeches por este nome, cando xa eras queridísimo por outros motivos. Pero non podo de ningún xeito cambiar a miña opinión aínda. É máis, estaría plenamente convencido de que se dirixiras o teu espírito a non repeler a corte dos príncipes, poderías levar coas túas ideas máis beneficio ao ben público. Nada máis importante ca isto atinxe ao teu deber, é dicir, ao dun bo home. Xa que o teu querido Platón cre que as repúblicas só serán realmente felices se as gobernan filósofos ou se os reis fosen filósofos, que lonxe marcharía a felicidade se os filósofos nin sequera se dignasen a, cando menos, repartir o seu consello entre os reis!».

«Non son», dixo el, «tan ingratos que non fagan isto gustosamente; é máis, moitos fixérono ao publicaren libros, se estes que mandan nas cousas estiveran preparados a obedecer os bos consellos. Pero ben previu Platón, sen dúbida, que se non son os propios reis os que fan filosofía, nunca sucederá que aproben os consellos dos que filosofan, xa que desde nenos están inmersos e infectados ata a medula por opinións perversas: isto mesmo pasáballe a el na corte de Dionisio. E que non cres que se eu propuxera na corte dalgún rei decisións sas, e intentase expulsar de alí as perniciosas sementes dos malos, sería expulsado acto seguido ou tomado a escarnio?»

»Veña, figúrate que eu estou na corte do rei de Francia e que estou sentado no seu consello mentres nun aparte secretísimo, baixo a presidencia do mesmo rei á fronte dun grupo de homes dos máis sabios, trátase con grande siso mediante que artimañas e maquinacións vai reter Milán e devolver ao seu poder aquel fuxidío Nápoles; despois esmagar os vénetos e someter ao seu poder toda Italia. Despois poñer baixo o seu dominio os flamencos, os de Brabante e por último toda a Burgundia, e tamén outros pobos máis cuxo reino xa había tempo que tiña desexos de invadir. Aquí, mentres un aconsella que se faga unha alianza cos vénetos, que dure tanto canto lles veña ben, que se comparta con eles un plan e incluso que se lles deixe no seu territorio unha parte do botín que se poida recuperar cando as cousas fosen saíndo segundo o plan, outro aconsella que se aluguen uns xermanos, outro que se abrande con cartos os suízos, outro que se faga propicia a dignidade ofendida da maxestade imperial con ouro, como se fose unha ofrenda. Mentres a outro lle parece que hai que recompoñer as cousas co rei de Aragón, e que lle hai que ceder o reino de Navarra, que é de outro, como testemuña de paz, outro entre tanto cre que o príncipe de Castela debería ser captado con algunha expectativa de alianza matrimonial e que algúns nobres cortesáns deberían ser atraídos á súa facción coa seguridade dunha pensión.

»O problema máis enleado de todos é qué hai que decidir entre tanto verbo de Inglaterra. Hai que falar de paz e cinguir con lazos máis firmes unha alianza sempre feble: que os ingleses se chamen amigos, pero que sexan sospeitosos como inimigos. Así que hai que ter preparados os escoceses como se estiveran de garda, atentos a seren enviados en calquera ocasión se os ingleses se moven o máis mínimo. Ademais hai que favorecer ás agochadas a algún exiliado nobre, xa que os pactos prohiben que isto se faga abertamente, que pretenda que se lle debe ese reino para que con esa especie de brida conteña o príncipe que lles parece sospeitoso.

»Aquí, nesta tan grande empresa, con tantos varóns sobranceiros que compiten polos seus consellos de cara á guerra, se eu, pobre home, me erguese e ordenase que se repregasen as velas, considerase que hai que prescindir de Italia e dixese que hai que quedar na casa, que un só reino de Francia era case máis grande do que podería ser comodamente administrado por unha soa persoa, para que o rei non coide que hai que pensar en engadir aínda outros? E se daquela lles puxera diante as decisións do pobo dos *acorios*¹⁹, que se atopan en fronte da illa dos utopenses pola banda do sur este? Estes outrora emprenderan unha guerra para obter para o seu rei un reino que pretendía que se lle debía en herdanza por mor dun antigo parentesco, cando o conseguiron viron que en nada era menos gravoso retelo có que sufriron para procuralo, senón que pululaban constantes sementes ou de rebelión interna ou de invasión externa contra dos súbditos, e que por iso había que estar sempre loitando, ou a prol deles ou na súa contra, e que nunca había a posibilidade de licenciar o exército, e que entre tanto se lles roubaba e se levaban fóra os cartos, perdían o seu sangue por unha pequena gloria allea, e a paz non era para nada máis segura. Na casa, os costumes estaban corrompidos pola guerra, o gusto polo latrocinio estaba asumido, reforzada a ousadía para matar, as leis eran obxecto de desprezo porque o rei, distraído no coidado de dous reinos, non podía atender a ningún deles.

»Cando viron que doutro xeito non habería fin a tan grandes males, tras tomaren finalmente consello, deron ao seu rei, con toda cortesía, a posibilidade de reter o reino que quixer, xa que non habería posibilidade dos dous, que eles eran máis dos que poderían ser gobernados por medio rei, xa que ninguén admitiría de boa gana ter nin un muleiro en común con outro. Así que aquel bo príncipe viuse obrigado a contentarse co antigo reino,

¹⁹ Un novo composto, desta volta a base do «a» privativo e de «choros» (país, lugar), é dicir, «os sen terra».

tras lle deixar o novo a un dos seus amigos (que pouco despois tamén foi expulsado).

»Ademais, se mostrase que todos estes intentos de guerras polas que tantas nacións son sacudidas pola súa causa, dado que esgotan os seus tesouros e destrúen o seu pobo, van parar a nada por un ou outro azar, de seguido coidaría do reino ancestral, o engalanaría canto puidese e faríao o máis próspero posible. Que ame os seus e sexa amado polos seus, que viva con eles e mande sobre eles mansamente, e deixe que outros reinos sexan fortes xa que este que agora lle tocou a el abonda e sobra. Cres, Moro querido, que este discurso pode ser admitido por certos oídos?».

«A verdade é que por uns non moi entusiastas», dixeran.

«Continuemos, logo», dixo. «Se os conselleiros andan a tratar cun rei e a asesoralo sobre mediante que procedementos poidan engrosar as súas arcas, mentres un aconsella que se incremente o valor da moeda cando deba pagar débedas, e pola contra, se deprecie por debaixo do xusto cando houbera que recadar, de xeito que liquide unha grande débeda con pouco e reciba moito en troco de pouco. Mentres outro aconsella que finxa unha guerra e, tras recadar cartos á forza baixo ese pretexto, cando lle pareza ben faga unha paz con sacras cerimoniais para que teña prestixio aos ollos da plebe, porque o piadoso príncipe se apiada do sangue humano; mentres outro lle vai metendo na cabeza certas leis antigas e comestas polos bechos, anticuadas por un prolongado desuso, que como ninguén recorda que existían, todos transgrediron: que ordene que se impoñan multas por elas, que non hai gaño máis rico nin máis honroso coma o que leva a máscara da xustiza por diante. Mentres é aconsellado por outro para que prohiba moitas cousas baixo a pena de moitas multas, sobre todo aquelas que beneficia ao pobo que non se produzan. Que despois reparta cartos con aqueles cuxos beneficios quedan vulnerados pola prohibición: así obterá o favor do pobo e arrastrará un duplo beneficio, mentres uns son multados porque o desexo

de gaño fíxoos caer na rede, e aos outros vende privilexios por tanto máis canto mellor sexa o príncipe, como quen que a duras penas concede un privilexio a un particular contra o beneficio do pobo e por iso faino só por un prezo elevado.

»Mentres outro convénceo para que cree obrigación cara si cos xuíces para que en calquera asunto decidan a favor do dereito real, que ademais os chame a palacio e os convide a que discutan abertamente dos seus asuntos. Dese xeito nunca haberá unha causa súa tan claramente inxusta na que algún deles, ou por afán de contradicir, ou por vergoña de dicir o mesmo ou para gañarse o favor non atope nel algún oco polo que se poida entender a calumnia. Dese xeito, mentres é diversa a opinión dos xuíces, dispútase un asunto en si mesmo clarísimo e chégase a cuestionar a verdade, dáselle ao rei unha agarradoira proveitosa, a de que se interprete o dereito no seu beneficio: os demais sumaranse ou por vergoña ou por medo. Así de ousadamente lévase despois a sentenza ante o tribunal. Xa que non pode faltar un pretexto para o que se pronuncia a favor do príncipe; a el abóndalle con que a equidade estea da súa parte, ou a letra da lei, ou o sentido confuso do escrito ou a indisputable prerrogativa do príncipe, que é a que finalmente prima sobre todas as leis entre os xuíces escrupulosos.

»Mentres todos concordan e murmuran a un tempo o famoso proverbio de Craso: que non hai abondo cantidade de ouro para un príncipe que teña que manter un exército²⁰; e ademais, que un rei non pode facer nada inxusto, por moito que el quixer. Xa que todo o de todos é del, ata os mesmos homes, e só é propio de cada quen canto a bondade do rei non lle quita, e iso mesmo convénlle moito ao príncipe que sexa o menor posible para que a súa propia seguridade estea establecida niso, en que o pobo non amoleza coas riquezas e a liberdade, xa que estas cousas fan levar con menos tolerancia os gobernos duros e inxustos. Como, pola con-

²⁰ Adaptación de Cicerón, *De officiis* 1,8,25.

tra, a pobreza e a carestía curte os espíritos e os volve pacientes e quíttalles aos oprimidos os xenerosos sopros da rebelión.

»E se aquí eu, erguéndome outra volta, proclamase que todos estes consellos son deshonestos e perniciosos para o rei, para quen non só a honra, senón mesmo a seguridade está asentada máis nas riquezas do pobo ca nas súas? E se mostrase que estes aman o rei polo seu propio beneficio, non polo do rei, porque grazas ao seu esforzo e afán eles viven comodamente e protexidos das inxustizas? E que por iso atinxe máis ao príncipe a preocupación de que lle vaia ben ao seu pobo ca a si mesmo, non doutro xeito que como é obriga do pastor dar de comer ás ovellas máis ca a si mesmo, en tanto é pastor de ovellas?

»Xa que, que os que pensan que a pobreza do pobo é garantía da paz, os mesmos feitos demostran que se trabucan moitísimo: xa que, onde vas atopar máis pelexas ca entre os mendigos? Quen se vai aplicar con máis atención ao cambio das cousas ca aquel a quen menos lle gusta o actual estado da súa vida? Ou quen terá, en suma, un pulo máis ousado para removelos todo, coa esperanza de enriquecerse por algunha parte, ca aquel que xa non ten nada que perder? E se un rei foi ata tal punto desprezado ou odiado polos seus que non os poida manter a raia se non é que lles roube con malos tratos, saqueos e confiscacións e os reduza á mendicidade, conviríalle máis ao punto abdicar do seu reino ca retelo con estas artes coas que, aínda que conserve o nome de imperio, no fondo perde a súa maxestade, porque non é propio da dignidade real exercer o mandato sobre os mendigos, senón sobre os ricos, máis ben, e prósperos. Disto mesmo decatouse abofé un varón de espírito recto e sublime, Fabricio, cando respondeu que prefería mandar sobre os ricos ca ser rico²¹. E certamente que un discorra entre o pracer e os gozos, mentres por todas partes os demais xemen e se laian, isto non é ser o vixiante dun reino, senón

²¹ Caio Fabricio Luscino, quen participou na guerra contra o rei de Epiro, Pirro, entre 280 e 275 antes de Cristo.

dunha cadea. Finalmente, así como é máis inexperto o médico que non sabe curar unha enfermidade se non é coa enfermidade, así quen non sabe emendar a vida dos cidadáns por outro camiño que quitándolles as comodidades da vida, este deberá confesar que non sabe mandar sobre homes libres.

»É máis: deberá cambiar ou a súa ineptitude ou a súa soberbia, xa que máis ou menos por estes vicios acontece que o pobo ou o despreza ou lle ten odio. Que viva do seu sen magoar, axeite os gastos aos seus ingresos, refree os crimes e, coa correcta administración dos seus, preveña máis ca deixe medrar o que despois deberá castigar. Que revoque sen medo leis xa desfasadas polo costume, especialmente as que, xa longo tempo desbotadas, nunca se botaron de menos. E que nunca reciba cartos no canto dun crime, como un xuíz non toleraría que un particular, a quen vulgaría inxusto e criminal, os recibise.

»Neste punto, pon que eu lles puxera diante a lei dos *macarenses*²², os cales tampouco están demasiado lonxe de Utopía e cuxo rei, no primeiro día no que toma posesión do mando, despois de realizar grandes sacrificios, comprométese baixo xuramento a que nunca, en ningunha ocasión, terá nas súas arcas máis de mil libras de ouro, ou tal cantidade de prata canta iguale o prezo do ouro. Dis que esta lei estableceuna un rei excelente, que tiña como meirande preocupación o benestar da patria antes cá súa riqueza, como para impedir atesourar tantos cartos que causasen a súa carestía no pobo. Vía que ese tesouro sería abondo se houberse que combater, for o rei contra os rebeldes, for o reino contra incursións dos inimigos, pero que era moi pequeno como para dar ganas de invadir o alleo, e esta foi a causa máis poderosa para promulgar a lei. A seguinte foi que considerou que había que velar porque non faltasen os cartos que se gastarían na vida diaria dos cidadáns, e xa que un rei debe gastar os cartos que lle medraron ao tesouro por riba da

²² Relacionado con «makarios» (ditoso, afortunado).

súa medida lexítima, considerou que non procuraría ocasións para a inxustiza. Un rei así será motivo de temor para os malos e será amado polos bos. Se eu procurase inserir en homes fortemente inclinados á parte contraria estas cousas ou cousas desta caste, non lles iría contar un conto aos xordos?»

«E máis ca xordos», dixeran, «sen dúbida: por Hércules que nin me marabilla nin, a dicir verdade, me parece que haxa que inserir discursos deste tipo ou dar tales consellos, que con seguridade nunca se che admitirán. Pois que podería aproveitar ou de que xeito destilar un discurso tan ousado nos peitos daqueles cuxos espíritos xa ocupou e nos que se estableceu unha convicción contraria? Entre os amigos, nas charlas informais, non é desagradable esa filosofía escolástica. Pero nos consellos dos príncipes, onde se tratan grandes asuntos con grande autoridade, non hai lugar para estas cousas».

«Isto é», dixo el, «o que eu dicía, que non hai entre os príncipes lugar para a filosofía».

«E é certo», dixeran, «que non o hai para esta escolástica que considera que todo está ben en todo lugar: pero existe outra filosofía máis cidadá, que coñece o seu escenario e que se axeita a el e que na actuación que se trae entre mans defende os seus papeis con elegancia e adecuación. Esta é a que tes que usar. Se non, cando se interpreta unha comedia de Plauto, mentres os escravos andan de troula ente eles, se ti saes á escena cun vestido de filósofo e recitas o lugar da *Octavia* onde Séneca disputa con Nerón²³, non sería mellor que actuase un personaxe mudo ca que, a base de recitar un personaxe alleo, fixera semellante traxicomedia? É que corromperías e perverterías esa obra ao lle mesturar cousas contrarias, aínda que fosen mellores as que ti achegas. Sexa a que for a obra que está entre mans, interprétaa

²³ A *Octavia* é unha traxedia política atribuída pola tradición a Séneca, quen figura nela como personaxe. Contrasta pola súa trama histórica e polo seu contido de crítica ao poder tiránico coas comedias de Plauto, de evidente carácter festivo.

do mellor xeito que poidas e non a alteres toda porque che vén á cabeza outra máis elegante.

»Así acontece na república, así nas asesorías dos príncipes. Se as malas ideas non poden ser expulsadas de raíz nin podes tratar os vicios recibidos polo uso segundo a opinión do teu espírito, non por iso hai que abandonar o estado; nin a nave pode ser abandonada porque non podes acalar os ventos. E non hai que inculcar un discurso desacostumado e ousado que sabes que non vai ter peso entre os que están convencidos do contrario, senón que hai que intentalo por un camiño oblicuo e esforzarse o máis que poidas por tratar todo con coidado, e do que non poidas facer bo, fai cando menos que sexa o menos malo. Xa que non se pode conseguir que todo estea ben, agás que todos sexan bos, cousa que hai algúns anos que non espero».

«Deste xeito», dixo, «non acontecería máis nada ca, mentres me afano en tratar a loucura dos outros, eu mesmo me volva tolo con eles. Xa que se quero dicir verdades, é preciso que fale así. Polo demais, non sei se dicir falsidades é propio dun filósofo, pero non o é de min. Aínda que aquel discurso meu fose quizais desagradable e molesto para eles, non vexo por que deba parecer ousado ata a ineficacia. Se dixera ou o que Platón imaxina na súa República, ou as cousas que fan os utopenses na súa, aínda que estas cousas serían (como de certo o son) mellores, con todo poderían parecer alleas, porque aquí as posesións son privativas de cada un, alí todas son comúns.

»Pero o meu discurso (agás que para aqueles que decidiran botarse a perder precipitándose por camiños contrarios non pode ser do seu agrado aquel que os chama de volta e lles mostra os perigos), que tivo, por outra banda, que nin conveña nin cadre que se diga en calquera lugar? Porque se hai que omitir, como desacostumadas e absurdas, todas aquelas cousas que fixeron os perversos costumes dos homes para que puideran parecer alleas, entre os cristiáns debemos disimular case todas as cousas que Cristo nos aprendeu e que prohibiu ata tal punto

disimular, que mesmo aquelas que el murmurou nos oídos dos seus, ordenou que se predicasen abertamente desde os tellados. E a meirande parte delas son máis alleas a eses costumes có que foi o meu discurso, a non ser que os axitadores, homes astutos, seguindo, coido, ese consello teu, dado que os homes levan mal axeitar os seus costumes á norma de Cristo, acomodaron a súa doutrina, como unha regra de chumbo²⁴, aos costumes, para que, cando menos dalgún xeito, chegasen a ir á par. Con isto non vexo que proveito tirarían agás que poder ser malos con máis seguridade.

»E o feito é que iso é o pouco do que eu mesmo me aproveitaría nos consellos dos príncipes. Pois ou vou ser de opinións diferentes, o que sería igual a non ter opinións ningunhas, ou das mesmas, e sería colaborador, como di Micio o de Terencio²⁵, da súa loucura. Porque ese camiño teu oblicuo, non vexo que quere dicir. Coidas que se hai que esforzar, se as cousas non se poden volver todas boas, cando menos para que sexan tratadas a xeito e acontezan na medida do posible as menos malas. Porque non hai alí lugar para o disimulo, nin é posible mirar para outro lado: hai que aprobar abertamente plans horribles e hai que subscribir os decretos máis cheirentos. Actuaría a xeito de espía e case de traidor, incluso, quen loase con malicia os consellos mal dados. Pola contra, non acontece nada no que poidas engadir beneficio, botado entre eses colegas que máis facilmente chegarían a corromper ao mellor dos homes ca seren eles mesmos emendados, con cuxo perverso trato ou te depravarás, ou quedando íntegro e inocente, cubriraste coa malicia e a estupidez alleas, tan lonxe está nada de poder converterse en mellor por aquel camiño oblicuo.

²⁴ Unha regra dúctil de chumbo usábase para a construción de edificios ricos en molduras curvas. Aristóteles sérvese da imaxe para se referir ao relativismo moral na *Ética a Nicómaco* 5,10,7.

²⁵ Alusión a un personaxe da comedia de Terencio *Adelphoe* (1,145-47).

»Polo que, cunha fermosa comparación, Platón declara por que con razón os sabios se absteñen de tomar as rendas do estado. Porque cando ven o pobo paseando nas prazas mollado polas frecuentes chuvias e non poden convencelos de que escapen da auga e vaian baixo dun teito, sabedores de que non vai servir de nada se saen, máis ca para mollarse con eles, quedan dentro das casas e teñen abondo con non poder tratar a necidade allea se cando menos eles quedan nun lugar seguro.

»Aínda que de feito, meu querido Moro, para dicir realmente o que sinto, paréceme que por todas partes onde hai posesións particulares, onde todos miden todo a partir dos cartos, alí dificilmente pode nunca acontecer que se actúe co estado dun xeito xusto ou próspero, agás que sintas que se actúa con xustiza alí onde o mellor chega aos peores, ou que se actúa con prosperidade alí onde todo se divide entre moi poucos e eses non están sempre ben, pero os demais viven claramente na miseria.

»Por todo isto, cando penso para min unha e outra vez nas moi sabias e sagradas institucións dos utopenses, entre os que as cousas son administradas tan facilmente con tan poucas leis que a virtude ten unha recompensa e que, despois de repartilo todo por igual, todos teñen abondo de todo, daquela cando comparo, pola contra, con estes costumes deles tantas outras nacións, que están sempre a arranxar e nunca teñen abondo arranxada ningunha delas, nas que porque alguén atopou algo chámalo a súa propiedade privada e cuxas moitas leis, promulgadas acotío, non abundan nin para que alguén consiga o seu, nin para que o defenda, nin para que distinga do alleo aquilo que, á súa vez, denomina privado (iso que facilmente poñen de relevo eses infinitos litixios que nacen con tanta frecuencia como nunca fin teñen); cando penso para min, digo, estas cousas, vólome máis semellante a Platón e menos me marabilla que declinara facer leis para aqueles que rexeitaban esas coas que todos repartiran por igual todas as cousas beneficiosas. Certamente, como home moi sabio, viu de antemán que aquel é

o só e único camiño de cara á salvación pública, se se pon de relevo a igualdade das cousas: que non sei se se pode chegar a observar alí onde as cousas son propiedade de cada quen. Pois cando cada quen, apoiado en determinados títulos, barre para si canto pode, por moita que for a cantidade dos bens, despois de que uns poucos a repartan toda ela entre si, para o resto queda a pobreza: e case acontece que estes serían máis dignos da sorte dos outros, xa que aqueles son rapaces, deshonestos e inútiles, mentres ca estes son homes modestos e sinxelos, e máis benévolos, co seu labor diario, cara ao público que cara a si propios.

»Ata tal punto estou totalmente convencido de que repartir as cousas segundo algún principio de igualdade e xustiza, ou tratar de xeito próspero cos asuntos dos mortais, non é posible agás que se suprima de todo a propiedade. Pero ao permanecer esta, permanecerá para sempre na parte con moito máis grande e con moito mellor dos homes a angustiosa e inevitable carga da pobreza e das penalidades. Aínda que confeso que se pode aliviar unha migalla, manteño que suprimila de todo non é posible. Pois se se establecera que ninguén posúa por riba dunha determinada medida de agro ou que cada quen teña un ingreso de cartos posto por lei; se se velase cunhas leis para que non houbose un príncipe en exceso poderoso nin un pobo en exceso insolente: que fose obrigatorio que os maxistrados non fosen solicitados e nin fosen dados á venda nin creasen gastos -doutro xeito dáse ocasión para atesourar cartos mediante o fraude e os roubos e créase a necesidade de que os ricos sexan postos á fronte deses cargos que terían que ter sido administrados polos sabios. Con leis así, como digo, do mesmo xeito que os corpos enfermos adoitan recuperarse con frecuentes medicamentos da saúde perdida, así tamén estes males poderían suavizarse e mingunarse. Pero de que cheguen a sandar e regresen á boa situación non hai esperanza ningunha mentres cada quen teña o que lle é propio. É máis, mentres te afanas pola curación dunha parte, agravas a ferida das outras, e así nace do remedio dunha

a enfermidade da outra, xa que non se pode dar nada a alguén que non lle quite o mesmo a outro».

«Pero a min», dixen, «pola contra paréceme que non se pode vivir axeitadamente alí onde todo é común. Pois como pode haber abondo riqueza cando cada quen se retira do traballo porque nin lle urxe a razón do seu gaño e a confianza no labor alleo vólveo preguiceiro? Pero como son aguilloados pola pobreza e ninguén pode protexer o que atopou como se fose seu por medio de ningunha lei, non sucederá forzosamente que se sufra de constantes matanzas e sedicións? Especialmente ao ser suprimida a autoridade e o respecto dos maxistrados, nin sequera podo imaxinar que lugar podería haber para tal autoridade entre homes entre os que non hai diferenza ningunha».

«Non me estraña», dixo, «que penses así, porque nin se che puxo diante ningunha imaxe desa cousa, ou a que se che puxo é falsa. Pero se chegas a estar en Utopía comigo e chegaras a ver cos teus mesmos ollos os seus costumes e institucións, como eu fixen, xa que vivín alí máis de cinco anos e non quereda marchar xamais de alí agás para proclamar aquel novo mundo, daquela confesarías abertamente que nunca viches en ningures un pobo tan correctamente gobernado como alí».

«E a verdade», dixo Pedro Giles, «é que dificilmente me convencerás a min de que se atopa un pobo mellor gobernado naquel novo mundo ca neste que nós coñecemos, porque coido que neste non hai talentos máis pobres e as formas de goberno son máis antigas ca en aquel, e nestes a longa experiencia atopou moitas comodidades para a vida, para non engadir algunhas cousas que entre nós se atoparon de casualidade e que ningún enxeño podería ser abondo para pensalas».

«Polo que respecta», dixo el, «á antigüidade dos gobernos, poderías falar con máis propiedade se leses con atención as historias daquel mundo, que se hai que prestarlles credibilidade, antes había no seu cidades ca homes no noso. E todo o que ata agora ou inventou o enxeño ou atopou a casualidade, isto puido

ter aparecido en calquera lugar. Polo demais eu creo, a dicir verdade, que os superamos en talento, pero en aplicación e en afán quedamos moi ás súas costas.

»Xa que, segundo din os seus anuarios, antes da nosa famosa chegada, eles nunca oíran nada das nosas cousas (a nós chámannos *ultraequinoceais*), agás que outrora, hai máis de mil douscentos anos, un barco que o temporal levara alí, naufragou na illa Utopía. Chegaron á ribeira uns romanos e uns exipcios, que despois nunca marcharon de alí.

»Mira que oportunidade única e beneficiosa lles outorgou a súa laboriosidade. Non había arte ningunha dentro do imperio romano da que puidera derivarse algunha utilidade que eles non tiveran ou aprendido de hóspedes ou atopado a partir das sementes que recibiron para seguir avanzando: de tan grande beneficio foilles que algúns fosen levados de aquí alá unha única vez. Pero se un azar semellante chegou a traer a alguén de alí aquí antes, isto quedou tan esquecido como quizais tamén aos que veñan despois se lles esquecerá que eu algunha vez estiven alí. E así como eles fixeron súa inmediatamente, a partir dunha única xuntanza, a cousa beneficiosa que nós inventamos, así creo que pasará moito tempo antes de que nós recibamos algo que eles estableceron e que é mellor entre eles que para nós. Isto só é o que, sobre todo, explica ao meu modo de ver o motivo polo que, non sendo nós inferiores a eles nin en talento nin en recursos, con todo o seu estado está máis sabiamente administrado có noso e florece con máis prosperidade».

«Pois logo, querido Rafael», dixeran, «pídocho e suplícocho: descríbenos a illa. E non sexas breve, senón que podes estenderte nos agros, ríos, cidades, homes, costumes, institucións, leis e, en suma, en todo o que consideres que queiramos coñecer. Podes considerar, ademais, que queremos todo aquilo que aínda descoñecemos».

«Nada», dixo, «farei máis gustoso, xa que teño todo fresco na mente. Pero o asunto esixe tempo de lecer».

«Vaiamos logo», dixen, «dentro a xantar: despois tomémonos o tempo que nos pareza».

«Fagámolo», dixo. E así entramos a xantar. Despois de comer regresamos ao mesmo lugar, sentamos nas mesmas cadeiras e tras ordenar aos serventes que ninguén interrompese, Pedro Giles e eu pedimos a Rafael que cumprise o que prometera. E el, así que nos viu atentos e desexosos de oír, aínda que estaba sentado un pouco calado e pensativo, comezou deste xeito.

FIN DO PRIMEIRO LIBRO.
VÉN A SEGUIR O SEGUNDO.

LIBRO SEGUNDO do discurso que pronunciou Rafael Hithlodeo acerca do mellor xeito de Estado, por mediación de Tomás Moro, cidadán e visconde londinense.

A illa dos Utopenses na súa parte media, xa que por aquí é máis ancha, esténdese duascentas millas, e por ningunha parte da illa é moito máis estreita; contra os seus extremos, dun e doutro lado, vaise estreitando paseniño. Estes, como se estivesen rodeados por un círculo dunha extensión de cincocentas millas, debuxan toda a illa ao xeito dunha lúa crecente. O mar entremétese entre estes cornos e os separa máis ou menos once millas, e esténdese por un inmenso espazo. Ao quedaren inhibidos os ventos pola terra que o rodea por todas partes, estancándose ao xeito dun enorme lago no canto de se embravecer, converte case todo o leito da súa terra nun porto e, para grande aproveitamento dos homes, deixa que as naves o atravesen dirixíndose a todas partes. Os desfiladeiros son temibles, tanto polos vados como polas rochas. Nunha canle que está case no medio sobresa e un penedo, e por iso é inofensivo, no que hai edificada unha torre que serve de guarnición; os demais están agochados e axexan. As canles só as coñecen eles, e por iso non acontece por azar que ningún foráneo entre neste seo, se non o fai cun guía utopiano; e incluso para este o acceso é pouco seguro, se non fose por uns sinais que marcan o camiño desde a costa. Se estes fosen cambiados de sitio, arrastrarían facilmente á destrución a un exército inimigo, por moi numeroso que este for.

Pola outra parte non son infrecuentes os portos. Pero por todas partes, os accesos á terra están tan protexidos pola natureza ou polo artificio, que enormes continxentes poden ser contidos por uns poucos soldados avanzados. Polo demais, segundo contan, e como o mesmo aspecto do lugar proclama, esa terra non estaba outrora rodeada de mar. Pero Utopo, o vencedor cuxo nome leva a illa, xa que antes dese tempo chamábase Abraxa¹, quen conduciu aquela masa ruda e salvaxe ata o grao

¹ Abraxas ou Abrasax foi o nome dado polo gnóstico Basíledes ao Grande Arcón, a máis importante das 365 esferas que configuraban a súa cosmoloxía. A idea de dar un

de cultura e humanidade no que agora supera a case todos os demais mortais, ao facerse coa vitoria no primeiro asalto, coidou de cortala quince millas pola parte por onde a terra se adhería ao continente, e guiou o mar arredor da terra. E como obrigara a esa obra non só aos nativos, para que non tomasen o traballo como unha aldraxe, senón que tamén lles sumou todos os seus propios soldados, coa distribución do traballo entre tan grande cantidade de homes realizouse a obra con increíble rapidez e o suceso conmoveu aos veciños (quen inicialmente burláranse da vaidade do proxecto) con admiración e terror.

A illa ten cincuenta e catro cidades, todas amplas e magníficas, de lingua, costumes, institucións e leis en todo iguais; a edificación de todas é a mesma, e o mesmo é o aspecto das cousas por todas partes na medida en que o permite o lugar. As que están máis achegadas entre si están separadas vinte catro millas. Non hai, por outra parte, ningunha tan afastada que non se poida desde ela chegar a outra cidade a pé nunha viaxe dun só día.

Tres cidadáns de cada cidade, anciáns e experimentados, achéganse todos os anos para tratar dos asuntos comúns á illa a Amaurot². Pois esa cidade, porque está situada como no embigo da terra, a máis acaída para os delegados de todas as partes, é considerada a primeira e a principal. Os agros están ata tal punto ben asignados ás cidades, que por ningunha parte ningunha ten menos solo ca doce millas: por unha parte incluso moito máis, a saber, pola que as cidades máis se separan entre elas. Ningunha cidade ten apetencia de expandir as súas fronteiras. Porque das que teñen considéranse eles máis os seus labregos cós seus donos. No campo teñen por todos os agros casas confortablemente postas, dotadas de instrumentos de labranza. Habítanas cidadáns que foron emigrando alí por quendas. Ningunha familia labrega ten entre homes e mulleres menos de

epónimo, é dicir, un heroe fundador e outorgador de nome á illa, remonta á práctica dos antigos para prestixiar cidades e fundacións.

² Do grego «amauroo» (escurecer).

corenta, ademais de dous servos adscritos á terra, á fronte dos cales pónense un pai e unha nai de familia serios e maduros, e para cada trinta familias hai un único *filarca*³. De cada familia cada ano retornan á cidade vinte, os que xa botaron dous anos no agro. No canto destes, outros tantos veñen no seu lugar, chegados da cidade para seren instruídos polos que estiveron un ano alí e que por iso son máis expertos nas cousas do agro, que haberán de aprender a outros o ano seguinte, de xeito que non se caia na carestía de gran por descoñecemento, se todos fosen alí ao tempo novos e inexpertos na labranza. Aínda que este costume de renovar os agricultores está establecido para que ninguén se vexa obrigado a continuar contra da súa vontade unha vida tan dura, con todo moitos a quen o cultivo do rústico gusta por natureza, conseguen para si máis anos.

Os labregos cultivan a terra, dan de comer aos animais, preparan a leña e a levan á cidade por onde lles é máis cómodo, por terra ou por mar. Crían unha enorme cantidade de polos con marabillosa arte. Xa que as galiñas non incuban os ovos, senón que eles dan vida e crían un grande número deles estimulándoos cunha calor constante; estes, así que saen da casca, acompañan os homes no canto das nais e os recoñecen.

Crían moi poucos cabalos, e só se son bravos, e non para outro uso que para que a mocidade se exercite nos asuntos ecuestres. Xa que todo traballo de cultivo ou de transporte asúmeno os bois que, polo que din, consideran que van á zaga dos cabalos en bravura, pero vencen en aguante, e non son tan dados ás enfermidades, e ademais críanse con menos gasto de atención e de cartos, e finalmente, cando se xubilan do traballo, serven para comida.

Sérvense do gran só para o pan. Xa que beben ou viño de uvas ou de mazás ou de peras, ou, en suma, ás veces auga pura á que engaden tamén a miúdo mel ou regalicia, da que teñen

³ A palabra grega para definir o garda, o que está ao coidado de algo.

non pouca abundancia. Aínda que teñen investigado, e con toda precisión, que provisión consome a cidade e a bisbarra que rodea a cidade, producen moita máis semente e crían máis gando do que abonda para o seu propio uso, para lle repartir o restante aos veciños. Aquelas cousas que necesitan e que non se atopan no agro, todo ese enxoval procúranos da cidade e sen ningunha cousa en troco conséguenos dos maxistrados urbanos sen ningunha molestia, xa que cada mes van alí, a meirande parte para o día de festa. Cando se achega o día da colleita, os filarcas dos agricultores anuncian aos maxistrados urbanos que número de cidadáns debe serlles enviado: a turbamulta dos colleiteiros, cando acode oportunamente ese mesmo día, pode dar conta nunha boa xornada de toda a colleita.

Sobre as cidades, e nomeadamente sobre Amaurot

Quen coñeza unha soa das cidades coñéceas todas, ata tal punto son en todo semellantes entre si (na medida na que a natureza do lugar non o impide). Vou describir xa que logo unha calquera, e nin importa tanto cal. Pero cal mellor ca Amaurot? Ningunha é máis digna ca esta, como que as outras agasállana coa autoridade do senado, e ningunha é para min máis coñecida, xa que nela vivín cinco anos enteiros.

Así que Amaurot está situada nunha suave aba dun monte, e a súa forma é case cadrada. A súa parte ancha, que comeza un pouco por baixo do cumio do monte, esténdese dúas millas ata o río Anydro⁴, e é un pouco máis longa ao carón da ribeira. Nace o Anydro oitenta millas por riba de Amaurot, dunha pequena fonte, pero incrementado polo aporte doutros ríos, e entre eles de dous medianos, esténdese diante da mesma cidade cincocentas millas ao ancho, ás veces aínda máis, e tras percorrer sesenta millas é engulido polo océano. En todo este espazo que xace entre a cidade e o mar, e tamén algunhas millas por riba da

⁴ Anydros quere dicir en grego «sen auga».

cidade, a marea sobe e baixa alternativamente cada seis horas con veloz corrente. Cando a marea sobe, trinta millas ao longo, ocupa todo o leito do Anydro coas súas ondas, despois de bater en retroceso o río: daquela corrompe as augas co seu sal un pouco máis alá. Despois, ao dulcificar paseniño o río, percorre a cidade sen mesturar, e persegue á súa vez, puro e sen corromper, o mar que foxe ata preto das súas mesmas foces.

A cidade está xunguida á outra beira do río por unha ponte feita non de postes ou pías de madeira, senón de pedra e soberbiamente arquexada, por esa parte que está máis lonxe do mar, para que as barcas poidan pasar por diante de todo ese lado da cidade sen sufreren danos. Teñen ademais outro río, abofé que non moi grande, pero extremadamente tranquilo e agradable, xa que manando do mesmo monte no que está asentada a cidade, fluíndo polo medio dela entre pendentes, mestúrase co Anydro. O comezo dese río e a súa fonte, porque nace un pouco fóra da cidade, os amaurotanos xunguírono á cidade despois de rodealo de fortificacións, de xeito que se acontecese algún ataque dos inimigos, a auga non poida ser cortada ou desviada, nin corrompida. De aí a auga é distribuída mediante canalizacións de ladrillo por varios lugares cara as partes baixas da cidade. Cando o lugar impide que se faga así, utilízase tamén a chuvia recollida en amplas cisternas.

Unha muralla alta e ancha abrangue a cidade con abundancia de torres e bastións. Un foxo seco pero fondo, amplo e aderezado de sebes de espiño rodea os muros por tres lados, no cuarto o mesmo río serve de foxo. As prazas foron trazadas axeitadamente tanto para os transportes como contra os ventos. Os edificios non son en absoluto feos, e a súa constante sucesión pódese ver todo ao longo da cidade, coas fachadas fronte por fronte. Estas frontais dos bloques sepáraas unha vía de vinte pés de ancha. Ás partes posteriores das casas, canta é a lonxitude do bloque, pégase unha horta, ampla e rodeada por todas partes polas traseiras dos bloques.

Non hai casa que non teña, así como unha porta que dea á praza, tamén unha que vai á horta. É máis, as dobres follas das portas ábreanse cun sinxelo movemento da man, e despois péchanse por si mesmas, deixan pasar a calquera, así que nada é enteiramente privado. Xa que cambian por sorteo as casas cada dez anos. Aprecian moito estas hortas. Nelas teñen viñas, froitas, herbas, flores, con tanta atención, tanto coidado, que en ningures vin cousa máis frutífera, cousa máis elegante. Neste asunto acende o seu coidado non só o propio pracer, senón tamén a competencia entre os respectivos bloques polo cultivo de cadanseu horto. E certamente non atoparás en toda a cidade nada máis axeitado tanto para a utilidade dos cidadáns como para o seu pracer. Por iso, aquel que fundou a cidade semella que non tivo máis preocupación de ningunha cousa, ca desta caste de hortas.

Pois toda esta forma da cidade contan que xa foi deseñada desde o comezo polo mesmo Utopo. Pero os ornamentos e o resto dos coidados para os que viu que a vida dun só home non abondaría, deixounos en herdanza para os posteriores. E así o teñen escrito nos anuarios que conservan a historia desde a toma da illa e que abranguen mil setecentos sesenta anos, coidadosa e devotamente escritos: que as casas eran ao principio humildes, e como casopas e covas, feitas de calquera madeira, a chou, as paredes pechadas con lama. Os tellados, postos de punta, facíanos de palla. Pero agora de toda casa pode ser admirada a fermosura dos seus tres pisos, o aspecto dos muros, construídos con area, ou cemento ou ladrillo, cun recheo de cascote no espazo interior. Os tellados están erguidos en plano e énchenos con algúns cascallos baratos, pero cunha temperatura tal que non está exposta ao lume e que para aturar as inclemencias do tempo supera ao chumbo. Afastan os ventos das fiestras co vidro (xa que o usan con moita frecuencia), ás veces tamén con liño fino que untan con aceite brillante ou de ámbar, cun dobre beneficio, porque certamente faise dese xeito que deixa pasar máis luz e recibe menos vento.

Sobre os maxistrados

Cada unha das trinta familias escolle cada ano un maxistrado, os que chaman na súa lingua orixinaria *syfogrante*, na máis nova filarca. Á fronte de dez syfograntes coas súas familias poñen o que outrora chamaban *traniboro*⁵, agora *protofilarca*. Finalmente todos os syfograntes, que son douscentos, tras xuraren que escollerán a aquel que consideren máis útil, mediante votación secreta elixen un único gobernador de entre estes catro que lles recomendou o pobo. Xa que de cada cuarta parte da cidade escóllese un que é enviado ao senado. A maxistratura de gobernador é perpetua durante toda a súa vida, agás que o impida a sospeita de que pretende a tiranía. Escollen anualmente os traniboros, pero non os cambian á lixeira: o resto dos maxistrados son todos anuais.

Os traniboros veñen cada tres días, ás veces con máis frecuencia se o asunto o esixe, a consultas co gobernador. Tratan acerca do estado; os litixios entre particulares, se é que hai algún, que son ben poucos, dirímenos axiña. Chaman sempre ao senado a dous syfograntes, e cada día distintos, e tense conta de que non se delibere nada que teña que ver co estado, do que non se teña tratado no senado nos tres días anteriores á decisión. Tomar decisións sobre asuntos comúns fóra do senado ou das asembleas públicas considérase pena capital. Estas regras lévanas para isto, para que non sexa sinxelo mediante unha conxura do gobernador ou dos traniboros, tras oprimiren o pobo con tiranía, cambiar a configuración do estado. E por iso, todo aquilo que se xulga de grande importancia, lévase ás reunións dos syfograntes quen, tras comunicaren o asunto á súa familia, despois deliberan entre eles e anuncian a súa recomendación ao senado. Ás veces, o asunto lévase ao consello de toda a illa.

⁵ Syfogrante pode vir de «sophos» (sabio), ou de «syfeios» (maseira), máis «gerontes» (anciáns). Para traniboros, a orixe podería radicar en «tranes» (preciso, claro) e «boros» (lacoero, devorador).

É máis, o senado ten tamén o costume de que nada que se propoña por primeira vez un día, se discuta no mesmo, senón que se aprace para o seguinte senado, para que ninguén, cando teña soltado sen pensalo o primeiro que se lle veu á boca, medite máis tarde de que xeito poida defender con máis enerxía as súas propias decisións cás que son de utilidade para o estado, e prefira facer dano á saúde pública antes cá súa propia reputación, por mor dun pudor perverso e serodio, para non parecer que ao principio tivo pouca visión de futuro. Este tería que ter conta, xa ao principio, de falar con máis prudencia ca rapidez.

Sobre as artes

Existe unha única arte común para todos os homes e mulleres, a agricultura, da que ninguén é ignorante. Todos son instruídos nela desde a infancia, en parte na escola mediante preceptos que se transmiten, en parte a base de seren levados aos agros veciños á cidade case a xeito de xogo, non só mirando, senón tamén actuando co gallo de exercitaren o corpo.

Ademais da agricultura (que é, como veño de dicir, común a todos), cada quen aprende unha como propia, por exemplo a elaboración da la, ou o traballo do liño, ou a arte dos albaneis, ou do obreiro, tanto do ferreiro como do carpinteiro. Xa que non hai ningún outro oficio que teña alí ocupado a un número de persoas digno de relatarse. Pois os vestidos —cuxa forma é a mesma por toda a illa, agás no feito de que pola vestimenta distínguese o sexo e a condición célibe do matrimonio, e durante todo o tempo da vida permanece igual, non pouco xeitosa de ver e práctica para o movemento do corpo, acaída para a medida do frío e da calor— eses, digo, fainos cada familia para si.

Pero daquelas outras artes cada quen aprende unha, e non só os homes, senón tamén as mulleres. Pero estas, como máis febles que son, ocúpanse das máis lixeiras: traballan na la e no liño. Aos homes encoméndanselles o resto das artes, as máis

traballosas. Na súa meirande parte, cada quen é instruído nas artes do pai, xa que case todos son levados alí de xeito natural. E se a súa inclinación arrastra a alguén a outro lugar, é entregado en adopción a algunha familia dese oficio polo que é cativado, garantido o seu coidado non só polo seu pai, senón tamén polos maxistrados, de xeito que sexa entregado a un pai de familia serio e honrado. É máis, se alguén, tras ter aprendido unha arte, desexara outra máis, permíteselle do mesmo xeito. Despois de ter adquirido ambas as dúas, exercerá a que queira delas, a non ser que a cidade teña máis necesidade dunha delas.

A principal e case única función dos syfograntes é vixiar e coidar de que ninguén vague ocioso, senón que cada quen se dedique atentamente á súa arte, aínda que non desde a mañá cedo ata a última hora da noite, derreado como as bestas cun labor sen fin, xa que esa é unha desgraza meirande cá escravitude e que en case todas partes é a vida dos operarios, agás os utopenses. Estes, como dividen o día en vinte catro horas iguais, incluída a noite, só destinan seis ao traballo, tres antes do mediodía, despois das cales comezan a comida, e logo da comida, tras teren descansado durante dúas horas tras do mediodía, de novo entregan ao traballo outras tres, e conclúen coa cea. Como queira que contan a primeira hora a partires do mediodía, vanse deitar á oitava hora. O sono esixe oito horas.

O que vai no medio entre as horas de traballo e as de sono e xantar, iso encoméndaselle ao arbitrio de cada quen, non para que as malgaste no luxo ou a preguiza, senón para que, libre do seu oficio, a partir da inclinación do seu espírito, as aplique ben nalgún outro tipo de afección. A meirande parte dedica estes intervalos ás letras. Pois está establecido que haxa acotío leccións públicas nas horas do amencer, a participar nas cales só son chamados os que foron seleccionados especialmente para as letras. Pero acode a un tempo unha enorme multitude, tanto homes como mulleres de toda condición, a escoitar as leccións, cada quen a unhas, segundo o leva o seu natural. Con todo, se

ese mesmo tempo alguén preferise dedicalo á súa arte, o cal acontécelles a moitos —cuxo espírito non está chamado á contemplación de ningunha disciplina— non se lle prohibe, antes ben é loado como útil ao estado.

Despois da cea botan unha hora de lecer, no verán nas hortas, no inverno nas aulas comúns nas que comen. Alí ou exercitan a música ou se recrean na charla. O azar e os xogos absurdos e perniciosos desa caste nin sequera os coñecen, pero practican dous xogos, non diferentes ao xogo do xadrez. Un é a loita dos números, no que un número é capturado polo outro. O outro no que, reunido un exército, os vicios loitan coas virtudes. Nese xogo móstrase con moita sabedoría tanto a discordia dos vicios entre eles como a concordia contra as virtudes. Así mesmo, que vicios se opoñen a que virtudes, con que forzas loitan abertamente, con que maquinacións atacan ás agachadas, con que defensa as virtudes socavan as forzas dos vicios, con que artimañas esquivan os seus ataques, en suma, de que xeitos cada parte se fai coa vitoria.

Pero para que neste punto non vos trabuquedes, hai que mirar máis de preto. Certamente, como só están seis horas no traballo, quizais pode acontecer que consideres que diso deriva algún tipo de carencia das cousas necesarias. O cal está tan lonxe de acontecer que aquel tempo non só sexa abondo para a obtención de todas as cousas que se requiren para as necesidades da vida ou para o benestar, senón que sobre incluso, cousa que tamén vós entenderedes se reflexionades para vós mesmos que grande parte da poboación, noutros pobos, vive sen facer nada. En primeiro lugar case todas as mulleres, a metade de todo o total: ou alí onde as mulleres son traballadoras, tanto máis no canto delas lacazanean os homes. Ademais, a turba dos sacerdotes e dos que chaman relixiosos, que grande e que ociosa! Súmalle todos os ricos, sobre todo terratenentes aos que vulgarmente chaman xentís e nobres. A estes engádelle os seus criados, a saber, toda aquela marea de enredadores armados.

Engade finalmente os mendigos fortes e sans, que pretextan para a súa inactividade algunha enfermidade. Con seguridade atoparás que son moitos menos cós que crías eses con cuxo traballo existen todas esas cousas das que se serven os mortais.

Sopesa agora ti mesmo a partir disto que poucos se adican aos oficios necesarios, pois alí onde todo o medimos polos cartos, á forza practícanse moitas artes estériles e de todo superfluas, servidoras só do luxo e do pracer. Xa que, se esta mesma masa que agora traballa se repartise en tan poucas artes como esixe o uso normal da natureza, no medio de tan grande abundancia de cousas como habería que ter nese caso, os prezos sen dúbida baixarían demasiado como para que os artesáns puidesen velar pola súa vida. Pero se todos eses a quen agora distraen artes estériles, e por riba toda a turba que languidece entre o ocio e a desidia (cada un dos cales consome do que se adica aos outros traballos canto dous traballadores destes), fosen aplicados todos eles a traballos, e eses fosen útiles, facilmente decatara de que pouquiño tempo sería abondo e ata sobraría para subministrar todo o que demanda o motivo da necesidade ou do benestar (engádelle tamén o do pracer, con tal de que sexa verdadeiro e natural).

E isto mesmo en Utopía a propia realidade déixao clarísimo. Xa que alí en toda a cidade, máis a bisbarra circundante, a penas a cincocentos homes do total de varóns e mulleres, cuxa idade e fortaleza facúltaos para o traballo, se lles concede exención. Entre estes os syfograntes, aínda que as leis os afastaron do traballo, eles mesmos non se eximen del, para incitar co seu exemplo aos demais máis facilmente aos seus labores. Gozan desa mesma inmunidade estes a quen o pobo, persuadido pola recomendación dos sacerdotes, co voto secreto dos syfograntes, concede a indulxencia dunha vacación perpetua para aprenderen disciplinas. Destes, se algún frustrara a esperanza que arredor del se concibiu, fáiselle regresar cos operarios; e pola contra, non acontece raramente que un mecánico calquera se aplique ás letras aquelas horas seguidas con tanta

seriedade, e a súa dilixencia lle aproveite tanto que, eximido do seu oficio, pase á clase dos letrados. De entre esta orde dos letrados escóllense os delegados, sacerdotes, traniboros e finalmente o propio gobernador, a quen eles na súa antiga lingua chaman *barzanes*, na máis moderna *ademo*⁶. Ao non estar case todo o resto da xente nin ociosa nin ocupada en oficios inútiles, é sinxela a valoración de que poucas horas xeran tal cantidade de boa obra.

A isto que veño de recordar, engádese ademais a facilidade de que na meirande parte das artes necesarias, precisan menos traballo ca outros pobos. En primeiro lugar, a construción ou a reforma dos edificios esixe en todas partes tal traballo constante de moitos, porque o que edificou o pai, o herdeiro de pouco proveito deixa que se derrúa paseniño; e así, o que puido coidar co mínimo, o seu sucesor vese obrigado a restauralo de novo con grande gasto. É máis; frecuentemente incluso a casa que un alzou con enorme dispendio desprézaa outro de espírito delicado e queda descoidada e por iso axiña cae; noutro lugar edifica outra con gastos non menores. Pero entre os utopenses, onde están arranxados todos os asuntos e establecido o estado, moi raramente acontece que se escolla unha nova zona para construír edificios, e non só se proporciona rapidamente un remedio para os defectos actuais, senón que tamén se sae ao encontro dos que ameazan con vir. Así acontece que, cun mínimo traballo, duren durante moitísimo tempo os edificios e que os operarios desta caste non teñan a penas nada que facer, agás que se lles ordene desbatar madeira na casa e polo medio cadrar pedras e adaptalas para que (no caso de que aconteza algunha obra) poida erixila máis rapidamente.

Mira tamén nos vestidos de que poucos traballos teñen necesidade. Primeiro, mentres están no traballo, envólvense descoi-

⁶ Barzanes semella de procedencia parcialmente hebrea, xa que «bar» significa «fillo de»; «Zanos» é unha forma dórica para o xenitivo de Zeus. En canto a Ademo, é claramente «o que carece de pobo», de «a» (sen, carente de) e «demos» (pobo).

dados en coiro ou en peles que duran sete anos. Cando saen en público botan por riba un manto que tape aquelas vestimentas máis bastas; a súa color é por toda a illa única e natural. Así, do pano de la, non só abonda con moito menos ca noutro lugar calquera, senón que incluso ese é moito menos caro. Pero o traballo do liño é menor, e por iso o seu uso é máis frecuente, pero valoran no pano de liño só a brancura, no de la só a limpeza, e nulo é o valor dun fío máis fino. E así acontece que mentres en ningures lle abonden a un só home catro ou cinco togas de la de diversas cores, e outras tantas túnicas de seda, e aos que son un pouco máis requintados nin sequera dez, alí cada quen está satisfeito con unha, e a meirande parte para dous anos. Xa que non hai motivo ningún polo que desexe máis: despois de conseguilas non vai estar máis abrigado contra o frío, nin parecerá máis elegante por mor do vestido ou do sombreiro.

Polo que, como todos se aplican ás artes útiles, e desas mesmas abonda coa mínima produción, acontece, e non é de admirar, que ao haber farta abundancia de todas as cousas, ás veces collan a moitísima xente para reparar as estradas públicas (se algunhas hai deterioradas). Incluso a miúdo, ao non cadrar a necesidade dun traballo así, anuncian publicamente menos horas de traballo. Xa que os maxistrados non forzan aos cidadáns contra a súa vontade a un traballo estéril, xa que a constitución do seu estado contempla entre os primeiros este propósito: que, na medida en que o permitan as necesidades públicas, se asigne a todos os cidadáns menos tempo ao servizo do corpo e máis á liberdade e o cultivo do espírito. Pois coidan que nisto reside a felicidade da vida.

Sobre o trato entre eles

Pero semella que hai que explicar xa de que xeito os cidadáns se tratan uns cos outros, cal son as relacións da xente entre eles, e cal é o xeito de repartir as cousas.

Como, xa que logo, a cidade está establecida a partir de familias, na meirande parte dos casos os lazos de sangue xeran as familias, xa que as mulleres, cando chegan á madurez, casan e múdanse aos domicilios dos maridos. Pero os fillos varóns, e despois os netos, quedan na familia e obedecen ao máis vello dos parentes, agás que este, por mor dunha mente avellentada, puidese valerse pouco por si mesmo. Daquela sucédeo o que lle é máis achegado en idade. Pero para que a cidade non se faga máis despoboada, ou poida medrar alén da medida, cóidase de que ningunha familia (das que cada cidade, deixando de lado a bisbarra, abrangue seis mil) teña menos de dez ou máis de dezaseis adultos, porque non se pode controlar o número dos non adultos. Esta medida obsérvase facilmente ao trasladar ás familias máis escasas os que crecen nas máis completas. Pero se algunha vez reborda en total máis alá do permitido, compensan a escaseza doutras cidades. Pero se por casualidade se inflase a cantidade máis do xusto por toda a illa, daquela, tras alistar cidadáns procedentes de calquera cidade, no continente máis achegado, alí onde aos indíxenas lles sobra moito agro e lles falla o seu cultivo, expanden a súa colonia xunto coas propias leis, despois de adoptaren ao tempo os indíxenas da terra, se queren convivir con eles. Xunguidos con quen queren de cara ao mesmo proxecto vital e os mesmos costumes, facilmente van medrando xuntos, e iso para o ben dun e doutro pobo. Xa que fan coas súas prácticas que esa terra sexa abondo para uns e outros, a que antes semellaba aos outros escasa e ruín. Os que rexeitan vivir baixo as súas leis, expúlsanos destes territorios que eles mesmos trazan para si. Cos que loitan en contra, trábanse nunha guerra, xa que consideran que esa é a causa máis xusta para a guerra, cando un pobo calquera prohibe a utilización e a propiedade dese solo que el mesmo non usa, senón que o posúe como estéril e baleiro, a outros que a partir dun imperativo da natureza deban alimentarse del.

Se algunha vez lle acontecese a algunhas das súas cidades unha caída de habitantes, ata tal punto que non puideran vol-

verse a equilibrar a partir de outras partes da illa co mantemento da medida de cada cidade (o cal cóntase que aconteceu só dúas veces en toda a historia ao avanzar a crueldade da peste), échense de novo con cidadáns que retornan da colonia. Xa que permiten antes que as colonias morran ca que decreza algunha das cidades da illa.

Pero torno á convivencia dos cidadáns. Segundo veño de dicir, o máis vello está á fronte da familia. As mulleres están ao dispor dos maridos, e os fillos dos pais, e, en resumo, os menores dos máis vellos. Toda cidade divídese en catro partes iguais. No medio de cada parte está o mercado de todos os produtos. Alí lévanse a determinadas casas as producións de cada familia e quedan repartidas en hórreos, cada especie por separado. Calquera pai de familia procura as cousas que necesitan el mesmo ou os seus, e sen cartos, sen ningún tipo de compensación, leva o que procurou. E é que, por que se lle vai negar nada, cando hai abondo de todas as cousas e non existe medo ningún de que alguén queira demandar máis do que precisa? É que por que se considera que vai pedir cousas superfluas aquel que está seguro de que nada lle vai faltar nunca? Pois en todo tipo de animais fai a un avaricioso e rapaz ou o medo á pobreza, ou no home a mera soberbia que considera motivo de gloria para el ir por diante dos demais na ostentación superflua das cousas, o cal xeito de defecto non ten lugar ningún nas institucións dos utopenses.

Anexos aos mercados que veño de mencionar, están os mercados dos alimentos aos que son levados non só legumes, froitas das árbores e pan, senón tamén peixe e as bestas e aves comestibles, en lugares acondicionados fóra da cidade onde se disipan con auga corrente o sangue putrefacto e os lixos. De aquí traen gando sacrificado e limpo de mans dos escravos. Xa que non consenten que os seus cidadáns se acostumen ao despece dos animais, con cuxo hábito consideran que paseniño vai desaparecendo a clemencia, o máis humano sentimento da nosa

natureza; nin deixan levar á cidade nada fedorento ou sucio, con cuxa podremia o aire quedaría corrompido e podería arrastrar a enfermidade.

Ademais, calquera bloque ten unhas salas espazosas que se separan unhas das outras por un intervalo igual, coñecidas por cadanseu nome. Nelas viven os syfograntes, dos que a cada un lle están adscritas trinta familias, é dicir, quince por cada lado, para coller comida alí. Os encargados de cada sala reúnen no mercado a unha hora determinada, e tras daren o número dos seus, piden a comida.

Pero a primeira ración considérase dos enfermos que se curan nos hospitais públicos. Xa que no espazo da cidade hai catro hospitais, un pouco extra muros, con tanta capacidade que poderían igualarse a outras tantas cidadelas. Por unha banda, para que ningún número de enfermos, por moi grande que sexa, sexa amoreado con estreiteces, e por iso con incomodidade; por outra banda, para que estes que están posuídos por un tipo de enfermidade cuxo contaxio tende a pasar de uns a outros poidan estar afastados o máis posible do contacto cos outros. Estes hospitais están organizados así, e repletos de todas as cousas que contribúen á cura, e ademais proporciónase un coidado tan tenro e atento, con tan frecuente presenza dos médicos máis expertos, que aínda que ninguén sexa enviado para alí contra a súa vontade, non hai case ninguén en toda a cidade que ao sufrir dunha saúde adversa non prefira descansar alí ca na súa propia casa.

Cando o encargado dos enfermos recibe a comida segundo a prescrición dos médicos, daquela distribúese a mellor por igual entre as salas segundo o número de cada quen, salvando que existe o respecto cara ao gobernador, o pontífice e os traniboros, e tamén cara aos embaixadores e todos os de fóra (se é que hai algún, porque son poucos e infrecuentes), pero tamén para estes cando están presentes se lles preparan unhas casas determinadas e fornecidas. A estas salas, nas horas establecidas

do xantar e da cea, chega toda a syfogramta avisada polo son dunha tuba de bronce, agás aqueles que xacen nos hospitais ou na casa. Aínda que ninguén prohibe levar comida do mercado á casa despois de que se rematou nas salas, saben que ninguén o fai á lixeira, xa que aínda que non lle está prohibido a ninguén comer na casa, ninguén o fai, con todo, de boa gana, xa que non se considera honesto e é estúpido asumir o traballo de preparar un xantar peor cando está xa listo, limpo e rico, nunha sala tan preto.

Nesta sala todos os servizos nos que hai algo máis de sucidade ou de traballo aténdenos os escravos. O resto do labor de cociñar e preparar a comida, e en suma de organizar todo o banquete, só o fan as mulleres de cada familia por quendas. Séntanse en tres ou máis mesas segundo o número dos comensais. Os homes colócanse de costas á parede, as mulleres máis afora, de xeito que se lles xorde algún mal súpeto, cousa que adoita acontecer ás preñadas, se poñan en pe sen alterar as filas e de aí vaian onde as amas de cría.

Estas están sentadas aparte cos lactantes nunha pequena habitación destinada a iso, nunca sen lume e auga limpa, nin sen berces para que poidan deitar os pequenos e libéralos desenvolvéndoos das súas faixas á calor do lume, cando queiran, e fortalecelos cos xogos. A nai é a ama de cría de cada criatura, agás que o impida a morte ou a enfermidade. Cando iso acontece, as mulleres dos syfogramtas buscan rapidamente unha ama de cría, e iso non é difícil. Xa que para as que o poden prestar, a ningún oficio se ofrecen con máis ganas, pois todos colman de loas esa misericordia, e quen é criado recoñece a ama de cría no canto da nai.

No galpón das amas de cría están sentados todos os nenos que non cumpriron os cinco anos. O resto dos non adultos, en cuxo número inclúen os dun e outro sexo que están por baixo da idade de casar, ou atenden aos comensais ou, aqueles que pola idade aínda non son quen, están, con todo, ao seu carón,

e isto con total silencio. Uns e outros aliméntanse do que lles achegan os que están sentados, e non teñen outro tempo separado para comer.

No medio da primeira mesa, que é o lugar máis importante e desde a que pode verse toda a reunión (xa que esa mesa está atravesada na parte máis alta do cenáculo), séntase o syfogrante coa muller. A estes únense os dous máis vellos por idade, xa que por todas as mesas séntanse de catro en catro. Pero se nesa syfograntia hai un templo, o sacerdote e a súa muller, así como o syfogrante, séntanse a presidir. Dunha e doutra parte póñense os máis mozos, despois novamente os vellos, e deste xeito por toda a casa xúntanse os iguais entre si e, con todo, mestúranse cos diferentes, o cal contan que se estableceu por iso, para que a seriedade e respecto dos vellos (posto que nada se pode facer ou dicir na mesa que espante aos que lle están veciños dun e doutro lado) inhiba aos mozos da desvergoña nas verbas e da libertinaxe nos acenos.

As fontes de comida non se serven desde o primeiro lugar a seguir, senón que se ofrecen os mellores manxares primeiro a todos os máis vellos (dos cales son os lugares destacados). Despois adminístranse ao resto por igual. Pero os vellos reparten os seus manxares (dos que non había tan grande abundancia que puidesen ser distribuídos individualmente por toda a casa) segundo o seu criterio entre os que están sentados arredor. Así, por unha parte se lle reserva cadansúa honra aos maiores, e por outra parte remata por chegar, con todo, algo de pracer a todos.

Todo xantar e cea comezan con algunha lectura que teña que ver cos costumes, pero breve, para que non sexa aborrecida. A partir dela os máis vellos insiren discursos axeitados, pero nin tristes nin carentes de graza. Mais non ocupan toda a comida con longas disertacións, é máis, escoitan gustosamente tamén aos mozos e incluso os provocan a propósito para obter o coñecemento do talante e do talento de cada quen que se revela no medio da liberdade do banquete.

Os xantares son máis breves, as ceas máis longas, porque o traballo acurta aqueles, estas o sono e o descanso nocturno, que eles consideran máis eficaz para unha dixestión san. Ningunha cea transcorre sen música. E a sobremesa non carece de larpeiradas. Prenden incensos e espárense unguentos. E non deixan de facer nada que poida provocar o riso dos comensais. Xa que son algo tendentes cara esta parte, de xeito que non consideren prohibido ningunha caste de pracer (do que non veña en consecuencia ningunha molestia).

Así que deste xeito conviven na cidade, pero no campo, como están máis amplamente separados uns dos outros, todos comen cada quen na súa casa. A ninguén da familia lle falta nada de comer, porque son aqueles de quen provén todo iso do que se alimentan os urbanos.

Sobre as viaxes dos utopenses

Pero se a algúns lles vén a falta dos amigos que viven noutra cidade ou incluso a de ver ese mesmo lugar, facilmente obteñen dos seus syfograntes e traniboros o permiso, agás que algunha necesidade o impida. Así que son enviados en grupo cunha carta do gobernador que tanto testemuña a concesión da facultade de viaxar, como indica o día do regreso. Entrégase un vehículo cun escravo público que guíe os bois e coide deles. Pero se non levan mulleres acompañándoos, devolven o vehículo ao consideralo unha carga e un estorbo. Aínda que non levan nada canda eles durante todo o camiño, non lles falta de nada, xa que en todas partes están na casa. Se paran nalgún lugar durante máis dun día, cada quen exerce alí a súa arte e son tratados do xeito máis amable polos operarios da súa mesma arte.

Se alguén se pon a vagar por conta propia fóra dos seus límites e o prenden sen o documento do gobernador, é tratado de xeito ofensivo, devolto en calidade de fuxitivo e castigado

duramente. Se ousa facelo outra vez, é dobregado á escravitude. Pero se a alguén lle vén o desexo de vagar polos campos da súa propia cidade, co permiso do pai e o consentimento da cónxuxe, non se lle prohíbe. Pero sexa cal sexa o campo ao que chegue, non se lle dá ningunha comida antes de que teña cumprido coa tarefa do seu oficio de antes do mediodía ou canto se adoite traballar alí antes da cea. Segundo esta lei, a calquera lle é permitido ir dentro das fronteiras da súa cidade, xa que non será menos útil á cidade ca se estivese nela.

Xa vedes que inexistente é en todas partes a liberdade para estar ocioso, os xustificantes para a inactividade, a taberna do viño, a da cervexa, o bordel, a ocasión para a corruptela, as agachadas, as conspiracións, senón que ao estaren á vista de todos establecen a necesidade ou dun labor coñecido ou dun ocio non deshonesto. Por forza segue a este costume do pobo a abundancia de todas as cousas. E como esta chega por igual a todos, non é raro que aconteza que ninguén poida ser pobre ou mendigo.

No senado de Amaurot (ao que, como veño de dicir, acoden cada ano tres de cada cidade) onde primeiro se decidiu que cousa abonda en cada lugar e, pola contra, de cal hai noutro lugar unha máis ruín produción, a pobreza dun repáraa a riqueza do outro, e isto fano de balde, sen recibiren á súa vez nada deses a quen dan. Pero igual que deron do seu a unha cidade calquera sen procuraren nada en troco, reciben aquilo do que carecen doutra a quen nada emprestaron. Así toda a illa é como unha única familia.

Despois de que se teñan abondo abastecido eles mesmos (o cal non consideran que estea feito antes de que teñan previsto un bienio, por mor do resultado do ano seguinte), daquela das cousas que sobran exportan a outras rexións gran cantidade de trigo, de mel, de la, de liño, de madeira, de púrpura e cunchas, de veludo, de cera, de unto, de coiro e tamén ademais de animais. De todas estas cousas, dan unha sétima parte aos

pobres desa rexión como agasallo, o resto ándano a vender a un prezo escaso. Deste comercio traen de volta á patria non só esas mercancías das que carecen na casa (o cal non é a penas nada, agás o ferro), senón ademais grande cantidade de prata e ouro. Por mor dunha inveterada práctica deste asunto, abonda xa unha grande cantidade destas cousas por todas partes, máis do que se poida crer. E así agora danlle pouco valor a se venden con cartos contantes ou a fiar, e con moito a meirande parte téñena en pagarés. Con todo, á hora de facelos non poñen nunca como garantes os particulares, senón a cidade, tras elaboraren os procedementos usuais. Cando chega o día do pago, a cidade esixe un crédito dos debedores particulares e o leva ao erario e se desfruta a usura deses cartos ata que sexan reclamados de novo polos utopenses. Eles nunca reclaman a meirande parte, pois non consideran xusto que algo que entre eles non ten ningún uso lles sexa retirado a aqueles que o están a usar. Pero se o asunto así o esixira, de xeito que fosen dar algunha parte en préstamo a outro pobo, daquela reclámana abertamente, ou cando se vai facer a guerra, o único asunto para o que conservan todo aquel tesouro que teñen na casa para que lles sexa de axuda ou nos perigos extremos ou nos repentinos. Sobre todo para contratar por un soldo desmesurado a soldados externos (aos que envían fronte ao perigo con máis gusto cós seus propios cidadáns), sabedores de que ante a cantidade dos cartos os mesmos inimigos poden ser comprados e incluso pelexar entre eles abertamente ou en segredo.

Por este motivo conservan un inconmensurable tesouro; pero con todo non o teñen por tesouro, senón dun xeito que me arrepiá a vergoña de contalo acto seguido, xa que me pon medo que o meu relato non vaia ser acreditado, o cal temo tanto máis xustamente canto máis son consciente de que, se non o chego a ver cos meus mesmos ollos, dificilmente podería eu mesmo ser levado a crer a outro que contase cousa tal. E é que por forza, canto máis alleo é algo aos costumes daqueles que o oen, tan

lonxe lles está iso mesmo da súa fe. Aínda que un avaliador prudente das cousas quizais se admirará menos, visto que o resto das súas institucións son tan diferentes das nosas, se o uso da prata e do ouro se axeita máis ao modo dos seus costumes có noso. En definitiva, eles non se serven dos cartos, senón que os conservan para unha ocasión que, así como poden chegar a ser usados, tamén pode acontecer que nunca suceda. Entrementes o ouro e a prata (de onde proceden os cartos), considéranse entre eles de xeito tal que non sexa valorado por ninguén en máis do que merece a súa mesma natureza. E quen non ve o moi por debaixo do ferro que están? Como que sen este, por Hércules, non poden vivir os mortais, non máis que sen o lume e a auga, mentres que pola súa parte ao ouro e á prata a natureza non lles atribuíu ningunha utilidade da que non poidamos prescindir facilmente, agás que a necidade dos homes teña atribuído un valor á escaseza. É máis, pola contra, a natureza, como unha nai bondadosísima, tería exposto publicamente as cousas mellores e máis beneficiosas, como o aire, a auga, a mesma terra, pero tería afastado ben lonxe as inútiles e que en nada van aproveitar.

Así que estes metais, se eles os agochasen nalgunha torre, o gobernador ou o senado podería caer na sospeita (tal como é a estúpida malicia do populacho) de que, tras enganar o pobo mediante un truco, eles gozasen dalgunha prerrogativa grazas a iso. É máis, se fabricasen copas con eles e outras obras dese xeito talladas polo artesán, se algunha vez acontecese a ocasión de telas que fundir de novo e gastalas nas pagas dos soldados, ven que sen dúbida acontecería que levarían mal que se lles quitasen esas cousas que unha vez comezaron a ter para o seu deleite. Para atallar isto pensaron unha medida tan acaída co resto das súas institucións, como moi afastada das nosas (para quen o ouro importa tanto e se amorea con fruición), e por iso non digna de crédito agás para quen a experimentou. Xa que, mentres que comen e beben en vaixelas de louza e vidro, moi

elegantes pero humildes, do ouro e da prata fabrican ouriñais e vasillas do máis sucio non só para as salas comúns, senón tamén para as casas particulares. Tamén as cadeas e bastos grillóns cos que atan os escravos, fábrícanas deses mesmos metais. Finalmente, aqueles a quen algún crime fai convictos, das súas orellas penden uns aros de ouro, os dedos cingúeos ouro, un colar de ouro rodéalles o pescozo e, en suma, a cabeza é coroada con ouro. Así procuran de todos os xeitos que entre eles o ouro e a prata sexan ignominiosos e deste xeito sucede que estes metais, que os outros pobos deixan que lles quiten con non menos dolor cás súas mesmas entrañas, entre os utopenses, se unha vez un asunto esixise que se lles levasen todos, non parecería que a ninguén lle tivese importado un can a súa perda.

Ademais collen perlas na beira do mar, incluso nalgunhas rochas diamantes e rubís, pero non as andan a procurar, senón que pulen as que lles caen por azar. Con elas engalanan os nenos pequenos que, como acontece nos primeiros anos da infancia, gábanse de semellantes adornos e fachendean deles; así, cando medran un pouquiño en idade, ao se decataren de que esas bagatelas non as usan máis cós nenos, sen ningunha indicación dos pais, senón pola súa propia vergoña, quítanas. Non doutro xeito que os nosos nenos, cando se van facendo grandes, rexeitan as noces, os axóuxeres e as bonecas.

Que estas institucións tan diferentes dos outros pobos xeran tamén tan diferentes afeccións dos espíritos, nunca se me fixo tan claro como cos embaixadores dos *anemolios*⁷. Estes chegaron a Amaurot mentres eu estaba alí, e, como viñan tratar de grandes asuntos, anticipáranse á súa chegada aqueles tres cidadáns por cada cidade. Todos os embaixadores dos pobos máis veciños, que chegaran alí antes, para quen os costumes dos utopenses eran ben coñecidos e sabían que entre eles non se concedía ningunha honra a un vestido luxoso, e coñecían que

⁷ Procedente do grego «anemolios» (ventoso).

a seda era digna de desprezo e o ouro tamén era vil, adoitaran vir co atavío máis humilde que puideran. Pero os anemolios, que estaban máis distantes e tiveran menos trato con eles, como oíran que alí todos tiñan o mesmo atavío e que este era moi basto, convencidos de que non tiñan o que non usaban, eles mesmos máis fachendosos ca sabios, decidiron que os seus preparativos, na súa elegancia, imitasen a certos deuses e refregar os ollos dos pobres utopenses co esplendor do seu ornato.

E así entraron tres embaixadores con cen acompañantes, todos con vestidos de cores, a meirande parte de seda. Os mesmos embaixadores (xa que na súa casa eran nobres) cun manto de ouro, grandes colares e pendentes de ouro, ademais aneis de ouro nas mans, por riba pendurados na capa uns colares que brillaban con perlas e pedras preciosas, adornados en suma con todas as cousas que entre os utopenses servían ou de castigos dos escravos ou de deshonra dos infames ou de xoguetes dos nenos. Así que pagaba a pena ver de que xeito erguían as cristas cando comparaban os seus adornos co vestido dos utopenses (xa que o pobo botárase ás rúas). E pola contra, non era menos pracenteiro analizar canto lles frustrara a súa esperanza e as súas expectativas, e que lonxe estaban desa valoración que creran que ían conseguir. Xa que aos ollos de todos os utopenses, agás uns pouquiños que visitaran outros pobos por algún motivo concreto, todo aquel esplendoroso aparato lles parecía vergoñento, e saudando con reverencia aos máis humildes como se fosen señores, considerando os mesmos embaixadores, por mor do seu uso de cadeas de ouro, como escravos, sen ningunha honra máis deixáronos marchar. Se viras logo os nenos, que rexeitaran as pedras preciosas e as perlas, cando as viron cosidas ás capas dos embaixadores, arrastrar a nai e baterlle no costado: «Ai, mamá, que grande impostor usa aínda as perlas e as pedriñas preciosas como se fose un meniño!». E a nai, tamén ela en serio, dille: «Cala, fillo: é, coído, un dos bufóns dos embaixadores».

Outros criticaban aquelas cadeas douradas, como de ningunha utilidade, xa que eran tan finas que un escravo podería rompelas, e tan frouxas que as podería sacudir cando lle pracer e solto e ceibo fuxir onde lle petase.

Pero os embaixadores, despois de pasar alí un día e outro, viron tan grande cantidade de ouro tida en tan grande menosprezo e nun desprezo non menor do que se tiña por honrado entre eles; ademais, máis ouro e prata amoreados para as cadeas e grillóns dun escravo fuxitivo ca aquel do que estaba feito todo o boato deles tres: abaixando os fumes, avergoñados, afastaron todo aquel atavío co que con tanta arrogancia se engalanaran, sobre todo despois de que, tras falaren con máis confianza cos utopenses, coñeceron os seus costumes e opinións.

Admíranse eles de que haxa algún mortal ao que deleite o brillo falaz dunha miúda pedra preciosa ou dunha xemiña, cando pode contemplar unha estrela ou, en suma, mesmo o sol; ou que haxa alguén tan tolo que se considere máis nobre por mor do fío dunha la máis fina, cando esta mesma (por moi fino que sexa o seu fío) outrora levouna unha ovella, e non segue a ser outra cousa ca unha ovella. Admiran igualmente que o ouro, pola súa mesma natureza tan inútil, agora sexa tan valorado en todas partes, de xeito que o mesmo home por quen e incluso en cuxa utilidade obtivo esa valoración, se valore a si mesmo en moito menos có ouro ata o punto de que calquera pesado que non ten máis talento ca un tronco e que incluso é menos deshonesto ca necio, teña baixo a escravitude a moitos homes sabios e bos, simplemente por isto, porque lle toca unha boa morea de moedas de ouro. Se algún azar ou algunha enganosa interpretación das leis (que non menos có propio azar mestura o de arriba co de abaixo) o convertese do amo aquel que era no máis depravado bufón de toda a súa familia, con razón acontece un pouco despois que pase ao servizo dun servidor seu como apéndice e complemento das moedas. Pero aínda moito máis admiran e detestan a tolemia deses que outorgan a aqueles ricos aos que nada

deben e cos que non están obrigados, por ningunha outra consideración ca porque son ricos, honras case divinas, e isto cando saben que son tan ruíns e avaros que teñen por máis seguro ca nada que de tan grande morea de moedas non lles vai chegar a eles mentres vivan nin sequera unha miserable cadela.

Estas opinións e outras así concibíronas en parte a través da educación, ao se criaren nesa república cuxas institucións afástanse en grande medida destas castes de estupideces, en parte por doutrina e letras. E é que, aínda que non son moitos os de cada cidade que, liberados dos outros traballos, conságranse só á aprendizaxe, é dicir, estes en quen desde a infancia atoparon un carácter excepcional, un talento sobresaínte e un espírito propenso a aprender as boas artes, aínda así todos os nenos mergúllanse nas letras e unha boa parte do pobo, homes e mulleres, ao longo de toda a súa vida aplican á lectura aquelas horas que dixemos que estaban libres dos traballos.

Aprenden as disciplinas na súa propia lingua, xa que non é nin pobre en verbas nin áspera de oír, nin hai intérprete máis fiel do espírito. Esta mesma ou case (agás porque está en todas partes bastante corrompida, en cada lugar dun xeito), está entendida por unha grande zona do seu mundo.

De todos estes filósofos cuxos nomes son famosísimos neste mundo que nós coñecemos, antes da nosa chegada nin sequera a fama dun deles chegara alí, pero na música, na dialéctica e na aritmética e a xeometría os seus devanceiros atoparon case o mesmo cós nosos. Pero así como igualan aos antigos en case todas as cousas, así están ben lonxe de igualar as invencións dos dialécticos máis recentes. O certo é que nin sequera atoparon ningunha regra desas que sobre as restricións, amplificacións e suposicións, meditadas con grande agudeza, aprenden por todas partes os nenos nas *Parva logicalia*⁸. Ademais, están tan lonxe

⁸ *Parva logicalia* ou «elementos de lóxica menores» é o nome que reciben diversos tratados da baixa Idade Media que Moro ataca noutros escritos ironizando co seu nome, que el atribúe á escaseza de lóxica que conteñen. Nesta sección, Moro fai un percorrido

de ter unha suficiencia para seguir as trazas das «segundas intencións» que nin o mesmo home que chaman «en xeral», aínda que (como sabedes) sexa claramente un coloso e máis grande que calquera xigante, e ademais nós o teñamos sinalado co dedo, ninguén deles o puido ver⁹. Pero en troco son verdadeiros expertos no curso dos astros e no movemento das órbitas celestes. Incluso idearon instrumentos de figuras diversas de grande enxeño cos que teñen perfectamente dominados os movementos e as posicións do sol e da lúa, e tamén dos demais astros que se ven habitualmente no seu horizonte. Ademais, as conxuncións e as separacións das estrelas errantes, e en suma toda aquela impostura da adiviñación a partir dos astros, nin sequera as soñan. Chuvias, ventos e outras vicisitudes do tempo, predinas por unha prolongada práctica na observación de certos sinais. Pero das causas de todas estas cousas, e das mareas e da salinidade do mar e, en suma, da orixe e natureza do ceo e do mundo, en parte contan as mesmas cousas cós nosos antigos filósofos, en parte, como aqueles difiren entre eles, así tamén estes, mentres traen novas explicacións das cousas, disenten de todos aqueles e non están de acordo entre eles en todo.

Nesa parte da filosofía que trata da moral, debaten as mesmas cousas ca nós, pregúntanse sobre os bens do espírito e do corpo e das cousas externas, e se é axeitado o nome de «ben» para todas estas cousas ou só para as dotes do espírito. Debaten encol da virtude e o pracer, pero a primeira e principal controversia de todas é en que cousa, unha soa ou máis, consideran que reside a felicidade do home. Pero neste asunto semellan máis propensos do que é xusto cara á facción que afirma o pracer como aquela coa que definen ou toda ou a máis importante

polos esquemas educativos habituais: o *quadrivium* (música, aritmética, xeometría e astronomía) e máis o *trivium* (gramática, retórica e dialéctica).

⁹ Alusión irónica aos «universais» (o home en xeral) manexados polos filósofos escolásticos, contra os que Moro arremete. A noción de «segundas intencións» vai tamén nesa liña: opóñense ás «primeiras intencións», que son as apreensións directas das cousas, e teñen xa que logo o carácter de abstraccións, xeneralizacións.

parte da felicidade humana. E para que quedes máis abraiado, procuran tamén da relixión (que é seria e severa e case triste e ríxida), a confirmación de tan agradable opinión. Xa que nunca discuten sobre a felicidade sen que, tras coller algúns principios da relixión, daquela os xungan coa filosofía que se serve das razóns. Consideran que sen aqueles a razón en si mesma é manca e torpe de cara á consecución da verdadeira felicidade.

Eses principios son os seguintes: que a alma é inmortal e nacida, pola bondade de Deus, para a felicidade. Polas nosas virtudes e boas obras estannos destinadas recompensas tras desta vida, e castigos polos pecados. Aínda que estas sexan cousas da relixión, coidan con todo que mediante a razón somos levados a crelas e aceptalas. Sen a menor vacilación afirman que ningún é tan estúpido que non sinta que, se as quitasen do medio, procuraríase o pracer polas boas ou polas malas. Só se coidaría de que un pracer menor non fose obstáculo para o meirande, ou de perseguir aquel que, á súa vez, trouxera en troco dolor. Xa que consideran totalmente fóra da testa ir detrás dunha virtude dura e difícil e non só afastar as dozuras da vida, senón incluso procurar por propia vontade a dolor sen que agardes dela froito ningún (que froito pode, logo, haber se despois da morte non consegues nada cando levas pasado toda esta vida sen pracer, é dicir, tristemente?).

A dicir verdade, non cren que a felicidade resida en calquera pracer, senón no que é bo e honesto: cara el é arrastrada a nosa natureza como cara ao sumo ben pola nosa virtude, que é a única a quen a facción contraria atribúe a felicidade.

Definen a virtude, xa que logo, como vivir consonte a natureza, xa que nós fomos creados por Deus cara a iso. Segue certamente esa guía da natureza quen tempera coa razón a procura e o rexeitamento das cousas. A razón fai avanzar os mortais primeiro de todo cara ao amor e o respecto da maxestade divina, a quen debemos tanto o que somos como o feito de que podemos ser capaces da felicidade. En segundo lugar estímálanos e

aconséllanos para que levemos nós mesmos unha vida o menos ansiosa e o máis leda posible e para que nos ofrezamos a todos os demais como axudantes para que obteñan o mesmo, segundo a sociabilidade da nosa natureza. Pois ninguén houbo xamais tan ríxido e triste fanático da virtude e odiador do pracer, que así como che marca penalidades, vixías e miserias, non che ordene igualmente aliviar a pobreza e as penas dos demais na medida das túas forzas; e considera que é digno de loa co nome de humanidade que o home sirva de salvación e consolo ao home, se é que o humano é sobre todo (e ningunha outra virtude é máis propia do home) minguar os males dos demais e, suprimida a tristeza, devolver a vida ao gozo, é dicir, ao pracer. E por que, logo, a natureza non insta a un a que se ofrezca isto a si mesmo? Xa que ou é mala a vida alegre, é dicir, entregada ao pracer, e de ser así non só non debes axudar a ninguén cara a ela senón que incluso deberías retirarlle na medida do posible a todos, ao ser danosa e mortífera, ou, se non só é lícito, senón que incluso debes proporcionarllela aos demais por ser boa, por que non a ti mesmo en primeiro lugar? Non convén que sexas menos favorable a ti mesmo cós demais. Xa que cando a natureza te exhorta a que sexas bo cara os demais, non é que te ordene ser pola contra cruel e duro cara ti mesmo. Así que a mesma natureza, din eles, prescríbenos a vida alegre, é dicir, o pracer, como se fose o fin de todas as accións, e definen a virtude como vivir segundo esta prescrición. E xa que a natureza convida os mortais a que se proporcionen uns aos outros unha vida máis gozosa (o cal seguramente fai con razón, xa que ninguén está tan por riba da sorte do xénero humano que sexa o único obxecto de preocupación da natureza, a cal favorece por igual a todos aos que abrangue na comunidade dunha mesma forma), non é raro que ela mesma te ordene vixiar unha e outra vez para non ires detrás dos teus beneficios mentres procuras as desgrazas dos demais.

Consideran logo que se deben respectar non só os tratos establecidos entre particulares, senón tamén as leis públicas que, ou promulgou con xustiza un bo príncipe, ou sancionou con consenso xeral o pobo, nin oprimido pola tiranía nin obrigado por engano, sobre o reparto dos bens da vida, é dicir, sobre a base do pracer. Mentres estas leis sexan acatadas, é sabio velar polo teu benestar, e piadoso ademais polo público. Pero ir roubar o pracer alleo para conseguir o teu, esa é verdadeiramente a inxustiza; pola contra, privarte ti de algo que engadas a outros, isto claramente é o deber da humanidade e da bondade, o cal nunca arrebatara tanto benestar canto trae de volta. Xa que se recompensa coa remuneración dos beneficios, e a mesma consciencia do ben feito e a lembranza do amor e da boa disposición daqueles a quen fixeras o ben, trae máis pracer ao espírito có que puido haber naquela cousa corporal da que te privaches. Finalmente (porque a relixión persuade facilmente ao espírito que de boa gana cre) Deus recompensa a quenda dun pracer breve e efémero cun gozo enorme e que nunca vai desaparecer. Deste xeito, logo, cren, despois de analizaren e sopesar con coidado o asunto, que todas as nosas accións, e nelas incluso as mesmas virtudes, miran en suma cara o pracer como un fin e como a felicidade.

Chaman pracer a todo movemento e estado do corpo ou do espírito ao que gustamos de inclinar nos a instancias da natureza. Non sen razón engaden que é unha tendencia da natureza. Xa que o que é gozoso por natureza, ao que non se tende por medio da inxustiza, nin se admite nada máis gozoso nin leva canda el penalidades, non só os sentidos, senón tamén a correcta razón o persegue. Pero as delicias que os mortais crean alén da natureza coa máis baleira das imaxinacións (como se neles mesmos residira a capacidade para trocar as cousas cos seus nomes), deciden que todas esas cousas ata tal punto non fan nada pola felicidade, senón que incluso a obstaculizan: porque a eses a quen unha vez posuíron, para que non lles quede nunca

un lugar libre para os deleites verdadeiros e auténticos, échenlles todo o espírito cunha idea falsa do pracer. Hai certamente moitas cousas que, aínda que pola súa mesma natureza non teñen nada de doce, incluso teñen máis ben unha moi boa parte de amargo, ao perverteren os atractivos dos desexos deshonestos, son consideradas non só como os meirandes praceres, senón que ademais se contan entre os principais motivos para vivir.

Nesta caste do pracer sucedáneo colocan os que antes citei, quen porque teñen a mellor toga cren por iso ser mellores; e equívócanse dúas veces nunha mesma cousa. E non están abofé menos enganados porque consideran mellor a súa toga ca porque se consideran mellores eles mesmos. Xa que por que, se atendes á utilidade da vestimenta, vai estar unha la dun fío máis fino por riba dunha dun fío máis grosso? Pero eles, con todo, como se fosen sobranceiros pola súa natureza, e non polo seu extravío, despregan as súas cristas e se consideran por iso merecedores de chegar a todo. E por iso, a honra que non terían ousado esperar cando ían vestidos con máis pobreza, esíxena para a súa máis elegante toga, como por dereito propio, e se pasan ao seu carón con indiferenza, indígnanse.

Pero é que tamén isto mesmo, deixarse afectar por honras baldeiras e de ningún proveito, non é propio da súa ignorancia? Pois que de natural e de verdadeiro deleite trae consigo a cabeza espida do outro, ou o xeonllo flexionado? É que con isto se curará a dolor dos teus xeonllos? Ou se aliviará a dolor da túa cabeza? Nesta imaxe dun pracer afectado é admirable con que dozura tolean os que se deixan seducir pola imaxe da nobreza e celebran que lles tocara nacer duns devanceiros así, cuxa longa dinastía foi considerada rica (xa que agora a nobreza non é outra cousa), especialmente en terras, e non se ven nin sequera unha migalla menos nobres, aínda que os seus devanceiros non lles deixaran nada ou eles mesmos dilapidaran o que lles deixaron.

A estes súmanse os que se deixan atraer por pedras preciosas e xoias (como dixen) e dalgún xeito parécelles que se

converteron en deuses se algunha vez conseguen algunha sobranceira, especialmente desa caste que na súa época é máis apreciada polos seus: xa que nin entre todos nin en toda época dásele o mesmo valor aos mesmos tipos. Pero non a compran se non está libre de ouro e espida, e incluso nin sequera así, agás que o vendedor teña dado o seu xuramento e a garantía de que a xema é verdadeira e a pedra tamén: tan preocupados están de que se lles poña diante dos seus ollos unha falsa no canto da verdadeira. Pero para un observador coma ti, por que che vai dar menos deleite unha falsificación que o teu ollo non distinga do verdadeiro? Unha e outra deberían ter o mesmo valor para ti, non menos, por Hércules, que para un cego.

E que dicir destes que atesouran riquezas superfluas para se deleitaren, sen lle dar ningunha utilidade á morea, coa súa mera contemplación? Acaso senten un verdadeiro pracer, ou máis ben son enganados por un falso? Ou estes que, polo vicio contrario, agochan un ouro que nunca van utilizar, quizais nin ver máis, e, preocupados por perdelo, pérdeno. Que outra cousa, logo, é devolver á terra o que se lle arrebatou ao teu uso e quizais ao de todos os mortais? E ti, con todo, estás entusiasmado de alegría ao ter o tesouro agochado, como se xa estiveras seguro no teu espírito. Se cho roubara alguén e ti morreras, ignorante do furto, dez anos máis tarde, durante todo aquel decenio no que sobreviviches aos cartos roubados, que che importaría que eses cartos desapareceran ou estiveran a salvo? O certo é que dun xeito ou doutro a utilidade é para ti a mesma.

A estas tan estúpidas alegrías súmanse os xogadores (cuxa loucura coñeceron de oídas, non de trato), e ademais os cazadores e os cetreiros. Pois que pracer ten, din, botar uns dados no taboleiro, cousa que fixeches tantas veces que se houbese niso algún pracer, tamén podería ter nacido un fastío do seu uso frecuente? Ou que dozura pode haber, e non máis ben fastío, en escoitar o ladrido ou o ouveo dos cans? Ou que meirande sentido do pracer hai cando un can persegue unha lebre ca cando un

can persegue un can? Xa que aos dous lugares nos que acontece iso chégase a correr, se é que as carreiras te divirten. Pero se o que te atrae é a expectativa dunha matanza, a contemplación ante os teus propios ollos do desenvolvemento dunha carnicería, máis ben debe moverte a compaixón contemplar o coelliño esgazado polo can, o máis feble polo máis forte, o fuxidío e tímido polo feroz, en suma o inocente polo cruel. Por iso os utopenses rexeitaron todo este exercicio da caza, como cousa indigna de homes libres, para os carniceiros, cuxa arte xa antes dixemos que a desenvolven os escravos. Estableceron que a caza fose a súa parte máis baixa, e que as restantes partes fosen máis útiles e máis honestas na medida en que producen moito máis e que matan os animais só en función da necesidade, mentres que o cazador non obtén máis ca pracer da matanza e do esgazamento dun pobre animalíño. Consideran que o pracer de contemplar unha matanza, mesmo entre feras, ou xorde da tendencia dun espírito cruel, ou convértese finalmente en crueldade pola frecuente práctica dun pracer tan salvaxe.

Así que estas cousas e as que son dese xeito (xa que son innumerables), aínda que a xente as teña por praceres dos mortais, eles deciden abertamente que, xa que nada hai nelas de agradable pola súa natureza, nada teñen de relación co verdadeiro pracer. Pois non se afastan nada desa opinión polo feito de que bañen os sentidos con deleite, o cal semella a función do pracer. Xa que non está na súa orixe a natureza da mesma cousa, senón o seu uso pervertido, con cuxa corruptela chégase a abrazar o amargo no canto do doce, non doutro xeito ca como as mulleres preñadas consideran que o piche e o sebo son máis doces có mel por mor do seu gusto estragado. Pero o xuízo dunha persoa, por moi depravado pola enfermidade ou polo costume que estea, non pode cambiar a natureza do pracer, como tampouco a doutras cousas.

Consideran que son diversas as castes dos praceres que teñen por verdadeiros, e atribúen unhas ao espírito e outras ao

corpo. Outorgan ao espírito o coñecemento e esa dozura que xera a contemplación da verdade. A isto engádesse o doce recordo dunha vida ben vivida e a esperanza inquebrantable nun ben futuro.

O pracer do corpo divídono en dúas clases, a primeira das cales é a que baña os sentidos cunha dozura visible que ás veces acontece coa restauración desas partes que evaporara a calor que se apoderou de nós (xa que estas regresan coa comida e coa bebida), outras veces cando se expelen aquelas cousas de cuxo exceso reborda o corpo. Isto acontece cando purgamos os nosos intestinos dos excrementos ou concibimos fillos ou aliviámos o próido dalgunha parte rañando ou rabuñando. Pero ás veces xorde un pracer que nin vai devolver algo que os nosos membros boten de menos nin quitar aquilo do que sofren, senón que prende e conmove os nosos sentidos como cunha forza oculta pero de movemento claro e os leva cara el, como o que nace da música.

Outro xeito do pracer corporal queren que sexa ese que reside no estado de paz e de equilibrio do corpo, é dicir, a súa saúde non ameazada por ningún mal. Certamente esta, se ningunha dolor a axexa, dá pracer en si mesma, aínda que non sexa movida por ningún pracer traído de fóra. Xa que, aínda que outorga e ofrece menos aos sentidos ca aquel inflado desexo de comer e beber, porén moitos estableceron que en nada menos era ese o meirande dos praceres. Case todos os utopenses decláranos grande e como o alicerce de todos e a súa base, ata o punto de que incluso sexa a única que outorga unha apracible e desexable condición de vida e que, se se suprime, non queda lugar ningún en ningures para ningún pracer. Xa que estar libre da dolor, se non hai saúde, a iso chámanos insensibilidade, non pracer.

Hai tempo que entre eles rexeitouse a opinión dos que coidaban que unha saúde estable e sen sobresaltos (xa que esta cuestión debateuse entre eles acaloradamente) non había que

considerala un pracer, porque dicían que de haber esta, non se podía percibir agás por un movemento contrario. Pero pola contra, agora case todos están de acordo en que a saúde serve de pracer, e incluso entre os primeiros. Xa que como na enfermidade, din eles, hai dolor, que é un inimigo implacable do pracer, non doutro xeito cá enfermidade o é da saúde, como non vai ser inherente o pracer á súa vez á tranquilidade da saúde? E é que consideran que nada importa neste asunto se a enfermidade é dolor ou se na enfermidade está establecida a dolor, pois o mesmo acontece dun xeito e do outro. Porque se a saúde fose o mesmo có pracer, ou se forzosamente xera un pracer, como a calor nace do lume, non é de admirar que nun e noutro caso aconteza que aos que teñan unha saúde permanente non lles poida marchar o pracer.

Ademais, cando comemos, din eles, que acontece senón que a saúde, que comezara a debilitarse, loita contra a fame, coa axuda da comida? Mentres esta vai paseniño fortalecéndose, o mesmo avance cara á fortaleza que adoitabamos ter fai acordar aquel pracer co que así nos reconfortamos. E é que a saúde que se alegra nesa loita non vai gozar cando consiga a vitoria? Pero ao conseguir felizmente á fin o antigo vigor, que era o que andaba a procurar durante todo o conflito, finalmente vai quedar perplexa e non reconecerá nin abrazará os seus bens? E en canto a que se di que a saúde non se sente, coidan que isto está ben lonxe da verdade. Xa que, eles din, quén ao estar esperto non se decata de que está san, agás aquel que non o está? Ou a quen esgana un pasmo ou un letargo tan grande que non confese que a saúde lle é gozosa e digna de deleite? E o deleite, que outra cousa é có pracer con outro nome?

Procuran, xa que logo, entre os primeiros os praceres do espírito (xa que coidan que estes son os principais e máis importantes), dos que a meirande parte consideran que emanan da práctica das virtudes e da boa vida. Deses praceres que o corpo esperta, danlle a palma á saúde, porque establecen que

a dozura de comer e de beber e todo o que ten ese mesmo xeito de deleite, son dignos de procura, pero só en función da saúde, xa que non son en si mesmos gozosos senón en canto fan fronte ás agachadas aos ataques dunha saúde adversa. Así que o home sabio, tal como preferiría evitar as enfermidades cá desexar a medicina, e afastar as dores máis ca invocar paliativos, así tamén preferiría non carecer desta caste de pracer máis ca deixarse seducir por el.

Quen non pode ver que, se alguén se considera ditoso nesta caste de pracer, deberá por forza confesar que sería máis ca feliz daquela, se acontecese que puidese pasar a vida nunha perpetua fame, sede, proída, seguida de comer, beber, rascar e rabuñar, e que esta non só é unha vida fea, senón mesmo triste? Claramente estes son os praceres máis baixos de todos, así como os menos puros, xa que nunca comparecen se non é xunguidos a dores contrarias. Pois co pracer de comer xúntase a fame, e isto segundo unha lei non abondo xusta, xa que canto máis forte, tanto máis longa é tamén a dolor. Efectivamente, esta nace antes do pracer e non se extingue se non é coa morte a un tempo do pracer. Os praceres desta caste, xa que logo, agás na medida en que os requira a necesidade, consideran que non os hai que valorar en moito. Gozan porén tamén con estes, e agradecidos recoñecen a indulxencia da nai natureza que seduce, mesmo con suavísima dozura, os seus fillos cara iso que por necesidade debían facer con tanta frecuencia. Pois en que aburrimiento tan grande habería que vivir se, tal como as demais enfermidades que ocasionalmente nos afectan, tamén estas enfermidades cotiás, a fame e a sede, houbera que afastalas con velenos e medicinas amargas?

Fomentan gustosamente a beleza, a forza, a axilidade, como dons propios e gozosos da natureza. Tamén eses praceres que reciben polos oídos, ollos e narices, que a natureza quixo que fosen exclusivos e peculiares do home (xa que ningunha outra especie animal percibe a fermosura e a beleza do mundo, nin

é conmovida pola graza dos cheiros, agás só para distinguir o alimento, nin recoñece as distancias, consonantes ou disonantes, entre os sons), tamén estes, digo, procúranos como alegres condimentos da vida. Pero en todos eles teñen esta medida para que o menor non obstaculice o meirande nin algunha vez o pracer xere dolor, o cal consideran que forzosamente viría detrás se se trata de praceres deshonestos.

E certamente desprezar a fermosura da forma, deteriorar as forzas, converter a axilidade en preguiza, desgastar o corpo a base de xaxún, atentar contra a saúde e rexeitar as demais dozas da natureza, a non ser que alguén deixe de lado estes beneficios propios mentres procura con máis afán os dos demais ou os públicos e a cambio destes traballos agarde recibir de Deus un meirande pracer; de outro xeito, flaxelarse pola sombra estéril da virtude e polo ben de ninguén ou para poder superar a adversidade, que quizais nunca ha chegar, do xeito menos molesto, isto considéranlo o máis fóra de testa e propio dun espírito á vez cruel consigo mesmo e moi ingrato con respecto á natureza, a todos cuxos beneficios renuncia como se desdeñase deberlle nada.

Esta é a súa opinión con respecto á virtude e ao pracer. Eles cren que se a relixión baixada do ceo e instilada no home non chega a inspirar nada máis sagrado ca isto, non se terá procurado nada máis verdadeiro por medio da razón humana. Se eles neste asunto opinan correctamente ou non, nin o tempo nolo permite nin é necesario que nós o discutamos, porque nos comprometemos a falar das súas institucións, non a examinalas ademais. Pero eu pola miña parte si estou persuadido de que sexan como foren estes decretos, non hai en ningures nin un pobo máis sobranceiro nin unha república máis feliz.

Son de corpo áxil e vigoroso, máis forte do que a estatura promete, aínda que esta non é baixa. E xa que non teñen un solo fértil por todas partes, nin un ceo demasiado saudable, fortalécense contra o tempo con tal contención no vivir e coidan

da terra dun xeito tan industrioso, que en ningún outro pobo hai un produto de gran e de gando máis rico ou uns corpos humanos máis vivaces e vítimas de menos enfermidades. E así non verás alí só as cousas que normalmente fan os agricultores dilixentemente administradas de xeito que axuden a unha terra que de natural é abondo ruín con técnica e traballo, senón que verás nun lado o monte arrincado de raíz polas mans do pobo, noutro lado plantado. Neste asunto tívose en conta a razón non da abundancia senón do transporte, de xeito que a madeira estea máis preto do mar ou dos ríos ou das mesmas cidades; xa que o gran lévase con menos traballo durante máis distancia por un camiño de terra cá madeira.

A xente é sinxela e discreta, intelixente, contenta co tempo libre, abondo sufridora dos traballos corporais cando estes se requiren, pero polo demais non os apetecen en absoluto. Cando souberon por min das letras e da sabedoría dos gregos (xa que entre os latinos, agás as historias e os poetas, nada había que parecese que aprobarían con grande entusiasmo) era admirable con canto afán loitaron para que lles fose posible aprendelas coa nosa mediación. Comezamos logo a ler, sobre todo ao principio, máis para non parecer que rexeitabamos a encomenda ca porque agardásemos algún froito diso. Pero cando fomos avanzando un pouco, a súa mesma aplicación fixo que inmediatamente encomendásemos ao noso espírito a nosa, que non habería gastarse en van. Porque comezaron a imitar con tanta facilidade as formas das letras, a pronunciar con tal corrección as palabras, a memorizar con tanta rapidez e a repetir con tanta fidelidade, que nos parecería un milagre, se non fose porque a meirande parte deses que asumiron aprender estas cousas, non só chamados pola súa propia vontade, senón ordenados por un decreto do senado, procedían do número dos escolares de talentos selectísimos e de idade madura. Dese xeito, en menos de tres anos nada había na lingua que lles faltase; lían fluidamente de cabo a rabo os bos autores, agás cando os paralizaban as

corruptelas do libro. Esas letras, polo que eu deduzo, aprendéronas tamén máis facilmente porque lles eran algo familiares. E é que sospeito que ese pobo tivo as súas orixes nos gregos, porque a súa lingua, noutras cousas case como o persa, conserva algunhas pegadas da lingua grega nos nomes das cidades e das maxistraturas.

Posúen por min (xa que botei ao barco un bo feixe de libros no canto de mercadorías cando ía emprender a cuarta navegación, porque decidira para min mesmo non regresar nunca, antes ca axiña) a meirande parte das obras de Platón, e mais de Aristóteles, tamén o Teofrasto das plantas¹⁰, pero mutilado en moitos lugares, cousa que lamento. Xa que mentres navegabamos foi caer no libro, que eu tiña descoidado, un macaco, que xogando e fedellando foi magoando algunhas páxinas que arrincou de aquí e de alá. De entre os que escribiron gramática, teñen só a Láscharis, xa que a Teodoro non o levei comigo, nin ningún dicionario agás o de Hesiquio, e a Dioscórides. Queren moitísimo os libriños de Plutarco, e son cativados tamén polas grazas e polo encanto de Luciano. De entre os poetas teñen a Aristófanes, Homero e Eurípides, tamén a Sófocles nas minúsculas letriñas de Aldo. Dos historiadores a Tucídides e Heródoto, e tamén a Herodiano¹¹.

¹⁰ Teofrasto é o famoso discípulo de Aristóteles, autor da coñecida obra sobre os caracteres, moi divulgada mesmo na Idade Media.

¹¹ A nómina de autores é significativa da actualidade da que estes gozaron por mor das edicións dos humanistas, que se producen en época contemporánea da vida de Moro. Clasifícanse, segundo é habitual, por xéneros, comezando pola gramática. Estes son quizais os autores máis descoñecidos para un lector actual, os bizantinos Constantino Láscharis e Teodoro de Gaza, que escribiron gramáticas do grego e contribuíron, xa que logo, ao descubrimento desta lingua na Europa Occidental. Hesiquio escribiu, talvez en época tardoantiga, un dicionario da lingua grega que imprimiron por vez primeira en 1514. O de Dioscórides non é dicionario, pero si un elenco de plantas e herbas. Entre os autores literarios figuran, desde logo, Homero, pero tamén os autores teatrais, tanto cómicos (Aristófanes), como tráxicos. A alusión a Aldo refírese a Aldo Manuzio, quen editou a Sófocles en 1502. Significativo é tamén o lugar de relevancia que ocupa o satírico Luciano, unha das grandes fontes de inspiración de Moro.

En canto ao tema da medicina, tamén o meu compañeiro Tricio Apinato¹² levara canda el algunhas obriñas de Hipócrates e a *Microtechné* de Galeno¹³, libros que teñen en moita estima. Pois aínda que de entre todos os pobos do mundo son os que menos precisan da medicina, en ningures goza de meirande honra, ata o punto de que contan o seu coñecemento entre as partes máis fermosas e útiles da filosofía. Parécelles que coa axuda desta filosofía, en tanto pescudan os segredos da natureza, obteñen non só un admirable pracer para eles mesmos, senón que tamén lle dan as meirandes grazas ao o seu autor e creador. Consideran que este, ao xeito dos outros artistas, puxo diante do home (o único a quen fixo capaz de tan grande cousa) a maquinaria deste mundo para que a contemplase, e que por iso considera máis querido a este inspector curioso e preocupado, e admirador da súa obra, ca a quen como un animal carente de sentido deixase de lado, estúpido e inerte, tan admirable espectáculo.

O talento dos utopenses, así exercitado nas letras, ten unha admirable forza para inventar artes que fagan algo de cara á consecución dunha vida agradable. Pero con todo, hai dúas que nos deben a nós, a da imprenta e a da confección do papel, e non só a nós, senón que tamén se deben a si mesmos unha boa parte delas. Pois cando lles amosamos as letras impresas por Aldo nos libros en papel e lles falamos algo do tema de facer papel e da posibilidade de imprimir letras, eles ao punto e con grande agudeza entenderon a cousa máis do que lles explicamos (xa que non había ningún de nós que fose experto en ningunha das dúas cousas). E mentres antes só escribían en peles, cortizos e papiro, xa de súpeto probaron a facer papel e a imprimir letras. Aínda que estas ao principio non avanzaban abondo, a base de

¹² Este nome está formado sobre un xogo de palabras. O escritor latino Marcial fala dos seus epigramas considerándoos *apinae tricaeque* (así en 14,1,7 ou en 1,113,2), é dicir, «parvadas e nugalladas»; Tricio Apinato sería, logo, «o parvo nugallán».

¹³ Hipócrates pertence ao século V a. C., e Galeno ao II d. C., e foron os autores gregos de medicina máis importantes. A *Microtechné* é un tratado medieval que recolle as ideas de Galeno.

experimentar unha e outra vez, en breve conseguiron ámbalas dúas artes e conseguiron tanto que, se houbera exemplares dos libros dos gregos, non poderían faltar códices. Pero agora non teñen máis do que eu contei, aínda que o que teñen difundírono en libros xa impresos en moitos miles de exemplares.

Quen queira que chegue alí para velos, que sexa sobresañte por algunha dote de enxeño, ou a quen avale un coñecemento de moitas terras por estar afeito a longas viaxes (por cuxo motivo foi o noso nome ben acollido), é recibido con espírito favorable. Porque oen de boa gana o que sucede en calquera lugar da terra. Pero por mor de facer comercio non se chega alí tan a miúdo. Pois que poderían levar agás ferro ou, o que todo o mundo preferiría traer de volta, ouro ou prata? Daquela, o que eles teñen que exportar, consideran que é preferible levalo eles mesmos ca que llelo veñan procurar, para que, por unha banda, obteñan coñecemento dos pobos alleos por todas partes, e pola outra non esquezan a práctica e a experiencia dos asuntos marítimos.

Sobre os escravos

Non teñen como escravos nin os cativos da guerra, agás a que eles mesmos fan, nin os fillos de escravos, nin, en fin, a ninguén que poidan comprar que xa fora escravo noutros pobos. Pero, se a algún deles o conduce á escravitude un crime, ou a algúns, cousa máis frecuente, a comisión dun crime os condena á morte nas cidades foráneas, a moitos deles cóllosos, ou taxándoos en poucos cartos ou incluso, máis a miúdo, de balde. Estas castes de escravos téñenas non só con traballos continuos, senón incluso entre cadeas, pero con máis dureza os seus propios, xa que consideran que son máis lamentables e dignos de peores castigos porque despois de seren educados cunha formación tan sobresañte de cara á virtude, non puideron porén afastalos do crime. Outra caste de escravos acontece cando un servo doutro pobo, traballador e pobre, escolle servir por vontade propia con

eles. A estes trátanos con respecto, e se non é porque se lles impón un pouquiño máis de traballo, ao cal xa están afeitos, non con menos clemencia cá que se ten cos cidadáns. Ao que quere marchar, cousa que non acontece moito, nin o reteñen contra vontade nin o deixan ir sen nada.

Como xa dixen, aos enfermos cóidanos con grande atención e non descoidan nada que os devolva á saúde, tanto na observancia das medicinas como na da alimentación. Consólanos mesmo sentando ao carón dos que sofren dunha enfermidade incurable, falándolles, prestándolles os alivios que poden. Pero se se trata dunha enfermidade que non só é incurable, senón que eiva para sempre e fai sofrer, daquela os sacerdotes e os maxistrados apelan ao home, en vista de que non está á altura de todos os deberes da súa vida, é molesto para os demais e para el mesmo unha carga, e mesmo sobrevive á súa propia morte, a que non decida alimentar por máis tempo canda el a peste e a contaminación, nin, xa que a súa vida é unha tortura, dubide en morrer. É máis, confiado na boa esperanza, ínstano a que se libere el mesmo daquela vida amarga como dun cárcere e dun suplicio, ou deixe que outros o liberen consonte a súa vontade. Como el non vai romper uns privilexios coa morte, senón máis ben unha tortura, farase de xeito sabio; como vai seguir nese asunto os consellos dos sacerdotes, é dicir, dos intermediarios de Deus, farao aínda con máis piedade e santidad.

A quen convencen disto, ou poñen fin á súa vida por xaxún voluntario, ou adormecidos, son liberados da vida sen sensación de morreren. Pero non levan a ningún contra da súa vontade nin diminúen cara el ningún tipo de coidado. Os que foron persuadidos deste xeito morren con honra, pero quen cometera suicidio por un motivo non aprobado polos sacerdotes e o senado, a este non o consideran digno de recibir terra ou lume, senón que o botan sen sepultar e de xeito vergoñento a unha lagoa.

A muller non casa antes dos dezaoitos anos, o home ata que non cumpriu catro máis. Se se demostra que o home e a muller antes do matrimonio tiveron encontros furtivos, repréndese severamente ou a el ou a ela, e prohíbeselles o matrimonio para sempre, agás que o permiso do gobernador afaste o castigo. Pero o pai e a nai de familia en cuxa casa se cometeu o crime, como vixiaron con pouca atención as súas partes respectivas, quedan sometidos a unha grande infamia. Castigan de xeito tan severo este crime porque presumen que sucederá que poucos serán os que convivan nun amor conxugal, no que vexan que van pasar toda a vida cunha única parella e ademais soportar todas as molestias que esa cousa trae canda ela, se non son firmemente afastados de unións esporádicas.

Por iso, para elixir esposos observan con seriedade e severidade un rito absolutamente inútil (segundo nos pareceu) e sobre todo ridículo. Unha matrona, seria e honesta, mostra unha muller espida, sexa doncela ou viúva, a un pretendente, e un home honrado á súa vez presenta un pretendente espido a unha rapaza. Aínda que desaprobamos este costume como inútil e burlámonos del, eles pola contra admíranse da notable estupidez de todos os demais pobos. Xa que estes, que son tan precavidos que, ao comprar un poni, cando se trata de poucos cartos, rexeitan compralo se non se lle quita a cadeira e tras terlle retirado todas as cubertas, non fora ser que baixo aquelas coberturas se agochase unha ferida, ao elixir unha esposa, a partir do cal vaite acompañar durante toda a vida ou o desexo ou a náusea, actúan de xeito tan desleixado que, quedando o resto do corpo envolto en vestimentas, avalían toda unha muller a penas polo espazo dunha palma (xa que non se pode ver nada agás o rostro), e non sen grande perigo de teren malas relacións (se é que despois atopan algo). Pois nin todos son tan sabios que miren só os costumes e, mesmo nas esposas dos propios sabios, non engadan ás virtudes do espírito tamén como complemento

as dotes do corpo. É certo que baixo aqueles envoltorios pode agocharse unha deformidade tan fea que sexa quen de afastar totalmente o espírito da esposa, cando xa non sexa lícito separarse do corpo. Se por algún azar tal deformidade acontecese despois de contraído o matrimonio, forzosamente cada quen soportará a súa sorte: pero antes debe precaverse mediante as leis para non ser capturado por enganos.

Isto houbo que coidalo con tanta maior atención por canto son os únicos desas partes do mundo que se contentan cunha única esposa, e o matrimonio alí non se dissolve habitualmente doutro xeito ca coa morte, agás que entrase en cuestión o adulterio ou unha alteración intolerable dos costumes. Para aquel dos dous que foi así ofendido, fáiselle por parte do senado un consentimento para cambiar de cónxuxe; o outro pasa a súa vida para sempre entre a infamia e a soltaría. Pero en troco non toleran de ningún xeito repudiar contra da súa vontade un cónxuxe que non tivo fallo ningún porque lle acontecera algún desastre no corpo. Xa que por unha banda xulgan cruel que alguén sexa abandonado xusto cando máis consolo necesita e pola outra que a ancianidade, xa que trae canda ela as enfermidades e ela mesma é unha enfermidade, tivera unha fidelidade insegura e feble.

Pero acontece ás veces que ao non andaren abondo de acordo entre eles os costumes dos esposos, e ao atoparen uns e outros uns novos cos que agardan vivir en meirande harmonía, separados ámbolos dous de mutuo acordo, contraían novos matrimonios, non, con todo, sen a autorización dos senadores que, agás que a causa sexa abondo investigada por eles mesmos ou polas súas esposas, non admiten o divorcio. Pero incluso nin sequera así é fácil porque saben que é unha cousa moi pouco útil para afirmar o amor dos esposos que se lles poña por diante a fácil esperanza dun novo matrimonio.

Os violadores do matrimonio son castigados coa máis severa escravitude, e se ningún deles era solteiro, os que sufriron a inxustiza (con tal de que queiran) despois de repudiaren os adúlteros, eles mesmos xúntanse en matrimonio entre eles, e se non con quen lles pareza. Pero se calquera dos prexudicados persiste no seu amor cara a un esposo que tan pouco o merece, con todo non se lle prohibe servirse da lei do matrimonio, se quere acompañar nos traballos ao condenado. E acontece ás veces que o arrepentimento dun e o devoto coidado do outro, ao mover a compaixón ao gobernador, consegue de novo a liberdade. Pero se cae novamente no crime condénano á morte.

Ningunha lei estableceu de antemán ningunha pena concreta para os restantes crimes, senón que segundo o tremendo, ou o contrario, que pareza, así o senado decide o castigo. Os maridos castigan as mulleres e os pais os fillos, agás que cometesen algo tan grave que fose de interese para os costumes que se castigase publicamente. Pero case todos os crimes máis graves castíganse coa degradación da escravitude, xa que consideran que isto é para os criminais non menos triste e para a república máis conveniente ca se se apresurasen a matar os culpables e afastalos para sempre. Porque máis lles aproveita o traballo cá morte e co exemplo arredan por máis tempo aos outros dun crime semellante. E se, tras estaren nesta condición, se rebelan e loitan en contra, daquela son asasinados abertamente, como bestas indomables a quen non poden reprimir nin o cárcere nin as cadeas. Pero aos que o soportan non se lles quita de todo a esperanza. Dobregados por longos males, levan por diante ese arrepentimento que testemuña que lles desgusta máis o crime cometido có castigo: ás veces por prerrogativa do gobernador, ás veces por votación do pobo, ou se lles suaviza a escravitude ou se lles retira.

Ter procurado o estupro non é para nada menos digno de castigo ca telo cometido. Porque en todo crime igualan a tenta-

tiva segura e preparada ao feito consumado, e consideran que non debe servirille de proveito o feito de que fallou a quen non acougou para que nada fallase.

Os tolos son tratados con agarimo e, así como causarlles ofensas é unha grande deshonra, non impiden obter pracer da súa necidade. Incluso consideran que iso sérvelles de moito ben aos mesmos tolos. Quen é tan serio e triste que non ría por algún feito ou por algunha cousa dita por eles, cren que ese non debe protexer a ningún, xa que temen que non coidará con abonda permisividade daquel que non lle vai servir non só de ningunha utilidade, senón nin sequera de deleite (único don que posúe).

Burlarse do deforme ou eivado considérase vergoñento e torpe non para o burlado, senón para o burlador que imputa insensatamente a alguén, como se fose un vicio, aquilo do que non estaba na súa potestade escapar.

Así como consideran desleixado e indolente non preocuparse da fermosura natural, tamén procurar axuda da maquillaxe é unha ousadía de mala nota, pois pola propia experiencia senten como ningún coidado da beleza é unha mellor tarxeta de presentación das esposas aos maridos cá honestidade nos costumes e o respecto. Xa que tal como algúns son cativados só pola beleza, así ningún é retido se non é pola virtude e a obediencia.

Non se arredan dos crimes só polos castigos, senón que tamén invitan á virtude con honras públicas. Por iso erixen no mercado estatuas para os homes sobranceiros e que serviron de forma ilustre á república, como recordo das cousas ben feitas ao tempo que sexa para os que veñan detrás deles imitación da gloria dos seus devanceiros e invitación á virtude.

Quen faga campaña para algunha maxistratura perde a fe de todos. Conviven amablemente, porque ningún maxistrado é insolente ou aterrador; son chamados pais e o fan ver. Resérvanselles honras voluntarias (como debe ser), non as

esixen a quen non llelas queren dar. Nin sequera distingue ao gobernador mesmo unha vestimenta ou unha diadema, senón un feixe de trigo que leva, así como é distintivo do pontífice un cirio que o precede.

Teñen moi poucas leis, xa que estas pouquísimas son abondo para quen foron así instruídos. É máis, isto valóranos como o que máis entre os outros pobos, que abonde con moi escasos volumes de leis e de intérpretes. Eles mesmos consideran que o máis inxusto é que os homes estean obrigados por estas leis que, ou son máis numerosas do que poidan ler, ou máis escuras do que poida ser entendido por ninguén. Por iso exclúen a todos os avogados, que tratan os casos con astucia e disputan de leis sen sentido. Cren xa que logo que é práctico que cada quen defenda a súa causa, e que presente ao xuíz iso mesmo que ía contar ao avogado, que así habería menos rodeos e que se elucidaría máis facilmente a verdade mentres, ao falar un a quen ningún avogado aprendeu a maquillar, o xuíz valora cada punto con atención e axuda aos talentos máis sinxelos contra as calumnias dos máis astutos. Isto é difícil de levar adiante noutros pobos no medio dun tan grande acervo das leis máis abraiantes. Pero entre eles cada quen é experto en leis. Xa que son, como dixen, pouquísimas e consideran ademais que das interpretacións as máis evidentes son as máis xustas. Xa que, visto que todas as leis, din eles, promúlganse só por esta causa, para que cada quen por medio delas sexa advertido do seu deber, unha interpretación máis sutil advirte a moi poucos (pois son poucos quen as seguen), mentres que ás veces o senso máis simple e evidente das leis está claro para todos. Doutro xeito, polo que respecta ao pobo, cuxo número é o meirande e é o que máis necesita de advertencias, que diferenza habería entre que non estableceses ningunha lei en absoluto ou que a que estableciches a interpretases cun sentido tal que ninguén podería entendela agás con grande enxeño e tras longa disputa? E para estudar unha así,

nin podería chegar o groseiro xuízo do vulgo nin abondaría unha vida, xa ocupada en gañarse o pan.

Incitados por estes valores, os veciños que son libres e que teñen vontade propia (xa que os utopenses liberaron hai xa tempo a moitos da tiranía), procuran onde eles os seus maxistrados, algúns cada ano, outros para cinco, e aos que rematan o seu mandato devólvenos con honras e loas, e volven traer canda eles á patria uns novos. E certamente estes pobos velan dun xeito excelente e moi san pola súa república, cuxa salvación e ruína, ao depender dos costumes dos maxistrados, a quen poderían ter escollido máis prudente ca ese que nin pode ser afastado da honestidade a ningún prezo (como que é inútil para quen en breve vai regresar de volta) nin, ao ser descoñecido polos cidadáns, dobregado por un depravado favor ou pola animosidade cara a alguén? Estes dous males, a afección e a avaricia, así que se instalan nos xuízos, ao punto disolven toda xustiza, que é o máis forte alicerce da república. Os utopenses a estes pobos por quen son procurados para mandaren neles, chámanos aliados, aos demais, que fixeron prosperar coa súa beneficencia, chámanos amigos.

As alianzas que os outros pobos emprenden, rompen e renovan entre eles, eles mesmos non as levan adiante con ningún pobo. Pois, para que unha alianza?, din eles, como se non conciliara abondo ao home co home a natureza! E quen a desprezase, coidas que se vai preocupar dunhas palabras? Cara a esta opinión son arrastrados sobre todo porque naquelas partes do mundo as alianzas e pactos dos príncipes adoitan observarse con pouca boa fe.

Certamente en Europa, e sobre todo nestes lugares que posúe a fe e a relixión de Cristo, é por todas parte sagrada e inviolable a autoridade das alianzas, en parte pola mesma xustiza e bondade do príncipe, en parte polo respecto e medo aos sumos pontífices, quen así como non se quedan para eles con nada que

non outorguen eles mesmos con todo escrúpulo, así ordenan a todos os outros príncipes que perseveren de todos os xeitos nas súas promesas, e aos que as terxiversan obríganos coa censura pastoral e con severidade. Con razón pensan que parecería unha cousa ben vergoñenta se estivera ausente a boa fe das alianzas daqueles que son chamados, cun nome específico, fieis.

Pero naquel novo orbe da terra que o círculo do ecuador afasta tan lonxe deste mundo noso como se diferencian a nosa vida e costumes, non hai confianza ningunha nas alianzas. Así que cada unha queda atada mediante moitas e moi sacras cerimoniais, así logo se desata, tras atopar facilmente unha calumnia nas palabras que ás veces ditan a propósito con tanta astucia que nunca poidan ser entrelazados en vínculos tan firmes que non cheguen a escapar por algures e eludan a un tempo a alianza e a promesa. Esta artimaña, máis ben esta fraude e este engano, se atopasen que estivo presente nun contrato entre particulares, con grande enfado reclamarían como cousa sacrílega e digna da forca, estes mesmos que se gaban de seren autores de tal consello e de térllelo dado aos príncipes. Co que acontece que toda a xustiza semella ou non outra cousa ca un valor plebeo e humilde que está moi por debaixo da autoridade rexia, ou que cando menos hai dúas, das que unha convén ao vulgo, pedestre e a rentes do chan e que non pode pasar por riba das lindes polas que está cercada, reprimida por todas partes por moitas cadeas, outra á virtude dos príncipes, a cal, ao ser máis maxestosa ca aquela do pobo, tamén é moito máis libre, ata o punto de que non lle sexa lícito nada que non queira.

Estes costumes, como veño de dicir, dos príncipes que alí tan mal observan as alianzas, considero que se atopan entre os motivos de que os utopenses non leven adiante ningunhas, pero que quizais mudarían opinión se vivisen aquí. Aínda que a eles lles parece que, malia que se observe do mellor xeito, o costume de sancionar unha alianza implantouse, con todo, para mal.

Polo que acontece que (como se ningunha alianza da natureza xunguise un pobo a outro pobo a quen separa por un ínfimo espazo só un monte ou un regato) consideren que naceron como inimigos e contrarios e que con razón perseveran no mutuo dano, agás que as alianzas o impidan, e que incluso despois de subscribilas, non vai medrando a amizade, senón que permanece a liberdade de atacar tantas veces, a causa do desleixo en ditar unha alianza, quedara algo establecido nos pactos que carecese da cautela requerida para impedilo. Pero eles, pola contra, pensarán que non debe ser considerado inimigo ninguén de quen non partiu ningunha inxuria; que a sociedade da natureza cumpre o papel da alianza; e que máis satisfactoria e fortemente se xuntan entre eles os homes coa boa vontade cá cos pactos, co espírito ca coas palabras.

Sobre os asuntos militares

Rexeitan con todas as súas forzas a guerra, ao ser cousa claramente propia das bestas, aínda que para ningunha caste de bestas é de uso máis frecuente ca para o home; e, contra o costume de case todos os pobos, nada consideran tan pouco glorioso como a gloria conseguida pola guerra. Por iso, aínda que se exerciten a miúdo na disciplina militar en días determinados, e non só os homes, senón tamén as mulleres, de xeito que non sexan inútiles para a guerra cando a necesidade o esixa, non a emprenden con todo á lixeira, senón para velar polas súas fronteiras, ou expulsar das terras dos amigos os inimigos invasores ou liberar coas súas forzas a calquera pobo do que se apiadaran, oprimido pola tiranía (cousa que fan por mor da humanidade), do xugo do tirano e da escravitude. Aínda que agasallen aos amigos coa súa axuda, non sempre é para que se defendan, senón que ás veces tamén reparan e vingan inxustizas que se cometeron contra deles. Pero isto fano finalmente se se lles consulta cando o asunto aínda non comezou e, aprobada a causa,

despois de reclamaren as cousas e de que non llelas devolvan, son considerados os autores da guerra. Esta decídena non só daquela, cando se captura un botín despois dunha incursión inimiga, senón tamén, e con moita máis violencia, cando os seus mercadores sofren nalgunha parte do mundo unha calumnia inxusta baixo o aspecto de xustiza, ou baixo o pretexto de leis inxustas ou por unha sinistra desviación das boas.

Non outra foi a orixe desa guerra que os utopenses fixeron a prol dos *nefeloguetes* contra dos *alaopolitas*¹⁴ pouco antes do noso tempo cá inxustiza cometida polos alaopolitas cos compradores dos nefeloguets baixo o pretexto de dereito (segundo lles pareceu a eles). Certamente, xa fora aquilo dereito, xa inxustiza, foi vingado cunha guerra terrible. Ás propias forzas e odios dunha e doutra parte sumáronse tamén os afáns e os continxentes dos pobos que estaban arredor, ata o punto de que os pobos máis florecentes foron uns batidos, outros seriamente feridos, os males que xurdían dos males finalmente remataron coa escravitude dos alaopolitas e a súa rendición, pola que pasaron ao poder dos nefeloguets (pois os utopenses non combatían para si), un pobo que, cando lles ían ben as cousas aos alaopolitas, de ningún xeito podería compararse con eles.

Así de duramente perseguen os utopenses a inxustiza contra os amigos, tamén nos asuntos de cartos, pero as súas propias non do mesmo xeito: se por algún engano se ven privados dos seus bens, con tal de que non haxa violencia corporal, irrítanse só ata o punto de que, ata que se produza a reparación, abstéñense de trato con ese pobo, non porque sexan menos obxecto da súa preocupación os cidadáns cós aliados, senón que levan peor que se collan os cartos destes cós seus, porque os mercadores dos amigos, como perden do seu particular, senten que a perda é unha seria ferida. Pero para os propios cidadáns non se

¹⁴ Os nefeloguets son os «nacidos das nubes», a partir, como sempre, dos termos gregos. En canto aos alaopolitas, son os «cidadáns dun país sen xente».

perde nada que non sexa público, e, ademais, do que abundaba na casa e case sobrava, que doutro xeito non sería enviado para fóra. Co que sucede que a perda acontece alén da percepción de cada quen. Polo que consideran demasiado cruel que se vingue coas mortes de moitos ese prexuízo cuxas incomodidades ninguén deles vai sentir nin na súa integridade nin no seu xeito de vida. Pero se algún dos seus fose ferido ou asasinado en algures por medio dunha inxustiza, xa se fixera isto por un plan público ou por un particular, tras descubriren mediante os embaixadores o asunto, non poden ser aplacados se non é despois de que se entreguen os culpables para non declarar a guerra de inmediato. Aos que se entregaron ao delito castíganos ou coa morte ou coa escravitude.

Non só lles preocupa, senón que tamén teñen vergoña dunha vitoria sanguenta, ao consideraren que é ignorancia comprar mercancías preciosas por un prezo excesivo. Dos inimigos vencidos e dos reprimidos con artificio e engano gábanse e celebran publicamente o triunfo nese asunto e erixen un trofeo como por unha fazaña laboriosa. Xa que alardean de que daquela se comportaron virilmente e que actuaron con valor cada vez que así venceron, como ningún animal agás o home puido, é dicir, coas forzas do enxeño. Xa que coas do corpo, din eles, loitan os osos, os leóns, os xabarís, os lobos, os cans e as restantes bestas: así como a meirande parte destes nos vencen en fortaleza e ferocidade, así todos son superados en enxeño e en raciocinio.

O único que agardan na guerra é obter iso polo que, se o chegan a conseguir antes, non terían proclamado a guerra. Ou se isto non é posible, agardan unha vinganza tan severa destes a quen imputan o feito, que o terror os afaste de ousar nun futuro algo igual. Establecen estes como obxectivos dos seus propósitos e os procuran axiña, pero de xeito tal que sexa superior a preocupación de evitar un perigo á consecución de loas ou de fama.

E así, unha vez declarada a guerra, procuran pendurar nun mesmo tempo ás agachadas moitos carteis, confirmados co seu selo público, en lugares moi visibles da terra inimiga nos que prometen enormes recompensas se alguén captura o príncipe inimigo. Establecen logo unhas recompensas menores, aínda que tamén notables, para cada unha das cabezas daqueles cuxos nomes escriben nas mesmas letras. Estes son os que consideran, despois do mesmo príncipe, promotores do plan emprendido contra deles. O que establecen para o asasino, isto dúplícanllo a quen conduza diante deles a algún dos proscritos vivo. Incluso invitan os mesmos proscritos coas mesmas recompensas, engadindo ademais a impunidad, contra os seus aliados. E así acontece rapidamente que consideren ao resto dos mortais sospeitosos, e eles mesmos, pola súa parte, nin confíen abondo en ninguén, nin sexan fiables e vivan no meirande medo e con non menos perigo. Xa que consta que con moita frecuencia aconteceu que unha boa parte deles, e o mesmo príncipe entre os primeiros, fosen traizoados por estes nos que depositaran a meirande confianza. Tan facilmente impulsan a calquera crime os agasallos, nos que eles non mostran ningunha medida. Pero recordando a que gran risco os animan, esfórzanse en que a magnitude do perigo quede compensada coa morea dos beneficios, e por iso non só prometen unha inmensa cantidade de ouro, senón tamén fincas en propiedade e para sempre, de grande rendemento e en lugares moi seguros, entre amigos, e as outorgan coa meirande garantía.

Este costume de poñer prezo e de comprar o inimigo, entre os demais desaprobado como o cruel crime dun espírito dexeñado, eles téñeno como digno de loa, como se fosen sabios que deste xeito desenvolven as meirandes guerras sen ningún combate adicional, e ademais humanos e misericordiosos, porque coa morte duns poucos culpables redimen numerosas vidas de inocentes que, se chegan a loitar, morrerían, tanto dos seus

como dos inimigos, xa que se compadecen da xente e do pobo destes non menos case que dos seus, sabedores de que eles non emprenderon a guerra por propia vontade, senón que foron conducidos a ela polas loucuras dos príncipes.

Se a cousa non avanza deste xeito, botan e alimentan as sementes das discordias, despois de levar o irmán do príncipe ou a calquera dos nobres á esperanza de acadar o reino. Se as faccións internas van esmorecendo, provocan os pobos veciños dos inimigos e métenos na guerra, despois de desempoar algún antigo título deses que nunca faltan aos reis.

Despois de prometerlles os seus recursos para a guerra, proporciónanlles cartos sen interrupción, pero moi poucos cidadáns, porque os consideran moi preciosos e eles valóranse tanto os uns aos outros que non cambiarían a ningún dos seus de boa gana por un príncipe inimigo. Pero ouro e prata, como o reservan todo para este único uso, non o gastan con dolor, xa que vivirán con non menos comodidade se chegan a gastalo todo. É máis, ademais das riquezas que teñen na casa, teñen tamén fóra un tesouro infinito co que moitos pobos, como antes dixen, están na súa órbita. Así envían soldados alugados de todas partes á guerra, sobre todo de entre os *zapóletes*¹⁵.

Este pobo dista de Utopía cincocentas millas contra Oriente: árido, montaraz, salvaxe, prefiren os bosques e os montes bravos nos que creceron. Pobo duro que soporta as calores, o frío e o traballo, descoñecedor de todos os praceres e sen práctica na agricultura, desleixado tanto na construción como nos vestidos, só teñen coidado do gando. A meirande parte viven da caza e da rapina. Nacidos só para a guerra, que procuran con afán ter ocasión de facer, cando a atopan agárrana con desexo, e tras saíren en grande número, ofrécense como soldados a calquera,

¹⁵ Ou «vendedores afanosos». A descrición deste pobo parece tomada dos suízos, pobo famoso daquela en Europa pola súa fácil contratación como mercenarios.

por moi vil que sexa, que os requira. Só coñeceron unha arte para vivir, aquela coa que se procura a morte.

Baixo quen serven, loitan duramente e con lealdade inquebrantable a prol deles. Pero non se cinguen a ningunha data concreta, senón que toman partido segundo a lei pola que ao día seguinte, se se lles ofrece unha paga meirande, mesmo por parte dos inimigos, quedarán con estes, e o día despois dese, se os convidan de novo por un pouco máis, volven marchar con aqueles. É raro que xorda unha guerra na que non estea unha boa parte deles nun e noutro exército. E así acontece acotío que os unidos pola intimidade do sangue, que cando estaban contratados polas mesmas partes tratábanse con toda familiaridade, separados pouco despois en continxentes contrarios, traben combate hostilmente e con espíritos inimigos. Esquecidos da familia, desmemoriados da amizade, atravésanse os uns aos outros, levados á mutua destrución non por outra causa ca porque foron contratados por príncipes enfrontados por moi pouquiños cartos. Destes levan unha conta tan exacta que facilmente poderían ser impelidos a cambiar de bando polo incremento dun único patacón na paga diaria. Así de axiña se emborracharon dunha avaricia que, con todo, non lles serve de nada, xa que o que procuran co sangue logo o consomen no luxo, e este é porén miserable.

Este pobo milita cos utopenses contra calquera dos mortais porque o seu traballo é contratado por eles por tantos cartos como en ningún outro lugar. Os utopenses, así como procuran os bos para servírense deles, tamén así os peores homes dos que abusaren. A estes, cando a situación o require, impulsados por grandes promesas, enfróntanos aos máis duros perigos, de onde a meirande parte nunca regresa a reclamar o prometido. Aos superviventes páganlles de boa fe o que lles prometeron para que se animen a semellantes ousadías. Xa que non teñen en moito valor cantos deles poden perder, ao consideraren que

se ían facer acredores do meirande favor por parte do xénero humano se puideran purgar do orbe da terra todo aquel aluvi3n dun pobo tan sinistro e nefasto.

Despois destes, sérvense dos continxentes a prol de quen collen as armas, despois das tropas auxiliares dos outros amigos. Por último, engaden os seus propios cidadáns, de entre os cales poñen á fronte do conxunto de todo o exército algún home de probado valor. A este asísteno dous de xeito que, se el está incólume, ámbolos dous sexan só particulares, pero se o capturan ou matan, un dos dous o suceda, como nunha herdanza, e a este, segundo o que aconteza, un terceiro para que non se perturbe todo o exército porque o xeneral estea en perigo (tal como son variados os lances das guerras).

De cada cidade serve un escollido de entre os que se apuntan voluntariamente. Xa que ninguén é empurrado contra a súa vontade a loitar fóra, porque teñen claro que se alguén é de natural máis tímido non só non fará nada con valentía, senón que incluso poralles medo aos compañeiros. Pero se algunha guerra chegase á patria, aos covardes desta caste, con tal de que teñan forza corporal, pónenos nos barcos mesturados cos mellores, ou colócanos espaxados nas murallas de onde non haxa lugar para escapar. Así, a vergoña diante dos seus, o inimigo ás mans e a ausencia dunha esperanza de fuga, botan a perder o medo, e a miúdo a extrema necesidade convértese en virtude.

Pero tal como ningún deses é arrastrado sen el o querer a unha guerra exterior, así ata tal punto non prohiben que as mulleres que o desexen acompañen no servizo militar os maridos, que incluso as exhortan e as animan con loas. Saen cada unha co seu home e pónense á par en formación. Daquela colocan arredor de cada quen seus fillos, parentes, familiares, para que estes que lles son máis achegados lles sirvan de mutuo socorro, porque son a quen a natureza máis aguilloa a prestar axuda. Considérase o meirande oprobio que o esposo regrese sen a

esposa ou que volva o fillo tras perder o pai. Co que acontece que, se se chegara ao combate corpo a corpo, se os inimigos se manteñen nos seus postos, loiten en longo e lúgubre combate ata a mesma morte.

Xa que, así como procuran por todos os medios que non teñan que loitar eles mesmos, con tal de que poidan servirse na guerra da man substituta dos contratados, así, cando non se pode evitar que teñan que entrar en combate, asúmelo con tanta valentía como prudentemente o evitaban mentres foi posible. E non se enfurecen tanto no primeiro ataque, canto que van collendo forzas a base da demora e da espera, con ánimos tan fortalecidos que poden ser matados máis rapidamente ca postos en fuga. Porque aquela seguridade no sustento que cada quen ten na casa, e a ausencia do ansioso coidado de pensar nos que virán (xa que esta preocupación por todas partes dobrega os espíritos xenerosos), vólvelles o espírito sublime e rexeitan ser vencidos. Ademais, a experiencia da disciplina militar outórgalles confianza. Por último, as opinións rectas (nas que mediante a instrución e as boas institucións da república están imbuídos desde nenos) engaden valor: nin teñen unha vida tan vil que a consuman con inconsciencia, nin tan esaxeradamente valiosa que, cando a honestidade persuada de que hai que perdela, a reteñan con avaricia e vergoña.

Mentres por todas partes ferve o fragor da batalla, uns mozos dos máis selectos, xuramentados e consagrados, reclaman para eles o xeneral inimigo. Asáltano abertamente, achéganse a el con emboscadas, procúranos de lonxe e de preto e é asediado por unha tropa longa e constante na que veñen no canto dos homes fatigados outros frescos. E rara vez acontece (agás que fuxa) que non morra ou que chegue vivo ao poder dos inimigos.

Se obteñen a vitoria, de ningún xeito se encarnizan nunha matanza, e de mellor gana prenden os fuxidos cós matan. E nunca perseguen os que foxen ata o punto de que entre tanto

non manteñan unha formación preparada baixo os seus estandartes. Ata o punto de que se, superados polas outras partes, conseguen a vitoria coa súa derradeira formación, permiten antes que os inimigos escapen a que adoiten perseguir os fuxitivos perturbando as formacións dos seus. Acórdanse de que máis dunha vez lles aconteceu que, despois de vencida e esmagada a mole de todo o exército, mentres os inimigos entolecidos pola vitoria perseguían por aquí e por alá aos que escaparan, uns poucos deles establecidos na retagarda, atentos á ocasión, atacando de súpeto a aqueles que andaban dispersos e errantes e descoidados, ao daren por suposta a súa seguridade, cambiaron o resultado de todo o combate, e tras arrebatarlles das mans unha vitoria tan segura e indubidable, os vencidos venceron, pola contra, aos vencedores.

Non é fácil de dicir se son máis astutos en fabricar emboscadas ou máis precavidos para evitalas. Crerías que están a preparar a fuxida, cando non teñen a menor intención: pola contra, cando asumen ese plan, de ningún xeito coidarías que o están a pensar. Xa que se se senten demasiado apurados ou polo número ou polo lugar, daquela ou trasladan o campamento de noite, coas tropas en silencio, ou escapan mediante algunha estrataxema, ou durante o día compórtanse así paseniño e conservando tal orde que con toda dilixencia fortifican os foxos facéndoos máis fondos e máis largos, botando de novo para dentro a terra que quitaron, e non se serven para isto do traballo dos obreiros. O traballo faise coas mans dos mesmos soldados e todo o exército está mans á obra, agás aqueles que vixían armados diante do valado por se hai ataques de emerxencia. E así, ao participaren tantos, levan a cabo máis rapidamente e con toda garantía as grandes fortificacións do lugar, que abranguen moito.

Usan unhas armas sólidas para rexeitar os golpes e axeitadas para calquera movemento e acción, ata o punto de que nin sequera nadando sintan incomodidade. Xa que adoitan nadar

armados entre os rudimentos da disciplina militar. As armas son para lonxe as frechas, que disparan con grande forza ao tempo que precisión non so os infantés, senón tamén os xinetes. De preto non espadas senón machadas letais ou polo seu gume ou polo seu peso, feren cortando ou punzando. Idean máquinas con moito enxeño: así que as fan, agóchanas con esmero para que non saian á luz antes do que o asunto esixe, e serven máis de xoguete ca de utilidade. Para fabricalas atenden sobre todo a isto, a que sexan fáciles de trasladar e capaces de dar voltas.

As treguas pactadas cos inimigos obsérvanas con tanto escrúpulo que nin sequera as violan cando son provocados. A terra inimiga non a asolan nin queiman a colleita, é máis, procuran que non sexa trillada polos pes dos homes ou dos cabalos na medida do posible, na crenza de que medra para o seu uso. Non feren a ninguén inermé, agás que se trate dun espía. Velan polas cidades que se entregaron e non rapinan as conquistadas, senón que matan a aqueles polos que a rendición foi impedida e ao resto dos defensores condúcenos á escravitude; deixan intacta toda a xente que non loitou. Se descubriren que algúns recomendaron a rendición, a estes repártenlles algunha parte dos bens dos condenados; o resto do obtido dánllelo aos axudantes, xa que ningún destes colle nada do botín.

Pero cando remata a guerra non imputan aos aliados os gastos nos que incorreron, senón aos vencidos, e esixen baixo ese nome en parte cartos que reservan para usalos en guerras semellantes, en parte predios que terán no seu poder para sempre, de non pouco valor. Réditos desta caste agora téñenos en moitos pobos: nacidos paseniño por motivos diversos, foron medrando cada ano por riba dos setecentos mil ducados. Envían a por eles a algúns dos seus cidadáns co nome de cuestores para que vivan magnificamente e se exhiban alí con aspecto de magnates. Pero con todo sobra moito que se leva ao erario, agás que prefiran

cederllo ao propio pobo, cousa que fan a miúdo na medida en que sexa necesario, e rara vez acontece que esixan recadar todo. Destes predios parte asígnanllela a aqueles que por instigación deles asumen gran perigo, como antes mostrei.

Se algún príncipe, tras tomar as armas contra deles, se prepara a invadir o seu territorio soberano, ao punto sáenlle ao encontro con grandes forzas fóra das súas fronteiras, xa que nin fan a guerra á lixeira nas súas propias terras, nin existe unha necesidade tan grande que os obrigue a admitir axuda allea na súa illa.

Das relixións dos utopenses

As relixións son diferentes non só ao longo da illa, senón tamén en cada unha das cidades, xa que uns adoran o sol, outros a lúa, outros outra estrela errante a xeito de deus. Hainos para quen calquera home cuxo valor ou gloria brillou no pasado é contemplado non só como un deus, senón como o deus supremo. Pero a meirande parte, con moito, e tamén a máis sabia con diferenza, non considera divindade nada destas cousas, senón só un descoñecido, eterno, inmenso, inefable, que, por riba do alcance da mente humana, espárese por todo este universo mundo coa súa virtude, non co seu peso físico; a este chámano pai. As orixes, crecementos, avances, quendas e fins de todas as cousas coñecidas, atribúenas a el só, e non renden honras divinas a ningún outro máis cá el.

É máis, tamén todos os demais, aínda que cren outras cousas, están de acordo con eses en que cren que hai un só supremo a quen se debe a creación do universo e a súa providencia, e a el en xeral todos chámano na lingua patria Mitra¹⁶, pero difiren en que ese mesmo é considerado diferente por cada un, e cada quen di que, sexa o que for o que el considere supremo,

¹⁶ O nome da divindade suprema dos persas, o espírito da luz.

esa mesma é a natureza do único a cuxa divindade e maxestade se atribúe o sumo de todas as cousas, co consenso de todos os pobos. Paseniño todos van descrendo desa variedade de supersticións e xúntanse nesa única relixión que parece ir por diante das outras relixións. E non hai dúbida de que as demais terían desaparecido xa antes, se toda canta desgraza o azar puxo no camiño de cada quen cando estaba para cambiar de relixión, o medo non interpretara que non aconteceu por casualidade, senón que fora enviada do ceo, como se a divindade cuxo culto se abandonaba vingase o impío propósito contra dela.

Pero despois de que recibiron de nós o nome de Cristo, a doutrina, os seus costumes, os milagres e a non menos admirable constancia de tantos mártires cuxo sangue derramado por propia vontade conduciu tan numerosos pobos, de lonxe e de preto, á súa seita, non poderías crer con que afectos tan favorables tamén eles se converteron: ou é que isto o inspirou secretamente Deus, ou porque esta pareceulles moi achegada á seita que entre eles é a máis poderosa, porque oíran que a Cristo lle gustaba a comida en común dos seus, e nas comunidades máis auténticas de cristiáns isto aínda se acostuma. A verdade é que sexa cal for o motivo polo que aconteceu isto, non poucos acudiron á nosa relixión e foron bautizados coa auga sacra.

Pero como de nós catro (xa que entrementes só quedaríamos eses, porque dous morreran) ningún, cousa que me amola, era sacerdote, aínda que foron iniciados nos demais, con todo faltan aínda eses sacramentos que entre nós non proporciona ninguén agás os sacerdotes. Enténdenos, con todo, e deséxanos con tal ardor como ningunha outra cousa. É máis, xa disputan entre eles acaloradamente se sen o envío dun pontífice cristián, calquera escollido de entre o seu grupo podería conseguir o carácter sacerdotal. E ben parecía que o ían elixir, pero cando eu marchei aínda non o elixiran.

Tamén estes que non comungan coa relixión cristiá, porén non disuaden a ninguén, non se opoñen a ningún iniciado, agás que un do noso grupo, cando estaba eu alí, foi reprimido. Cando este, que viña de ser bautizado, aínda que nós o disuadiamos en contra, falou do culto de Cristo en público con máis afán ca prudencia, ata tal punto comezou a quentarse que xa non só a nosa relixión estaba por riba das demais, senón que condenou de vez todas as outras. Clamaba que eran profanas, que os seus fieis eran impíos e sacrílegos, e que deberían ser castigados co lume eterno. Despois de que estivera predicando tales cousas durante tempo, préndeno e acúsano e non deixan de acusalo, non de desprezar a relixión, senón de provocar tumultos entre o pobo, e unha vez condenado múltano co exilio, xa que contan entre as súas máis antigas institucións que a ninguén lle sexa motivo de dano a súa relixión.

Certamente Utopo xa desde o principio, cando soubo que os nativos, antes da súa chegada, discutían entre si a miúdo de relixión, e se decatou do seguinte, de que, porque ao estaren en desacordo no común cada seita loitaba pola súa conta pola patria, outorgábanlles a ocasión de seren todas vencidas, así que obtivo a vitoria decretou entre as primeiras medidas que fose lícito seguir a relixión que cada quen quixer, que tamén podería empeñarse en converter a outros á súa sempre que modelase con razóns, pacífica e modestamente, a súa, non para que destruíse con dureza as outras se a base de persuadir non chegara a convencer, e que non mostrase violencia ningunha e a mesturase con insultos. Ao que loita con petulancia por este asunto, múltano co exilio e a escravitude.

Isto instituíuno Utopo non só por previsión da paz, xa que viu que esta se corroía de raíz coas loitas frecuentes e o odio sen fin, senón porque pensou que tamén beneficiaría á relixión que houbera decretos deste tipo. Ao respecto dela non se atreveu a delimitar nada á lixeira, como se tivera por pouco seguro

se Deus, buscando un culto variado e múltiple, inspiraría unha cousa diferente a cada quen. Certamente considerou insolente e absurdo esixir pola forza e con ameazas que o que ti cres verdadeiro lles pareza o mesmo a todos. Daquela, se unha fora a máis verdadeira, e todas as demais falsas, previu facilmente (con tal de que a cousa se faga con raciocinio e modestia) que sucederá finalmente que a mesma forza da verdade, por si mesma, emerxa e sobresaia algunha vez. Pero se se combate coas armas e o tumulto, como os peores son os máis vivaces, a relixión mellor e máis sagrada quedaría enterrada no medio de supersticións falsísimas, como o trigo entre as espiñas e os arbustos. E así deixou todo este asunto en táboas, e deixou a cada quen que fose libre de crer o que considerase, agás que prohibiu solemne e severamente que ninguén dexenerase tanto da dignidade da natureza humana que crea que as almas morren canda o corpo ou que o mundo é guiado polo azar, suprimida a providencia.

E por iso cren que despois desta vida hai dispostos castigos para os vicios e establecidos premios para a virtude. A quen pense de xeito contrario, nin sequera o contan entre os homes, como quen degradou a natureza sublime da súa alma ata a vileza dun corpiño de besta, e dista moito de que o inclúan entre os cidadáns, cuxas institucións e costumes todos o traen ao pairo, se o medo llo permite. Pois quen pode dudar de que este ou vai zafar ás agochadas ou vai esforzarse en infrinxir as leis públicas da patria mentres está ao servizo particular dos seus desexos, xa que non lle queda medo ningún alén das leis e ningunha esperanza máis fóra do corpo? Polo que a quen sente así non se lle participa ningunha honra, non se lle encomenda ningunha maxistratura, non se lle pon á fronte de ningún cargo público. Así é desprezado por todas partes como se a súa natureza fose inerte e abaixada. Pero non o condenan a ningún castigo, porque están convencidos de que ninguén ten na súa man sentir o

que queira; pero tampouco o impelen baixo ningunha ameaza a que disimule o seu parecer, nin admiten apaños e mentiras, que é abraiante canto as detestan, por estaren achegadas á fraude. Non lle prohiben que dispute a prol da súa opinión, pero si diante do pobo. Xa que pola contra, entre os sacerdotes e os sisudos varóns, de portas pechadas, non só lle deixan senón que mesmo o animan, confiados en que acontecerá que finalmente esa tolemia ceda ante a razón.

Hai outros, e tampouco estes son poucos, que non están prohibidos, xa que non carecen totalmente de razón a prol deles e non son malos, quen, por un erro totalmente diferente, opinan que as ánimas dos animais son tamén eternas, pero con todo, nin comparables en dignidade ás nosas nin nacidas para unha felicidade semellante.

Certamente case todos teñen por seguro e comprobado que a felicidade dos homes será tan inconmensurable, que lamentan a enfermidade de todos, pero a morte de ninguén, agás a quen ven que se esgaza da vida ansiosamente e contra da súa vontade. E é que isto téñeno como o peor agoiro, como se a ánima, privada de esperanzas e sabedora do mal, grazas a un presaxio agochado do castigo que lle agarda, temese a saída. Ademais, coidan que de ningún xeito lle será grato a Deus a chegada dese que cando é chamado non acode de bo grao, senón que é arrastrado sen el o querer e protestando. Quen ven logo este xeito de morte horrorízanse, e levan os que así morreron tristes e en silencio, e tras pregar a Deus que sexa propicio coas súas almas de xeito que perdoe con clemencia as súas debilidades, cobren o cadáver con terra. Pola contra, os que morreron con alegría e cheos de boa esperanza, a estes ninguén os chora, senón que tras seguiren o morto con cantos, encomendando as ánimas a Deus con grande afecto, finalmente queiman os corpos con máis respecto ca dolor, e erixen unha columna no lugar na que gravan os títulos do defunto. Ao chegaren á casa, repasan os seus costumes e

feitos, e ningunha parte da súa vida é tratada máis veces ou con máis gusto có seu ledo tránsito.

Este recordo da bondade consideran por unha banda que é o máis eficaz convite ás virtudes para os vivos, e, por outra banda, pensan que é o culto que máis lles agrada aos defuntos, e opinan que estes tamén participan nos discursos verbo deles, aínda que sexan invisibles (ata tal punto é miope a visión dos mortais). Xa que nin é axeitado á sorte dos felices carecer da liberdade de ir onde queiran, e sería máis ben propio de ingratos botar fóra o desexo de visitar os amigos cos que, mentres vivían, os xunguira o mutuo amor e o afecto, o cal consideran que lles medra, como os outros bens, aos homes bos despois da morte, máis que lles mingua. Así que cren que os mortos andan entre os vivos, espectadores das súas palabras e dos seus feitos, e que por iso emprenden con máis confianza os asuntos que haxa que levar adiante, como confiados en semellantes defensores, e afástaos do segredo deshonesto a fe na presenza dos seus maiores.

Os agoiros e outras adiviñacións da vana superstición, cuxa observación é grande entre outros pobos, descóidan e búrllanse deles. Pero reverencian os milagres que chegan sen ningunha axuda da natureza, como obras e testemuñas da presenza divina. Dis que estes acontecen con frecuencia alí, e ás veces, ante os asuntos importantes e dubidosos, procúranos e acádanos con súplicas públicas e con inquebrantable fe.

Coidan que é un culto grato a Deus a contemplación da natureza e a loa que provén dela. Hainos tamén, e estes non son poucos, que levados pola relixión descoidan as letras, non se esforzan por coñecer nada das cousas, e ningún deles está entregado ao ocio: establecen que só pola actividade e polos bos oficios con respecto aos demais merecerán a felicidade tras da morte. E así uns serven aos enfermos, outros reparan camiños, purgan foxos, refán pontes, cavan herbas, area, pedras, tallan árbores e córtanas e levan ás cidades nos seus carros leña,

gran e tamén outras cousas. E non só para o público, senón que tamén para os particulares fan de auxiliares e máis ca escravos. Xa que todo aquel labor que é duro, difícil, sucio, do que á meirande parte afasta o esforzo, o fastío, a desesperación, este asúmeno eles por completo de bo grao e alegres. Procuran o ocio para os demais, e eles viven sempre entre o traballo e o esforzo, e nin o botan en cara nin insultan a vida dos outros nin se gaban da súa. Estes, canto máis se mostran como escravos, tanto máis honrados son por todos.

As súas seitas son dúas. Unha a dos célibes que non só se absteñen totalmente do sexo, senón tamén da inxestión de carnes, algún incluso de todos os seres vivos, rexeitando de vez como se fosen culpas os praceres da vida presente, en tanto aspiran á futura mediante vixilias e suores, entrementes alegres e vigorosos pola esperanza de obtela axiña. A outra, non menos desexosa de traballo, prefire o matrimonio porque non despreza os seus leceres e cren que así como deben a súa obra á natureza, tamén os fillos á patria. Non foxen de ningún pracer que non os afaste nada do traballo. Aman as carnes das bestas ou desa caste, porque cren que con tal alimento serán máis fortes para calquera labor. Os utopiáns consideran a estes máis sabios, pero a aqueles máis santos. En canto aos que antepoñen o celibato ao matrimonio e prefiren a vida dura á plácida, se se apoiasen na razón, burlaríanse deles: pero como eles confesan que son guiados pola relixión, admíranos e respéctanos. Xa que non observan nada con máis coidado ca non manifestar nada á lixeira arredor de ningunha relixión. Os que son de tal xeito chámanos, cun nome especial, na súa lingua, *buthrescas*, palabra que pode ser traducida na nosa como «relixiosos».

Teñen sacerdotes de sobranceira santidad, e por iso bastante poucos. Xa que non teñen máis ca trece en cada unha das cidades, cun número parello de templos, agás cando se vai á guerra. Xa que daquela, ao partiren sete deles co exército,

quedan outros tantos no seu posto. Pero cando regresan aqueles, cada quen recupera o seu posto; os que sobran, ata que ao morreren aqueles os sucedan por orde, entre tanto son acompañantes do pontífice, xa que hai un que se pon á fronte dos demais. Son elixidos polo pobo, e isto segundo o rito dos demais maxistrados, con voto segredo (para evitar os favoritismos): os elixidos son consagrados polo seu propio colexio.

Estes están á fronte dos asuntos divinos, preocupápanse das relixións e son como censores dos costumes: é considerado digno de grande vergoña que alguén sexa chamado e levado onda eles como se a súa vida fose pouco honorable. Pero así como animar e advertir é cousa deles, así tamén é do gobernador e dos outros maxistrados obrigar e reprender aos criminais, aínda que os sacerdotes afastan das cerimoniais sacras a quen descubren como grandes pecadores. E case non hai outro castigo que lles horrorice máis, xa que van precedidos da meirande infamia e son torturados polo segredo medo da relixión, e nin sequera os seus corpos están a salvo por moito tempo. Porque se non proban diante dos sacerdotes o seu veloz arrepentimento, son apresados e pagan ante o senado a pena de impiedade.

Os nenos e mozos reciben instrución deles, e non é considerado prioritario o coidado das letras canto o dos costumes e valores. Pois bótanlle a máis grande aplicación a insuflar opinións boas e útiles para conservar a súa república nos espíritos aínda tenros e maleables dos nenos, e cando estas asentan de todo nos rapaces, acompañanos xa sendo homes por toda a vida, e engaden unha grande utilidade para velar polo estado da república (que non se bota a perder se non é polos erros que nacen de opinións pervertidas).

As mulleres dos sacerdotes (a non ser que estes sexan mulleres: xa que non se exclúe aquel sexo, pero é máis raro e non se escolle se non é viúva ou xa maior) son as máis selectas do pobo.

Entre os utopenses, a ningún outro maxistrado se lle concede meirande honra, ata o punto de que se cometesen algún crime, non estarían sometidos a un xuízo público: son deixados só a Deus e a si propios. Xa que non consideran lícito tocar, por moi criminal que sexa, con man mortal a aquel que se dedicou a Deus dun xeito tan singular, como unha ofrenda. Este costume é tanto máis sinxelo de observar para eles canto que os sacerdotes son tan poucos e son amados con tanta veneración. Xa que nin acontece á lixeira que quen, sendo o mellor de entre os bos, foi levado a tan grande dignidade só co respecto da virtude, dexenere na corrupción e no vicio. E mesmo se xa acontecera, tal como é de mudable a natureza dos mortais, con todo, ao seren moi poucos e ao non posuíren outra potestade cá honra, non hai que temer deles nada de importancia de cara ao dano público. Por iso son tan poucos e tan pouco frecuentes, para que a dignidade da orde que agora perseguen con tanto respecto, ao partillar esa honra con moitos, no se envileza, especialmente porque consideran difícil atopar tantos homes tan bos que vaian á par da súa dignidade, para levar a cal non abonda con ser de mediocres valores.

E non é considerada meirande a estimación deles entre os seus ca incluso entre os pobos de fóra, cousa que coido que se ve clara a partir de onde naceu. Mentres as tropas loitan en combate, eles, afastados non demasiado lonxe séntanse de xeonllos vestidos coas roupas sacras; estendendo as palmas ao ceo pregan primeiro pola paz de todos, despois pola vitoria dos seus, pero que non sexa cruenta para ningunha das partes. Se vencen os seus, corren ata os combatentes e reprimen aos que fan crueldades contra os vencidos. Só telos visto e chamado por eles cando están alí, abonda para salvar a vida; o contacto cos seus vestidos flotantes afasta tamén as propiedades que lles queden de toda inxustiza de guerra. Polo cal creceu entre todos os pobos de todas partes unha tan grande veneración por eles e tanta verdadeira autoridade, que con frecuencia trouxeron

aos cidadáns utopenses tanta salvación dos inimigos como eles levaron aos inimigos. Certamente consta que algunha vez que cedía a liña dos seus ante o desesperado da situación, cando eles se daban á fuga, e os inimigos dábanse á matanza e á rapina, coa intervención dos sacerdotes interrompeuse a matanza e, separadas as tropas, fíxose e estableceuse unha paz en condicións de igualdade. Xa que nunca houbo un pobo tan salvaxe, cruel e bárbaro para quen o seu corpo non fora considerado sacrosanto e inviolable.

Celebran como festivos o día primeiro e o último de cada mes, e igualmente do ano, que dividen en meses delimitados polo percorrido da lúa, como a volta do sol redondea o ano. Chaman na lingua de seu os primeiros días *cynemernos*, e os derradeiros *trapemernos*¹⁷, palabras que soan como se se chamasen «primeiras festas» e «derradeiras festas». Os seus templos parecen espléndidos en canto non só son ben traballados, senón, cousa que era necesaria dada a grande escaseza deles, con capacidade para infinita xente. Porén, son todos eles algo escuros, pero contan que isto non se fixo por ignorancia ao edificar, senón por consello dos sacerdotes, porque coidan que unha luz excesiva dispersa os pensamentos, pero unha máis escasa e como dubidosa recolle os ánimos e estende a relixión.

Aínda que esta non é alí para todos a mesma, todas as súas formas, aínda que variadas e múltiples, van converxendo cara ao culto da natureza divina como cara un mesmo fin por camiños diferentes, por iso nada se ve ou se oe nos templos que non semelle cadrar con todas en común. Se existe algún sacrificio propio dunha determinada seita, este realízao cada quen dentro das paredes da súa casa; os públicos fanse seguindo un ritual tal que non lle quite nada a ningún dos privados. Así que non se ve ningunha imaxe de deuses no templo, para que cada quen

¹⁷ Novos compostos gregos que significan, respectivamente, «o día do can» e «o día do regreso, do cambio».

sexa libre de concibir baixo que forma querería a Deus a partir da súa relixión. Non invocan ningún nome de deus en particular, senón só Mitra, palabra coa que todos concordan de cara á única natureza da maxestade divina, calquera que aquela sexa. Non conciben pregarias que non poida pronunciar calquera sen ofender a súa seita.

Achéganse ao templo nas vésperas dos días «de derradeiras festas», aínda en xaxún, para dar grazas a Deus porque teña andado ben o ano ou o mes do que esta festa é o derradeiro día. Ao día seguinte, xa que este é «de primeiras festas», vaise de mañá aos templos para pregar polo favorable e próspero final do ano ou do mes que van agoirar a partir desa festa. Pero nos días «de derradeiras festas», antes de iren ao templo, as esposas na casa debrúzanse aos pes dos maridos, os fillos aos dos pais, e confesan que pecaron ou de obra, ou por ter asumido algún deber de xeito desleixado, e piden o perdón ao seu desvío. Así, se algunha pequena sombra de rifa doméstica se estendese, con tal reparación se despexa para que poidan participar nos sacrificios con espírito puro e sereno, xa que teñen escrúpulos a participaren con espírito atormentado. Por iso, se son conscientes de ter odio ou ira con respecto a alguén, se non é tras reconciliar e depurar os sentimentos, non se meten nos sacrificios, por medo a unha vinganza rápida e terrible.

Cando chegan alí, os homes van á parte dereita do templo, as mulleres afástanse á esquerda. Daquela colócanse de xeito que os varóns de cada casa senten diante do pai de familia, e a nai de familia peche o grupo das mulleres. Así vélese porque todos os acenos de todos fóra da casa sexan observados por estes baixo cuxa autoridade e disciplina son gobernados na casa. É máis, tamén procuran con coidado que por todas partes alí o mozo se xunte co máis vello, de xeito que non queden encomendados os nenos aos nenos e pasen con parvadas infantís ese tempo no que deberían concibir sobre todo un medo relixioso con respecto aos deuses, que é a meirande e case única invitación ás virtudes.

Non matan ningún animal nos sacrificios, nin cren que se compra no sangue e nas matanzas a clemencia de Deus, el que outorgou a vida aos seres vivos precisamente para que a vivisen. Prenden incenso e tamén outros perfumes; tamén engaden numerosas velas, non porque ignoren que estas non achegan nada á natureza divina, como tampouco as mesmas pregarías dos homes, senón porque lles gusta este xeito inocente de culto e con estes perfumes e con estas luces e tamén coas outras cerimonias, non sei como, senten que se erguen como homes e que se elevan xuntamente cun espírito máis ledo ao culto de deus.

O pobo veste no templo con vestimentas brancas: o sacerdote ponse roupas de cores, admirables polo seu ornamento e pola súa forma, de material non precioso, pois non están tecidas con ouro ou cosidas con pedras preciosas, senón que están elaboradas con diferentes penas de aves de xeito tan sabio e con tan grande arte, que o valor de ningún material podería igualar o prezo da obra. Ademais, nestas penas das aves e nas súas plumas e nas disposicións determinadas nas que están repartidas nas roupas dos sacerdotes, din que se conteñen misterios arcanos con cuxa interpretación (que se transmite escrupulosamente de sacerdote en sacerdote) se lles recordan os beneficios da divindade para con eles e, pola súa parte, a súa piedade cara a Deus e tamén o deber mutuo dos uns cos outros.

Así que o sacerdote, ataviado dese xeito, aparece na entrada, todos se debruzan á terra para veneralo, cun silencio tan fondo por todas partes que a mesma escena podería poñer terror a calquera, como ante a presenza dunha divindade. Tras quedaren un pouco na terra, a un sinal dado polo sacerdote, érguense. Daquela cantan loas a Deus que acompañan con instrumentos musicais, en grande parte de formas diferentes das que se ven no noso mundo. Así como moitos deles gañan en dozura aos que usamos nós, así algúns nin sequera son comparables aos nosos. Pero nunha única cousa sen dúbida estannos por diante cunha

longa avantaxe, en que toda a súa música, tanto a que é interpretada con instrumentos como a que se canta coa voz humana, imita de tal xeito os sentimentos naturais e os expresa, axeita de tal forma os sons ás cousas, xa sexa a oración do que chora ou sexa unha alegre, pacífica, atormentada, lúgubre, airada, de tal xeito a forma da melodía representa o sentido dunha cousa, que dun xeito admirable moldea, penetra e avanza polos espíritos dos que escoitan. Finalmente, o sacerdote canda o pobo recitan unhas oracións solemnes de palabras fixas e compostas de tal xeito que cada quen poida aplicar a si mesmo en particular o que todos recitan á vez.

Nestas oracións cada quen recoñece que Deus é o autor da creación e do goberno e de todos os outros bens. Dá grazas por tantos beneficios recibidos, pero especialmente porque grazas a un Deus favorable foi dar nesa república que é a máis próspera e porque lle tocou en sorte esa relixión que confía en que é a máis verdadeira. Neste aspecto, se en algo está errado ou se houbera outra sociedade ou relixión mellor en algo e que Deus aprobe máis, que a súa bondade lle faga orar para que el mesmo chegue a coñecelo, pois está preparado para seguilo por onde sexa conducido e levado por el. Pero se a disposición desta república é efectivamente a mellor e a súa relixión a máis correcta, daquela que lle dea a el constancia e que conduza a todos os demais mortais cara ás mesmas institucións para viviren de cara á mesma opinión con respecto a Deus, a non ser que sexa mesmo a súa inescrutable vontade que se deleite nesta diversidade de relixións.

Finalmente prega que despois de morrer con facilidade o acolla onde el, cómo de axiña ou de tarde certamente non se atreve a precisalo. Aínda que, cousa que aconteza sen ofender a súa maxestade, preferiría moito máis chegar a Deus despois de ter sufrido unha morte difícilísima, ca andar separado del durante máis tempo ao longo dun camiño da vida máis próspero. Despois de dicir esta pregaría, botados de novo á terra e

erguidos pouco despois, marchan a xantar, e o que queda do día pásano entre xogos e o exercicio da disciplina militar.

Descrivinvos do xeito máis veraz que puideron a forma desa república que eu, por certo, non só considero a mellor, senón a única que podería por dereito propio reivindicar para si o nome de república. Certamente noutros lugares, os que falan do público velan polo privado para a súa comenencia; aquí, onde non hai nada privado, toman en serio o negocio público. E abofé que con razón nun e noutro lugar. Xa que noutro lugar, qué poucos hai que ignoren que, se non miran por eles pola súa conta, por moito que a república prospere, con todo morrerán de fame, e que por iso a necesidade aguillóaos a que pensen en que teñen que ter unha ración de seu máis que do pobo, é dicir, dos outros! Pola contra aquí, onde todo é de todos, ninguén dubida (con tal de que se vele por que estean cheos os hórreos públicos) de que nada particular lle faltará a calquera. Xa que nin hai unha perversa distribución das cousas nin alí é ninguén pobre nin mendigo, e aínda que ninguén ten nada, todos son ricos.

Pois que pode ser máis rico que, borrada de raíz toda preocupación, vivir cun espírito alegre e tranquilo? Non estar inquieto polo seu sustento, non machacado pola penosa queixa da muller, non temeroso da pobreza do fillo, non ansioso pola dote da filla, senón estar seguro do sustento e da felicidade de seu e de todos os seus, muller, fillos, netos, bisnetos, tataranetos, e a longa serie de sucesores da que presumen os nobres. Algo polo que non velan menos os que, agora incapaces, outrora traballaron, cós que agora traballan.

Aquí quixera que alguén ouse comparar con esta equidade a xustiza doutros pobos, e que morra se descubro algunha pegada de xustiza e equidade neles. Que xustiza é, logo, esta pola que calquera nobre, ou ourive, ou prestamista, ou, en suma, algún outro destes que ou non fan nada en absoluto, ou o que fan é de tal caste que non é para nada necesario para a república, consegue unha vida luxosa e brillante que provén ou do ocio

ou do negocio superfluo? Cando entre tanto o albanel, o chofer, o operario, o agricultor, cun traballo tan duro e frecuente que dificilmente o soportan as bestas, tan necesario que sen el ningunha república podería durar nin un ano, gáñanse un sustento ata tal punto ruín, viven unha vida tan triste, que podería parecer moito mellor a condición das bestas, que non teñen un labor tan perpetuo nin o seu sustento é moito peor e incluso é máis doce, nin hai polo medio temor ningún polo futuro. Pero a estes o traballo estéril e infrutuoso aguillóaos no presente, e o pensamento da ancianidade pobre mátaos, porque para quen é máis escaso o gaño do día có que lle poida abondar para o propio día, fáltalle moito para que lle sobre e lle quede algo que poida ser apartado para usalo acotío na vellez.

E non é inxusta e ingrata esta república que aos nobres, como adoitan chamalos, e aos ourives e os restantes desta caste, ou ociosos ou só aduladores e creadores de praceres baleiros, prodiga tantos agasallos? Pola contra, polos agricultores, carboeiros, albaneis, condutores e operarios, sen os que non existiría ningunha república en absoluto, non vela con bondade, senón que tras abusar dos seus traballos cando están na flor da vida, cando están cargados de anos e de enfermidade, carentes de todas as cousas, sen lembrarse de tantas vixías, esquecida de tantos e tan grandes beneficios, a moi ingrata recompénsaos coa morte máis triste. E que foi do feito de que os ricos acotío van roendo algo da ración diaria dos pobres, non só a base de enganar particulares, senón grazas tamén a leis públicas? Así, o que antes semellaba inxusto, pagar de volta coa peor recompensa a quen serviron do mellor xeito á república, estes convertérono incluso de depravado en xusto, grazas á promulgación dunha lei. E así, cando miro no meu espírito e analizo todas estas repúblicas que florecen hoxe, nada máis me sae ao encontro, polo amor de Deus, ca unha conspiración de ricos que tratan dos seus privilexios baixo o nome e co título de república. Inventan e idean todos os xeitos e as artimañas coas que

aquilo que amorearon eles mesmos con malas artes, primeiro o reteñan sen temor a perdelo, despois disto compren para si ao máis baixo prezo os produtos e os traballos de todos os pobres, e abusen deles.

Pero os homes máis malvados, como partillaron entre si con avidez insaciable todas as cousas que poderían ter abondado para todos, que lonxe están, con todo, da felicidade da república dos utopenses! E desta, ao quedar suprimida, xunto co seu uso, toda avidez polos cartos, que cantidade de molestias se quitaron, que grande colleita de crimes foi arrincada de raíz! Xa que, quen ignora que os enganados, os roubos, as rapinas, as pelexas, os tumultos, os altercados, as sedicións, as matanzas, as traicións, os envelenamentos, vingados máis ca reprimidos con castigos cotiáns, morren ao tempo que se suprimen os cartos? Ademais o medo, a preocupación, os coidados, os traballos, as vixías, morrerán no mesmo intre cós cartos. Mesmo a pobreza, que é a única que semella carecer de cartos, se se suprimen por todas partes os cartos, ela mesma minguaría no acto.

Para que isto se faga máis claro, recorda algún ano estéril e infecundo no que a fame se levou a moitos miles de homes. Afirmo enerxicamente que, se na fin daquela penuria foran baleirados os hórreos dos ricos, podían ter atopado tanto gran canto, se o chegan a distribuír entre eses a quen consumiu a delgadeza e a peste, absolutamente ninguén tería sentido a ruindade do ceo e do solo. Podíase ter proporcionado tan facilmente medios de subsistencia, se aqueles santos cartos, que claramente foron inventados para abrir mediante eles o camiño ao sustento, non foran os únicos a impedir o camiño ao sustento. Senten estas cousas, non o dubido, tamén os ricos, e non ignoran canto máis proveitosa sería aquela situación de non carecer de ningunha cousa necesaria ca abondar en moitas superfluas, escapar a males tan numerosos ca vivir asediado por grandes riquezas. Nin sequera a min me acontece dubidar de que o cálculo do beneficio de cada quen, así como a autoridade

de Cristo o salvador (quen nin por mor da súa grande sabedoría puido ignorar qué sería o mellor, nin pola bondade que tiña recomendar aquilo que sabía que non era o mellor) tería arrasado facilmente a todo o mundo ás leis desta república, se non chega a loitar en contra un único monstro, príncipe e pai de todas as pestes, a soberbia.

Esta non mide a prosperidade polos seus propios beneficios, senón polas carencias alleas. Esta nin sequera queredría ser deusa, ao non quedaren ningúns pobres sobre os que poder mandar e aos que insultar, ante cuxas miserias brille a súa felicidade en comparación, con cuxas riquezas estendidas atormente e prenda lume á pobreza. Este serpente do inferno, reptando polos peitos dos mortais, como unha rémora retráeos e impídelles que accedan a unha vida mellor.

Como está tan fondamente arraigada nos homes como para poder ser erradicada facilmente, alégrome de que este xeito de república, que desexaría de boa gana para todos, cando menos lles tocase aos utopenses, que seguiron esas institucións da vida coas que botaron os alicerces da república non só do xeito máis próspero, senón tamén para durar eternamente, canto alcanza a presaxiar a conxectura humana. Así que, tras extirpar na casa, xunto cos demais vicios, as raíces da ambición e das faccións, non corre perigo ningún de sucumbir a unha discordia civil, única cousa que afundiou os recursos magnificamente asegurados de moitas cidades. Pero estando a salvo a concordia civil e gozando de saúde as institucións, non poderá o odio dos príncipes de todos os veciños (odio que con moita frecuencia xa outrora, sempre repelido, tentou iso) sacudir aquel imperio ou facelo tremer.

Cando Rafael rematou de contar estas cousas, ocorríanseme non poucas que nos costumes dese pobo e nas súas leis me parecían absurdamente instituídas, non só acerca do xeito de facer a guerra, senón tamén niso mesmo que de lonxe é o meirande fundamento de toda institución, a saber, a vida e o sustento

común sen ningún intercambio de cartos, única cousa que subverte de raíz toda nobreza, magnificencia, brillo, maxestade, verdadeiros adornos (segundo di a opinión pública) e agasallos da república. Pero con todo, xa que sabía que estaba canso de falar, e eu non tiña moi claro se el podería soportar que houbera opinións en contra da súa, especialmente porque recordaba que no seu nome foran reprendidos por el algúns porque temían que non se considerarían abondo sabios se non atopaban algo no que puidesen roer as ideas dos outros, por iso, tras loar as institucións daqueles e o seu mesmo discurso, colléndoo da man lévoo a cear, non sen antes lle dicir que habería para nós outro tempo para pensar máis fondamente arredor destas mesmas cousas e para charlar con el máis de vagar. E oxalá que isto aconteza algunha vez.

Entrementres, do mesmo xeito que non podo asentir a todo o que se dixo, foi con todo dito por un home, alén de toda discusión, do máis erudito ao tempo que experto nos asuntos humanos, de xeito que facilmente confeso que hai moitísimas cousas na república dos utopenses que desexaría, máis ca agardaría, que houbera nas nosas cidades.

FIN DO LIBRO SEGUNDO

FIN DO DISCURSO VESPERTINO DE RAFAEL HITHLODEO
ACERCA DAS LEIS E INSTITUCIÓNS DA ILLA UTOPENSE,
COÑECIDA AÍNDA POR POCOS, POR MEDIO DO
COÑECIDÍSIMO E ERUDITÍSIMO DON TOMÁS MORO,
CIDADÁN E VISCONDE DE LONDRES.

la opia el
cia. v De
ionitas inf

A marca tipográfica desta colección procede da viñeta utilizada por Gonzalo Rodríguez de la Pasera no deseño do *Missale Auriense*, un dos primeiros libros impresos en Galicia, realizado en Monterrei en 1493.

